PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 400
18 de decembro de 2018

Fascículo 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

41510 (10/PNP-003143)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e formativas dos médicos internos residentes e a súa utilización para a cobertura das necesidades estruturais do Sergas, así como a coordinación entre a atención primaria e hospitalaria 135440

41557 (10/PNP-003144)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a incorporación por parte do Goberno galego do persoal funcionario pertencente á escala de saúde pública e administración sanitaria ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional do persoal do sistema sanitario de Galicia 135445

41577 (10/PNP-003146)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co incremento que presenta a perda de auga polas fugas ou polas avarías nas infraestruturas de abastecemento en Galicia 135447

41579 (10/PNP-003147)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para a cesión ao Concello de Vilar de Barrio e para a rehabilitación como centro residencial de maiores de catro vivendas e unha parcela anexa pertencentes ao Adif, situadas no lugar de Barrán 135450

41588 (10/PNP-003148)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun proxecto de lei, consensuado coa Federación Galega de Municipios e Provincias, para regular a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto 135453

41589 (10/PNP-003149)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da atención primaria 135457

41599 (10/PNP-003150)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o impulso por parte da Xunta de Galicia de medidas e de actuacións efectivas para loitar contra o abandono indiscriminado do lixo e dos residuos 135460

41603 (10/PNP-003151)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co proxecto de ampliación da actual estación depuradora de augas residuais supramunicipal dos Praceres, en Lourizán, na ría de Pontevedra 135462

41610 (10/PNP-003152)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de lles posibilitar ás mulleres unha mellor planificación temporal da súa maternidade e a mellora da eficiencia dos servizos de reprodución asistida dos centros hospitalarios do Sergas, así como o coñecemento da información referida aos resultados acadados nos centros especializados nela 135464

41624 (10/PNP-003153)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a execución por parte do Goberno galego, logo do acordo cos profesionais que utilizan as instalacións, das melloras necesarias para dignificar a situación do peirao de Portosín, no concello de Porto do Son 135468

41643 (10/PNP-003154)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos feitos acontecidos o domingo 28 de outubro de 2018 no bosque de Ridimoas, no concello de Beade 135470

41671 (10/PNP-003155)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa promoción da autonomía persoal e coa atención ás persoas en situación de dependencia 135475

41683 (10/PNP-003156)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa etiquetaxe do mel 135478

41693 (10/PNP-003157)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de apoiar o cultivo, a comercialización e o consumo das variedades de froitas autóctonas de Galicia, especialmente de mazás 135481

41705 (10/PNP-003158)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de equiparar a duración dos contratos do persoal de reforzo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para a campaña de verán coa dos contratos do persoal fixo descontinuo 135485

41717 (10/PNP-003159)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa adaptación dos coeficientes redutores da idade de xubilación dos traballadores do mar á realidade do sector 135489

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

41509 (10/PNC-003382)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e formativas dos médicos internos residentes e a súa utilización para a cobertura das necesidades estruturais do Sergas, así como a coordinación entre a atención primaria e hospitalaria 135492

41558 (10/PNC-003383)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a incorporación por parte do Goberno galego do persoal funcionario pertencente á escala de saúde pública e administración sanitaria ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional do persoal do sistema sanitario de Galicia 135497

41576 (10/PNC-003385)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co incremento que presenta a perda de auga polas fugas ou polas avarías nas infraestruturas de abastecemento en Galicia 135499

41578 (10/PNC-003386)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para a cesión ao Concello de Vilar de Barrio e para a rehabilitación como centro residencial de maiores de catro vivendas e unha parcela anexa pertencentes ao Adif, situadas no lugar de Barrán 135502

41587 (10/PNC-003387)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun proxecto de lei, consensuado coa Federación Galega de Municipios e Provincias, para regular a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto 135505

41590 (10/PNC-003388)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política que está a seguir respecto da atención primaria, o desenvolvemento durante o ano 2019 dun plan para a súa mellora e a recuperación das súas xerencias, coa inclusión desta figura na dirección de cada estrutura organizativa de Xestión Integrada 135509

41600 (10/PNC-003389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o impulso por parte da Xunta de Galicia de medidas e de actuacións efectivas para loitar contra o abandono indiscriminado do lixo e dos residuos 135512

41604 (10/PNC-003390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co proxecto de ampliación da actual estación depuradora de augas residuais supramunicipal dos Praceres, en Lourizán, na ría de Pontevedra 135514

41611 (10/PNC-003391)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de lles posibilitar ás mulleres unha mellor planificación temporal da súa maternidade e a mellora da eficiencia dos servizos de reprodución asistida dos centros hospitalarios do Sergas, así como o coñecemento da información referida aos resultados acadados nos centros especializados nela 135516

41623 (10/PNC-003392)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a execución por parte do Goberno galego, logo do acordo cos profesionais que utilizan as instalacións, das melloras necesarias para dignificar a situación do peirao de Portosín, no concello de Porto do Son 135520

41641 (10/PNC-003393)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos feitos acontecidos o domingo 28 de outubro de 2018 no bosque de Ridimoas, no concello de Beade 135522

41653 (10/PNC-003394)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa conveniencia de implantar novas medidas de reforzo da seguridade viaria no contorno da glorieta de Beltrán, na estrada LU-862, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas obras da autovía da Mariña A-74 135527

41672 (10/PNC-003395)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa promoción da autonomía persoal e coa atención ás persoas en situación de dependencia 135529

41682 (10/PNC-003396)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa etiquetaxe do mel 135532

41692 (10/PNC-003397)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de apoiar o cultivo, a comercialización e o consumo das variedades de froitas autóctonas de Galicia, especialmente de mazás 135535

41704 (10/PNC-003398)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de equiparar a duración dos contratos do persoal de reforzo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para a campaña de verán coa dos contratos do persoal fixo descontinuo 135539

41716 (10/PNC-003399)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa adaptación dos coeficientes redutores da idade de xubilación dos traballadores do mar á realidade do sector
135543

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario
1.3.8.8. Información sobre préstamos e avais do Instituto Galego de Promoción Económica

Admisión a trámite e traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación

41629 (10/IIGA-000008)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información sobre a situación das operación de crédito e préstamo e, a información sobre os avais vixente a 30 de setembro de 2018 135546

1.4. Procedementos de información
1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

41752 (10/CPC-000087)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Defensa do Monte, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación da dirección 135553

41753 (10/CPC-000088)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación da dirección 135554

41754 (10/CPC-000089)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación da dirección 135555

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

41544 (10/INT-001388)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre a política do Goberno galego en relación coas necesidades da atención primaria 135556

41549 (10/INT-001389)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza laboral e a desigualdade salarial
135561

41559 (10/INT-001390)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a política do Goberno galego en relación co desenvolvemento da carreira profesional do persoal funcionario pertencente á escala de saúde pública e administración sanitaria 135565

41591 (10/INT-001391)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención primaria 135567

41597 (10/INT-001392)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos 135570

41601 (10/INT-001393)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co abandono indiscriminado do lixo e dos residuos
135574

41612 (10/INT-001394)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa prevención da fertilidade feminina e a reprodución asistida 135576

41673 (10/INT-001395)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política do Goberno galego en relación coa promoción da autonomía persoal e coa atención ás persoas en situación de dependencia 135580

1.4.4. Preguntas
1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno

Admisión a trámite e publicación

41546 (10/POP-004846)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María

Sobre o respecto polo Sergas, na actualidade, das condicións laborais e formativas dos médicos internos residentes conforme ao Programa Nacional da Especialidade do Ministerio de Sanidade, evitando utilizalos para a cobertura das necesidades estruturais do Sergas e reforzando orzamentariamente a Atención Primaria 135583

41560 (10/POP-004847)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as razóns do Goberno galego para non incorporar ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional do persoal do sistema sanitario de Galicia o persoal funcionario pertencente á escala de saúde pública e administración sanitaria 135588

41574 (10/POP-004848)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para xestionar de xeito responsable os recursos hídricos 135590

41585 (10/POP-004849)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación dun proxecto de lei que regule a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos 135593

41613 (10/POP-004850)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á información que posúen as mulleres galegas respecto da vida útil da súa fertilidade 135596

41622 (10/POP-004851)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa proposta de orde presentada polo Goberno central de repartición de determinadas especies de interese pesqueiro entre distintos caladoiros 135599

41645 (10/POP-004852)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da apertura dunha investigación de oficio para averiguar o acontecido o 28 de outubro de 2018 no bosque de Ridimoas, no concello de Beade 135601

41674 (10/POP-004853)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o funcionamento ao cen por cento das residencias de maiores anunciadas para as sete grandes cidades de Galicia 135605

41684 (10/POP-004854)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas e previstas respecto da praga da couza da pataca 135607

41696 (10/POP-004855)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da elaboración dun plan para impulsar e apoiar a recuperación das variedades de froitas autóctonas de Galicia, especialmente de mazás, como alternativa de cultivo e de actividade económica do medio rural 135610

41708 (10/POP-004856)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre a actuación levada a cabo polo Goberno galego co fin de equiparar a duración dos contratos do persoal de reforzo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para a campaña de verán coa dos contratos do persoal fixo descontinuo 135614

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de decembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 41510 (10/PNP-003143)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e formativas dos médicos internos residentes e a súa utilización para a cobertura das necesidades estruturais do Sergas, así como a coordinación entre a atención primaria e hospitalaria

- 41557 (10/PNP-003144)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a incorporación por parte do Goberno galego do persoal funcionario pertencente á escala de saúde pública e administración sanitaria ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional do persoal do sistema sanitario de Galicia

- 41577 (10/PNP-003146)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co incremento que presenta a perda de auga polas fugas ou polas avarías nas infraestruturas de abastecemento en Galicia

- 41579 (10/PNP-003147)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para a cesión ao Concello de Vilar de Barrio e para a rehabilitación como centro residencial de maiores de catro vivendas e unha parcela anexa pertencentes ao Adif, situadas no lugar de Barrán

- 41588 (10/PNP-003148)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun proxecto de lei, consensuado coa Federación Galega de Municipios e Provincias, para regular a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

- 41589 (10/PNP-003149)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da atención primaria

- 41599 (10/PNP-003150)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o impulso por parte da Xunta de Galicia de medidas e de actuacións efectivas para loitar contra o abandono indiscriminado do lixo e dos residuos

- 41603 (10/PNP-003151)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co proxecto de ampliación da actual estación depuradora de augas residuais supramunicipal dos Praceres, en Lourizán, na ría de Pontevedra

- 41610 (10/PNP-003152)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de lles posibilitar ás mulleres unha mellor planificación temporal da súa maternidade e a mellora da eficiencia dos servizos de reprodución asistida dos centros hospitalarios do Sergas, así como o coñecemento da información referida aos resultados acadados nos centros especializados nela

- 41624 (10/PNP-003153)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a execución por parte do Goberno galego, logo do acordo cos profesionais que utilizan as instalacións, das melloras necesarias para dignificar a situación do peirao de Portosín, no concello de Porto do Son

- 41643 (10/PNP-003154)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos feitos acontecidos o domingo 28 de outubro de 2018 no bosque de Ridimoas, no concello de Beade

- 41671 (10/PNP-003155)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa promoción da autonomía persoal e coa atención ás persoas en situación de dependencia

- 41683 (10/PNP-003156)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa etiquetaxe do mel

- 41693 (10/PNP-003157)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de apoiar o cultivo, a comercialización e o consumo das variedades de froitas autóctonas de Galicia, especialmente de mazás

- 41705 (10/PNP-003158)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de equiparar a duración dos contratos do persoal de reforzo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para a campaña de verán coa dos contratos do persoal fixo descontinuo

- 41717 (10/PNP-003159)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa adaptación dos coeficientes redutores da idade de xubilación dos traballadores do mar á realidade do sector

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 41509 (10/PNC-003382)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e formativas dos médicos internos residentes e a súa utilización para a cobertura das necesidades estruturais do Sergas, así como a coordinación entre a atención primaria e hospitalaria
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41558 (10/PNC-003383)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a incorporación por parte do Goberno galego do persoal funcionario pertencente á escala de saúde pública e administración sanitaria ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional do persoal do sistema sanitario de Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41576 (10/PNC-003385)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co incremento que presenta a perda de auga polas fugas ou polas avarías nas infraestruturas de abastecemento en Galicia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41578 (10/PNC-003386)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para a cesión ao Concello de Vilar de Barrio e para a rehabilitación como centro residencial de maiores de catro vivendas e unha parcela anexa pertencentes ao Adif, situadas no lugar de Barrán
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41587 (10/PNC-003387)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun proxecto de lei, consensuado coa Federación Galega de Municipios e Provincias, para regular a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41590 (10/PNC-003388)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política que está a seguir respecto da atención primaria, o desenvolvemento durante o ano 2019 dun plan para a súa mellora e a recuperación das súas xerencias, coa inclusión desta figura na dirección de cada estrutura organizativa de Xestión Integrada
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41600 (10/PNC-003389)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o impulso por parte da Xunta de Galicia de medidas e de actuacións efectivas para loitar contra o abandono indiscriminado do lixo e dos residuos
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41604 (10/PNC-003390)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co proxecto de ampliación da actual estación depuradora de augas residuais supramunicipal dos Praceres, en Lourizán, na ría de Pontevedra
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41611 (10/PNC-003391)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de lles posibilitar ás mulleres unha mellor planificación temporal da súa maternidade e a mellora da eficiencia dos servizos de reprodución asistida dos centros hospitalarios do Sergas, así como o coñecemento da información referida aos resultados acadados nos centros especializados nela
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41623 (10/PNC-003392)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a execución por parte do Goberno galego, logo do acordo cos profesionais que utilizan as instalacións, das melloras necesarias para dignificar a situación do peirao de Portosín, no concello de Porto do Son
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 41641 (10/PNC-003393)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos feitos acontecidos o domingo 28 de outubro de 2018 no bosque de Ridimoas, no concello de Beade
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41653 (10/PNC-003394)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa conveniencia de implantar novas medidas de reforzo da seguridade viaria no contorno da glorieta de Beltrán, na estrada LU-862, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas obras da autovía da Mariña A-74
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41672 (10/PNC-003395)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa promoción da autonomía persoal e coa atención ás persoas en situación de dependencia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41682 (10/PNC-003396)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa etiquetaxe do mel
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 41692 (10/PNC-003397)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de apoiar o cultivo, a comercialización e o consumo das variedades de froitas autóctonas de Galicia, especialmente de mazás
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 41704 (10/PNC-003398)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de equiparar a duración dos contratos do persoal de reforzo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para a campaña de verán coa dos contratos do persoal fixo descontinuo
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 41716 (10/PNC-003399)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa adaptación dos coeficientes redutores da idade de xubilación dos traballadores do mar á realidade do sector
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario
1.3.8.8. Información sobre préstamos e avais do Instituto Galego de Promoción Económica

Admisión a trámite e traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación

- 41629 (10/IIGA-000008)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información sobre a situación das operación de crédito e préstamo e, a información sobre os avais vixente a 30 de setembro de 2018

1.4. Procedementos de información
1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 41752 (10/CPC-000087)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Defensa do Monte, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación da dirección
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 41753 (10/CPC-000088)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación da dirección
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 41754 (10/CPC-000089)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación da dirección
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 41544 (10/INT-001388)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre a política do Goberno galego en relación coas necesidades da atención primaria

- 41549 (10/INT-001389)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza laboral e a desigualdade salarial

- 41559 (10/INT-001390)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a política do Goberno galego en relación co desenvolvemento da carreira profesional do persoal funcionario pertencente á escala de saúde pública e administración sanitaria

- 41591 (10/INT-001391)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención primaria

- 41597 (10/INT-001392)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos

- 41601 (10/INT-001393)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co abandono indiscriminado do lixo e dos residuos

- 41612 (10/INT-001394)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa prevención da fertilidade feminina e a reprodución asistida

- 41673 (10/INT-001395)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política do Goberno galego en relación coa promoción da autonomía persoal e coa atención ás persoas en situación de dependencia

1.4.4. Preguntas
1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 41546 (10/POP-004846)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre o respecto polo Sergas, na actualidade, das condicións laborais e formativas dos médicos internos residentes conforme ao Programa Nacional da Especialidade do Ministerio de Sanidade, evitando utilizalos para a cobertura das necesidades estruturais do Sergas e reforzando orzamentariamente a Atención Primaria

- 41560 (10/POP-004847)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as razóns do Goberno galego para non incorporar ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional do persoal do sistema sanitario de Galicia o persoal funcionario pertencente á escala de saúde pública e administración sanitaria

- 41574 (10/POP-004848)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para xestionar de xeito responsable os recursos hídricos

- 41585 (10/POP-004849)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación dun proxecto de lei que regule a participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos

- 41613 (10/POP-004850)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á información que posúen as mulleres galegas respecto da vida útil da súa fertilidade

- 41622 (10/POP-004851)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa proposta de orde presentada polo Goberno central de repartición de determinadas especies de interese pesqueiro entre distintos caladoiros

- 41645 (10/POP-004852)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da apertura dunha investigación de oficio para averiguar o acontecido o 28 de outubro de 2018 no bosque de Ridimoas, no concello de Beade

- 41674 (10/POP-004853)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o funcionamento ao cen por cento das residencias de maiores anunciadas para as sete grandes cidades de Galicia

- 41684 (10/POP-004854)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas e previstas respecto da praga da couza da pataca

- 41696 (10/POP-004855)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da elaboración dun plan para impulsar e apoiar a recuperación das variedades de froitas autóctonas de Galicia, especialmente de mazás, como alternativa de cultivo e de actividade económica do medio rural

- 41708 (10/POP-004856)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre a actuación levada a cabo polo Goberno galego co fin de equiparar a duración dos contratos do persoal de reforzo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para a campaña de verán coa dos contratos do persoal fixo descontinuo

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 10:50:08
Nº Rexistro: 41510
Data envio: 07/12/2018 10:50:08.635

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Flora Miranda Pena** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Recentemente varios médicos e médicas internas residentes de cuarto ano que se están a formar no Centro de Saúde de Redondela (Unidade docente de Vigo) foron interpelados pola responsable de docencia da unidade para realizar gardas no propio Punto de Atención Continuada de Redondela substituíndo a un médico ou médica adxunta no propio dispositivo.

A saber: a dotación habitual do PAC de Redondela por plan funcional é de dous médicos ou médicas adxuntas para a realización de cada garda. Ademais, pode haber un MIR que se atopa realizando a formación que estipula o Ministerio de Sanidade (que inclúe a realización de gardas nestes dispositivos).

A proposta da Unidade Docente consistía en que quedaría un único médico-a adxunto para a titorización, aforrando a presenza do segundo, que viría ser ocupada por un/ha MIR de cuarto ano. Entendíase que isto ocorrería de modo transitorio pola situación de incapacidade laboral dun titular e a carencia de médicos e médicas dispoñibles, mais nun comunicado feito público día 5 de decembro xa se deixa entrever a posibilidade de que isto comece a instaurarse como medida habitual (mesmo para a contribución da cobertura de ausencias programables).

CSV: REXISTRO-SnntnmyDy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 10:50:08
Nº Rexistro: 41510
Data envio: 07/12/2018 10:50:08.635

Hai escasos anos, o Ministerio estimou oportuno e necesario incrementar a formación MIR de tres a catro anos para optimizar as necesidades de formación destes profesionais. Foi, sen dúbida, unha ganancia curricular que converteu aos/ás especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria en profesionais valiosísimos para o manexo de pacientes en diversidade de recursos asistenciais, entre eles a consulta ordinaria de Atención Primaria e nos Puntos de Atención Continuada.

A inclusión deste cuarto ano foi establecida polo propio plan formativo da especialidade e obedecía a unhas necesidades que, con esta medida de que os MIR 4 se incorporen a realizar traballo dun adxunto-a se desvirtuaría. O propio ministerio non establece que o médico ou médica residente poda desenvolver legalmente labores de titular ata o remate da formación. Desde un punto de vista ético tampouco se sostén na medida en que atenta contra o dereito á formación dos propios MIR e contra a atención das persoas enfermas por persoal coa titulación esixible (ou no seu defecto cunha titorización efectiva). Resulta especialmente preocupante que a proposta sexa canalizada a través da propia Unidade Docente, que debería velar polo interese superior da formación en óptimas condicións.

A formación propia dun-ha residente de cuarto ano pode capacitalo-a para unha ampla abordaxe de situacións asistenciais e a responsabilidade asumida durante o período formativo é gradual, mais sempre deberá ser titorizada. Isto significa que un MIR NUNCA DEBE QUEDAR SÓ en ausencia dunha supervisión responsable.

Nun dispositivo asistencial onde o plan funcional establece necesaria a presenza de dous efectivos médicos enténdese que a demanda é considerable e suficiente

CSV: REXISTRO-SnntnmyDy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 10:50:08
Nº Rexistro: 41510
Data envio: 07/12/2018 10:50:08.635

para manter esas dúas figuras. Isto implica, en ocasións, a necesidade de asistir urxencias vitais ou saídas a domicilio con certa prioridade.

En caso de que o médico ou médica titular abandonen o dispositivo para esa asistencia fóra, o MIR debería facelo igualmente por dous motivos: porque non pode quedar só/soa e porque a súa presenza no PAC atende tamén a motivos docentes: ou sexa, para aprender de todas as situacións. Nese contexto, o PAC quedaría desatendido, supoñendo unha exposición innecesaria para as persoas enfermas. (Lembramos as funestas consecuencias que este factor xa tivo na morte dun paciente na Estrada o pasado verán).

Outros factores agravantes desta situación é que se habilita unha vía para utilizar aos MIR como man de obra barata, na medida en que estas gardas serían remuneradas a "prezo MIR". Por outra banda, o feito de que recentemente se tiveran solicitado os calendarios de gardas dos R4 con antelación (e o propio contido do comunicado) pode facer sospeitar que a utilización como recurso asistencial destes médicos e médicas en formación vai ser habitual, desvirtuando, como sostiñamos, o propio sentido da formación MIR.

A situación de déficit estrutural de efectivos médicos da atención primaria, tanto de pediatría (en maior medida) como de medicina de familia (con maior gravidade na área de Vigo), é consecuencia do abandono do investimento neste nivel asistencial sostido ao longo dos últimos anos, como se pode visualizar nos orzamentos da Xunta.

Pero ademais alude a unha mala programación e a unha perda de perspectiva sobre a importancia deste ámbito asistencial, recoñecido en todos os informes de xestión sanitaria como o máis eficiente, accesible e resolutivo para a saúde das

CSV: REXISTRO-SnntnmyDy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 10:50:08
Nº Rexistro: 41510
Data envio: 07/12/2018 10:50:08.635

persoas, sen esquecer que é o que máis benestar e confianza suscita (como se aprecia nas sucesivas enquisas á poboación xeral).

Finalmente cómpre facer unha chamada de atención sobre a promoción da precariedade laboral por parte do SERGAS, mesmo antes da incorporación formal ao mercado laboral. A ausencia de programación das necesidades e a sobrecarga asistencial inducen que, ao non poder facerse prevención e promoción da saúde se derive cara a un asistencialismo insostible a medio prazo.

Proponse como alternativa unha dinámica de coidado ás profesionais como elemento máis valioso do sistema con contratos dignos para a súa permanencia. Esta sería a única garantía da súa sostenibilidade cos niveis de calidade asistencial que están a administrar.

En definitiva, ganaría a saúde das persoas e a dignidade das profesionais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

-Respecte as condicións laborais e formativas dos e das médicas internas residentes conforme ao Programa Nacional da Especialidade do Ministerio de Sanidade.
-Non utilice ás e ós médicos internos residentes para a cobertura das necesidades estruturais do SERGAS.
-Non fomente a precariedade laboral e combata con recursos a saturación asistencial, que redunda en malestar para profesionais e pode inducir, por esgotamento, nun déficit de atención para as persoas enfermas.

CSV: REXISTRO-SnntnmyDy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 10:50:08
Nº Rexistro: 41510
Data envio: 07/12/2018 10:50:08.635

GRUPO PARLAMENTAR en marea

-Recoñeza a valía das profesionais sanitarias e o seu protagonismo no sostemento do sistema sanitario, malia a diminución orzamentaria.

-Programe as necesidades da atención primaria (consultas e PACs) e dote orzamentariamente dos recursos suficientes para a súa sostenibilidade digna a curto, medio e longo prazo, dada a súa relevancia na atención sanitaria ás persoas enfermas, ademais do seu valor na prevención e na promoción da saúde.

-Estableza mecanismos de coordinación eficiente entre a primaria e o hospital, sen relación de subordinación da primeira respecto ao segundo, dada a súa centralidade na atención sanitaria.

-Considere, sempre, que detrás dos recortes están as persoas.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 07/12/2018 10:46:42

Luis Villares Naveira na data 07/12/2018 10:47:05

CSV: REXISTRO-SnntnmyDy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 11:17:06
Nº Rexistro: 41557
Data envio: 10/12/2018 11:17:06.849

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A Consellería de Sanidade retomou neste 2018 a necesidade de implantar a carreira profesional para o persoal do Sistema sanitario galego, despois de ter paralizado en 2010 esta demanda durante anos ao igual que os acordos xerais cos traballadores aos que chegaron os seus representantes co goberno da Xunta de Galicia no ano 2008, presidido por Emilio Pérez Touriño.

Non entanto, esta aplicación da carreira profesional ten aínda diversas eivas que non son superadas polos acordos chegados. Entre eles, no que afecta ao persoal funcionario sanitario pertencentes á escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria, cabe mencionar que este colectivo non foi incluído no acordo para o desenvolvemento da súa carreira profesional.

Os e as profesionais deste ámbito teñen reivindicado a súa incorporación a este proceso, e diversas melloras respectivas ao seu campo de traballo, máis non son atendidas pola Consellería de Sanidade.

CSV: REXISTRO-IpoHQtcGR-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 11:17:06
Nº Rexistro: 41557
Data envio: 10/12/2018 11:17:06.849

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición no de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional ao persoal sanitario funcionario pertencente á escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/12/2018 11:14:36

Noela Blanco Rodríguez na data 10/12/2018 11:14:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/12/2018 11:14:50

CSV: REXISTRO-IpoHQtcGR-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:37:47
Nº Rexistro: 41577
Data envio: 10/12/2018 13:37:47.982

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Galicia afronta un serio problema coa auga. Consume máis que o resto do Estado -138 litros ao día, dous máis que a media do territorio español– e perde unha cantidade maior. Dos 258,6 millóns de metros cúbicos de auga que se distribuíron no ano 2016, extraviáronse 70,77 por fugas ou avarías, unha cantidade que equivale á necesaria para abastecer durante un mes a tódolos fogares de Cataluña e Madrid, ou durante un ano aos habitantes de Estremadura, segundo os datos do último informe do Instituto Nacional de Estatística sobre o subministro e o saneamento da auga. Isto supón que Galicia perde o 27,3% da auga, unha porcentaxe que supera en case dous puntos a media actual do Estado e en once puntos a que tiña a propia comunidade fai dous anos.

A pésima xestión da auga en Galicia reviste especial gravidade nun momento como o actual, no que as secas se converteron nunha ameaza recorrente. A seca que padecemos o ano pasado non foi un fenómeno puntual e extraordinario, senón o síntoma dun cambio climático que se está a producir en todo o planeta. Nesta liña manifestouse o Consello Económico e Social, que no seu recente informe de 2017 “insta a impulsar plans que melloren a xestión e o uso da auga, clarifiquen competencias e ordenen as competencias administrativas no uso deste ben público”.

CSV: REXISTRO-t1n76V8h8-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:37:47
Nº Rexistro: 41577
Data envio: 10/12/2018 13:37:47.982

Augas de Galicia tería que tomar a iniciativa nesta cuestión, xa que é o ente público ao que lle corresponde garantir a utilización sustentable e racional da auga; garantir a eficacia na prestación de servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración; e reducir a contaminación causada polas verteduras; etcétera. Porén, a xulgar polos datos que temos sobre a mesa, é obvio que non está facendo correctamente o seu traballo.

A falta de auga ten efectos funestos tanto a curto como a longo prazo, xa que, entre outras cousas, prexudica enormemente ao sector primario, que tanto peso ten no conxunto do tecido produtivo galego. Así, a xestión dos recursos hídricos tería que ser unha das prioridades do Goberno galego, non só por razóns de urxencia medioambiental, senón tamén por motivos económicos.

Polo anterior, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a investigar as causas que produciron o incremento significativo da perda de auga e poñer en marcha un plan específico de redución de fugas de auga nas infraestruturas de abastecemento.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-t1n76V8h8-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:37:47
Nº Rexistro: 41577
Data envio: 10/12/2018 13:37:47.982

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Marcos Cal Ogando na data 10/12/2018 13:31:35

Antón Sánchez García na data 10/12/2018 13:31:42

CSV: REXISTRO-t1n76V8h8-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:38:34
Nº Rexistro: 41579
Data envio: 10/12/2018 13:38:34.131

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos.

A veciñanza de Borrán, no concello de Vilar do Barrio, C.P. 32702, Ourense, solicitou de xeito informal a ADIF (Administrador de Infraestruturas Ferroviarias) a cesión de 4 vivendas de planta baixa, con referencia catastral 000600100PG16H0001JR, con capacidade de 12 habitacións en total, abandonadas e sitas no mesmo lugar de Borrán nº 1, no polígono 23 parcela 389 na estrada OU-113, estrada de Vilar de Barrio e no punto quilométrico 38 da mesma, encadradas na parcela rústica con referencia 32090A023003890000HQ tamén de titularidade de Adif.

A titularidade das vivendas e da parcela, corresponde a ADIF, con NIF Q2801660H, con domicilio fiscal na Rúa/ Hedra nº 9, Estación de Chamartín, CP 28036 de Madrid, e que a súa vez depende do Ministerio de Fomento.

Hoxe están en estado de abandono, porén a parcela na que se encadran permitiría realizar adaptacións para satisfacer ás necesidades de mobilidade reducida e de discapacidade, así como de ampla zona verde para ocio das persoas residentes no futuro centro de maiores ao que se destinarían. Ademais contan co factor de proximidade ao centro de Saúde e aos servicios principais do Concello.

Estas vivendas destinaríanse a residencia de maiores, un equipamento que incrementaría o dispoñible para o Concello de Vilar de Barrio, que conta na actualidade cunha residencia de maiores e un centro de día con 28 prazas, e sería

CSV: REXISTRO-KkTC66oTN-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:38:34
Nº Rexistro: 41579
Data envio: 10/12/2018 13:38:34.131

unha forma de compensación polos danos ambientais sufridos coas obras do AVE.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento co fin de:

1.- Ceder as 4 vivendas e a parcela anexa, sitas no Lugar de Barrán, ao Concello de Vilar de Barrio en Ourense.

2.- Axudar á rehabilitación como centro residencial de maiores, mediante a creación dunha partida específica, das 4 vivendas.

3.- Executar as obras necesarias de xeito cooperativo e interadministracións, no ámbito das súas competencias entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Vilar de Barrio.

4.- Aproveitar a parcela como zona de ocio/zona verde tanto para as persoas residentes no futuro centro como espazo de interacción coa xente da vila.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-KkTC66oTN-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:38:34
Nº Rexistro: 41579
Data envio: 10/12/2018 13:38:34.131

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 10/12/2018 13:34:28

Paula Vázquez Verao na data 10/12/2018 13:34:39

Luis Villares Naveira na data 10/12/2018 13:34:43

CSV: REXISTRO-KkTC66oTN-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:48:39
Nº Rexistro: 41588
Data envio: 10/12/2018 16:48:39.825

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, e do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: "*Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira*."

E no artigo 105.1 establece: *"de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais."*

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

CSV: REXISTRO-tYjXcuVNc-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:48:39
Nº Rexistro: 41588
Data envio: 10/12/2018 16:48:39.825

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado "Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais", documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes

2. Introdución

3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

3.1. Financiamento local.

3.1.3.Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.

3.1.4.Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado nesta lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando O Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

CSV: REXISTRO-tYjXcuVNc-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:48:39
Nº Rexistro: 41588
Data envio: 10/12/2018 16:48:39.825

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Enviar ao Parlamento un proxecto de lei, consensuado coa Fegamp, para regular a participación no financiamento dos concellos galegos por parte da Xunta de Galicia.

2º) Incrementar substancialmente as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, integrándoas no Fondo de Cooperación Local, e distribuíndoas con criterios de carácter obxectivo pactados coa Fegamp.

3º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran todos os concellos en igualdade de oportunidades

4º) Establecer un acordo para que o canon da auga se reparta con criterios obxectivos e se traslade unha parte da súa execución ás entidades locais, de xeito que poidan recibir como transferencias de capital unha porcentaxe significativa das recadacións que se levan en cada concello.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/12/2018 16:44:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/12/2018 16:45:06

CSV: REXISTRO-tYjXcuVNc-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/12/2018 16:45:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/12/2018 16:45:25

CSV: REXISTRO-tYjXcuVNc-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:54:59
Nº Rexistro: 41589
Data envio: 10/12/2018 16:54:59.860

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A Atención Primaria é un elemento central no bo funcionamento dun sistema sanitario, pola súa capacidade resolutiva e pola repercusión que sobre todo o sistema ten o que ocorre nos centros de atención primaria. A optimización do seu rendemento produce maior liberación de traballo dos centros hospitalarios. Por un lado pola resolución de problemas en primeira instancia que, de non ser afrontados, agrávanse ata provocar ingresos e tratamentos máis complexos. Tamén un bo funcionamento da atención primaria xera menores frecuentacións dos e das pacientes ás urxencias hospitalarias, sensibles á acumulación de casos.

De maneira reiterada colectivos profesionais, sindicatos, persoas usuarias e persoal do Sergas vén denunciando durante os últimos tempos a perda progresiva de recursos materiais e humanos que dificultan, cada vez máis, a posibilidade de ofrecer un servicio de calidade á cidadanía. A política de recursos humanos da Consellería de Sanidade está desequilibrando a capacidade asistencial dos centros, non substituíndo os e as profesionais e agrupando servicios e atención nos centros de atención primaria das cabeceiras de comarca, co obxectivo de recortar o gasto a pesares das consecuencias na calidade de asistencia. Esta apenas nula cobertura de médicos/as de familia e pediatras vén provocando incerteza e inquedanza na poboación, que comproba como está perdendo servizos de maneira progresiva. Só na comparativa dos orzamentos presentados pola propia Xunta de Galicia recóllese que o número de profesionais en Atención Primaria previsto para 2018 era de 8419, mentres que para 2019 reducíase en 58 efectivos ata quedar en 8361.

No que corresponde aos recursos materiais, a capacidade de atención primaria vén estando recortada tamén polas minguantes partidas destinadas a atención primaria, en favor doutros investimentos inconcretos e ás veces non de todo xustificados noutros eidos da consellería.

CSV: REXISTRO-3Q1sQ971m-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:54:59
Nº Rexistro: 41589
Data envío: 10/12/2018 16:54:59.860

No Plan funcional, mentres se recortan materiais e persoal os e as profesionais vén acumuladas as súas tarefas administrativas e de coordinación, pero non aumentan as súas oportunidades de aplicación profesional nun posible aumento do catálogo de probas diagnósticas que poden determinar, ou co intento de limitar a prescrición da enfermería que mantiveron os gobernos do PP dificultando o funcionamento cotiá e real dos servizos.

Por varios destes motivos sinalados e por outras cuestións específicas, vénse de coñecer a renuncia conxunta á xefatura de servizo de numerosos profesionais da área sanitaria de Vigo, que denuncian así a inacción e oídos xordos da consellería ante as súas demandas. Esta dimisión en bloque pon en entredito de maneira definitiva a capacidade da consellería de resolver os problemas xurdidos cos profesionais, como xa ocorrera co intento de aplicación da figura do pediatra de área.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición no de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reformular a súa política referida á atención primaria e desenvolver durante o ano 2019 un plan de mellora de primaria que contemple:

   a) Realizar un plan de contratación de profesionais de atención primaria que permita ampliar o volume de persoal e así evitar o peche de centros e a concentración de servizos, así como cubrir con garantías as baixas e vacacións sen que iso supoña unha saturación do sistema e unha perda de calidade asistencial.

   b) Establecer un programa de reforma de centros de saúde e construción de novos, que permita ampliar e mellorar a rede de centros, en base a un informe de necesidades tendo en conta tanto o tamaño e tipo da poboación a atender como criterios estratéxicos de afixación demográfica.

   c) Realizar unha avaliación de necesidades de recursos materias, atendendo ás demandas dos xefes de servicio e traballadores de atención primaria, comprometéndose a dotar de orzamento ás partidas necesarias para cubrir estas necesidades.

CSV: REXISTRO-3Q1sQ971m-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:54:59
Nº Rexistro: 41589
Data envio: 10/12/2018 16:54:59.860

2. Retomar as xerencias de atención primaria e incluír esta figura na Dirección de cada EOXI, dotándoa de autonomía e orzamento para promover a mellora da atención primaria, nun prazo máximo de seis meses.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/12/2018 16:45:18

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/12/2018 16:45:24

Noela Blanco Rodríguez na data 10/12/2018 16:45:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/12/2018 16:45:34

CSV: REXISTRO-3Q1sQ971m-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:37:18
Nº Rexistro: 41599
Data envio: 10/12/2018 17:37:18.473

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

En moitos lugares de Galicia estanse a dar unha serie de acontecementos que inciden negativamente nas condicións medioambientais da Comunidade Autónoma e ante os que cómpre establecer medidas para evitar calquera actuación lesiva. Un deses acontecementos son os vertedoiros ilegais que, a pesares do elevado investimento (de tempo e de cartos públicos na limpeza e/ou na clausura), seguen a afectar a moitos lugares con verteduras de todo tipo, segundo denuncia a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN).

Di esta entidade que persoas e empresas sen escrúpulos non xestionan conforme á lexislación os residuos que xeran, depositando calquera cousa, de calquera xeito, en calquera sitio da nosa xeografía. Así, atópanse verteduras de residuos de construción e demolición, amianto, enxoval doméstico, supostos tecnosolos, pneumáticos ou lodos de depuradoras. E non é preciso explicar os impactos directos e indirectos, a curto e a longo prazo, sobre a paisaxe, o medio natural e a saúde das persoas. Nestes días, un alto cargo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil cualificaba, con moita razón, estes vertedoiros ilegais como "parcelas de sacrificio".

O Grupo Parlamentario Socialista entende que a loita contra o abandono indiscriminado de lixo e residuos débese facer a través de políticas proporcionadas e efectivas que potencien a prevención e a sensibilización e combatan os comportamentos incívicos, como a proposta da SGHN sobre a instalación obrigatoria dun xeolocalizador GPS en todos os vehículos autorizados para transporte de residuos.

CSV: REXISTRO-I8v5c8zjk-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:37:18
Nº Rexistro: 41599
Data envio: 10/12/2018 17:37:18.473

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar medidas e accións efectivas para loitar contra o abandono indiscriminado de lixo e residuos, que potencien a prevención e a sensibilización e combatan os comportamentos incívicos, tales como a instalación obrigatoria dun xeolocalizador GPS en todos os vehículos autorizados para transporte de residuos.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/12/2018 17:34:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/12/2018 17:34:30

María Luisa Pierres López na data 10/12/2018 17:34:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/12/2018 17:36:35

CSV: REXISTRO-I8v5c8zjk-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:52:47
Nº Rexistro: 41603
Data envio: 10/12/2018 17:52:47.481

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

En Lourizán (Pontevedra), a planta depuradora supramunicipal de Os Praceres está xestionada directamente por Augas de Galicia. Esta EDAR encárgase do tratamento das augas residuais urbanas da capital da provincia, xunto coas de Marín e parte dos municipios de Poio, Sanxenxo, Vilaboa e Ponte Caldelas.

Como consecuencia, a ría de Pontevedra vén soportando un tratamento de augas residuais excesivo, ademais de padecer unha deficiente depuración ao non estar rematadas as redes de colectores nin as estacións de tratamento previstas: declaración de especial sensibilidade da ría, varios pósitos declarados zona C e procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración pola UE, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu.

No mes de xuño anterior ás últimas eleccións autonómicas, a ex conselleira de Medio Ambiente e o conselleiro delegado de Ence (en presenza do vicepresidente da Xunta) firmaban un "pacto ambiental" que comprometía á pasteira a investir 193,6 millóns de euros nos seguintes 4 anos, incluída a mellora da EDAR, ampliada e modernizada a través dun convenio propio que se ía firmar. Xa neste ano 2018, no mes de maio o ex director de Augas de Galicia dáballe a coñecer á Comisión de seguimento do Plan de saneamento local da ría de Pontevedra o proxecto de ampliación da EDAR, con dobre de capacidade e ocupación do dobre de espazo nos terreos contiguos á actual e no mes de setembro, nunha nova reunión, as conselleiras de Medio Ambiente e do Mar presentaron as conclusións do estudo de alternativas para a ampliación. Finalmente, o día 26 dese mesmo mes, o director de Augas de Galicia e o delegado da Xunta de Galicia en Pontevedra comunicaron a intención de triplicar a dita instalación.

O rexeito veciñal e da Corporación municipal de Pontevedra (unanimemente) é claro e rotundo, tanto que a actual conselleira de Infraestruturas fala agora de obras de mellora da estación depuradora e xa non de ampliación. Quizais porque no Ministerio de Transición Ecolóxica nada semellan saber de ningunha solicitude de ampliación da ocupación por parte da Xunta de Galicia.

CSV: REXISTRO-g2G9bPM2v-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:52:47
Nº Rexistro: 41603
Data envio: 10/12/2018 17:52:47.481

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1. O Parlamento galego insta, con relación á planta depuradora supramunicipal de Os Praceres (Lourizán-Pontevedra), a Xunta de Galicia a:

    a) Desbotar o proxecto de ampliación da actual EDAR, excluíndoo do Plan de saneamento local da ría de Pontevedra.

    b) Adecuar o proxecto de mellora da dita EDAR á normativa da UE, dentro do perímetro da actual concesión.

2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado, a non autorizar a ocupación de terreos necesarios para a ampliación da EDAR.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/12/2018 17:50:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/12/2018 17:51:16

María Luisa Pierres López na data 10/12/2018 17:51:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/12/2018 17:51:26

CSV: REXISTRO-g2G9bPM2v-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 09:57:01
Nº Rexistro: 41610
Data envio: 11/12/2018 09:57:01.982

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Varias son as cuestións que levan a moitas mulleres a retrasar a súa maternidade. Os motivos laborais solen ser os máis habituais, pois a muller en idade fértil tamén se atopa na súa etapa máis produtiva laboralmente, e pode querer encontrar estabilidade laboral ou promocionarse antes de ter fillos. Tamén se teñen alegado motivos máis persoais, como o desexo de atopar unha parella coa que ter fillos e formar unha familia.

A opción entre carreira profesional e maternidade non debería ser un dilema, senón que se deberían tomar as medidas necesarias para permitir ás mulleres que así o desexan, decidir cando van a ser nais, sen que isto paralice a súa carreira profesional.

O retraso da idade de xestación non fai máis que postergar a xestación e pospón os problemas de conciliación que supón a maternidade. Os conflitos relacionados coa maternidade que non se tiveron antes se terán despois. Se a idades temperás podería existir unha incompatibilidade entre a maternidade e o traballo nunha empresa competitiva, a mesma incompatibilidade se producirá en idades maduras nas que as persoas acceden a postos de dirección e dos que se poderá excluír ás mulleres que deciden, entón si, ter fillos. O problema que para a empresa supón perder temporalmente a unha moza traballadora (mentres está de baixa por maternidade) se incrementará porque perderá a unha muller madura, en postos máis elevados, salvo que decida, simplemente, non promocionala.

Todo isto non fai máis que reflectir as dificultades reais coas que se atopan as mulleres e non os homes que queren ter unha carreira profesional á vez que queren formar unha familia. A conxelación de óvulos é unha solución que podería beneficiar ás empresas na captación de novos talentos, pero non ás mulleres. As decisións que alienen ás mulleres, ó longo, non benefician a ninguén.

CSV: REXISTRO-pihLwxTOW-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 09:57:01
Nº Rexistro: 41610
Data envio: 11/12/2018 09:57:01.982

Nunha comunidade con serios problemas de perda de poboación e envellecemento da mesma, é necesario traballar para atopar medidas que fomenten a protección da maternidade e a conciliación da vida familiar e laboral.

E máis alá das políticas de conciliación, é preciso desmontar a perigosa idea de moitas compañías, medios de comunicación e clínicas privadas dedicadas a facilitar a fecundación das mulleres, de que a fecundidade das mulleres pode prolongarse no tempo.

Lembremos que España é país líder mundial en técnicas de reprodución asistida, e o país europeo con máis centros, nun número de 383 tanto públicos como privados. Mentres na cidade de Oslo hai dous anos había só dous centros, en Madrid se contaba xa con 48, unha comparativa que é ben significativa.

Prolongación que nun índice altísimo precisa de axuda clínica, que en ningún caso, senón ten unha patoloxía demostrada para a súa infertilidade, será facilitada desde a sanidade pública, e cunha idade límite dos 40 anos. Polo tanto un privilexio que corresponde só a aquelas persoas con capacidade económica para poder afrontar procesos que chegan a ser de miles de euros e levando incluso a petición de préstamos persoais para poder afrontar os custos.

No ano 2015, último ano do que se teñen datos do "Rexistro Nacional de Actividade 2015-Rexistro SEF" do propio "Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade", foron 2093 ciclos por inseminación artificial (entre parellas e con donante) e 3721 os ciclos por fecundación in vitro ós que se someteron as galegas, e segundo os datos facilitados por 12 centros (2 públicos e 8 privados) dos 15 presentes na nosa comunidade.

Un 70 % dos ciclos son en mulleres de máis de 35 anos e un 18,5 % de maiores de 40 anos.

Un 18 % dos ciclos por FIV finalizan con éxito en partos. Isto é se estima en 670 bebés nados por FIV en Galicia, segundo os datos aportados polo 88% dos centros. Un 10% dos ciclos por IAC e IAD rematan en partos, isto é uns 210 bebés nados.

Entre ámbalas dúas, aproximadamente uns 880 partos con éxito, pero que en total significa que só unha media dun 14 % dos ciclos ós que se someten as mulleres rematan en éxito, porcentaxe que se reduce significativamente segundo a idade das nais xestantes.

CSV: REXISTRO-pihLwxTOW-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por iso desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso desmontar o mito de que a día de hoxe unha muller pode ser nai case a calquera idade. Algo que xoga perigosamente coas expectativas das parellas e mulleres que deciden retrasar a súa maternidade no tempo, ata atopar un momento mellor. Só a información ben recibida pode facilitar unha boa toma de decisións. I é imprescindible que as mulleres e unidades familiares de Galicia se sintan ben informadas para poder decidir, de ser o seu desexo, como e cando queren exercer a súa maternidade e paternidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Xerar unha campaña de información, dirixida principalmente ás mulleres, e que incida na prevención da fertilidade e permita unha mellor planificación da súa maternidade no tempo.
2. Impulsar medidas para a mellora nos tempos das listas de agarda dos servizos de reprodución asistida, nos centros hospitalarios dependentes do Sergas, dotándoos de máis persoal e medios para poder garantir a maior eficiencia dos mesmos.
3. Levar a cabo unha estatística dos resultados acadados nos centros especializados en reprodución asistida, tanto públicos como privados da nosa comunidade autónoma, co fin de coñecer entre outros, datos como o número total de usuarias das mesmas, idades de acceso ós tratamentos, idades de embarazo efectivo, taxas de éxito en cada un dos procedementos, ou número de usuarias que acoden a máis dun centro.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-pihLwxTOW-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 11/12/2018 09:52:12

María Dolores Toja Suárez na data 11/12/2018 09:52:19

Julio Torrado Quintela na data 11/12/2018 09:52:24

Noela Blanco Rodríguez na data 11/12/2018 09:52:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/12/2018 09:52:39

CSV: REXISTRO-pihLwxTOW-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:22:45
Nº Rexistro: 41624
Data envio: 11/12/2018 11:22:45.183

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos:

A deplorable situación na que se atopa o peirao de Portosín, fai imprescindible unha actuación de Portos de Galicia que permita dignificar este porto e traballo dos profesionais do mar que o utilizan.

Portosín, unha cidade con enorme importancia no relativo a pesca de baixura en Galicia, esta sendo hoxe esquecida polos responsables públicos que deberían velar polo correcto mantemento das súas instalacións portuarias.

O propio patrón maior de Portosín cualifica a situación de "desamparo" e "deixadez" por parte da administración autonómica e anima á responsable da consellería a solucionar os problemas que presenta a instalación portuaria.

Algúns dos problemas que precisan actuación inmediata son, o arranxo da pavimentación interior do porto, a mellora e incremento dos espazos para as redeiras, o arranxo dos desperfectos dos edificios do porto e a creación dun espazo dedicado á recollida de refugallos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presente a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

CSV: REXISTRO-2BRDZeaTG-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:22:45
Nº Rexistro: 41624
Data envio: 11/12/2018 11:22:45.183

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a realizar de inmediato as melloras necesarias para dignificar a situación do peirao de Portosín, logo de acordar as mesmas cos profesionais que utilizan a instalación.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 11/12/2018 11:21:42

Paula Quinteiro Araújo na data 11/12/2018 11:21:49

Luis Villares Naveira na data 11/12/2018 11:21:56

CSV: REXISTRO-2BRDZeaTG-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:08:53
Nº Rexistro: 41643
Data envio: 11/12/2018 17:08:53.329

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para ao seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos:

O bosque Ridimoas, en Beade (Ourense) é un espazo protexido cunha superficie boscosa de máis de 400 hectáreas, de gran valor biolóxico, científico e educativo, no que residen especies en perigo de extinción e se realizan traballos de erradicación de flora alóctona, como mimosas e eucaliptos, repoñendo con vexetación autóctona á vez que se mellora a capacidade de carga de hábitats coma os acuáticos, os lugares de alimentación de fauna silvestre e prevención de incendios forestais, sendo o espazo forestal que máis mellorou a súa calidade biolóxica nos últimos 30 anos.

En 1988 a actividade extraescolar Aula Verde da Universidade Laboral de Ourense, constitúese en asociación cultural ecolóxica e comeza a mercar parcelas na paraxe de Ridimoas (Río de Moas) e adopta ese nome, acadando varios premios nacionais e autonómicos, como o premio Bandeira Verde, así como o recoñecemento da UNESCO como a mellor estratexia de conservación dun bosque no programa "Hay un mundo que construír".

Ata o ano 2008 o bosque funciona como **vedado de caza** e, desde ese ano, as parcelas adquiridas acadan a **consideración de Refuxio de Fauna**, por segregación das parcelas segregadas do TECOR (Terreo Cinexeticamente Ordenado) Corneira de Avia OU-10.202, conforme á lei 4/97.

CSV: REXISTRO-hOthS2NZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:08:53
Nº Rexistro: 41643
Data envio: 11/12/2018 17:08:53.329

Desde 2008, a superficie do bosque segregado foi en aumento a medida que o catastro ía inscribindo a nome da asociación as novas parcelas que se ían mercando, sempre coa consideración de Refuxio de Fauna. Esta estratexia de proceder foi innovadora en Galicia e outras asociacións seguiron o exemplo.

No último comunicado da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, expediente 12/2017, correspondente á segregación de algo máis de dez hectáreas, desaparece a consideración de Refuxio de Fauna, e **as novas parcelas segregadas pasan a ter a consideración de "zona de exclusión de caza" conforme á lei de caza 13/2013**; e agora os terreos segregados teñen que ser sinalizados pola propia asociación, segundo o regulamento dos terreos cinexéticos. Esta relaxación da protección foi propiciada pola presión dos cazadores sobre a Consellería de Medio Ambiente.

Na actualidade a asociación Ridimoas coida unha superficie forestal continua dunhas 400 hectáreas, xestionando tanto as parcelas propias como as colindantes. Todo o traballo realizado susténtase na achega da cota anual de máis de mil afiliados, doazóns privadas e en donativos por visitas ao bosque de colexios, familias e outros, podendo ver distintas especies da fauna silvestre no seu hábitat específico.

O domingo 28 de outubro, un numeroso grupo de cazadores, pertencentes ao TECOR Corneira de Avia OU-10.202, entraron neste espazo protexido propiedade da asociación, armados e con cans, mataron numerosas especies animais, introduciron os seus vehículos polo bosque e deixaron o monte cheo de cartuchos de balas, coa contaminación por chumbo que iso ocasiona, e impedindo realizar visitas ao bosque.

Os cazadores entraron en Ridimoas derribando os carteis que indicaban que se atopaban nunha zona de exclusión de caza e organizáronse para repartirse polo

CSV: REXISTRO-hOthS2NZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:08:53
Nº Rexistro: 41643
Data envio: 11/12/2018 17:08:53.329

espazo e vixiar, demostrando con todas estas condutas que sabían que alí non se podía cazar.

Ademais, tódolos días de caza, arredor deste bosque, os cazadores dan tiros polas zonas limítrofes, en viñedos, e ao lado das casas dos veciños de Beade, causando moito medo e inseguridade na veciñanza; tamén soltan e introducen aos cans no bosque Ridimoas para provocar que a fauna fuxa e abandone o espazo protexido e, en numerosas ocasións, eles mesmos realizan incursións dentro do bosque, obrigando a esta asociación a un sobre esforzo en vixilancia.

Estes feitos son moi graves, xa que Ridimoas é o único espazo forestal do Ribeiro onde sobreviven especies en perigo de extinción, e sen embargo, está totalmente ignorado pola Consellería de Medio Ambiente e a de Medio Rural, facendo cada vez máis difícil o labor da asociación.

Non podemos consentir que estas situacións se sigan dando en Galicia. A lei de caza debe volver a recoller a consideración de Refuxio de Fauna para as terras segregadas dos terreos cinexéticos e se lles facilite a sinalización oportuna por parte da Administración.

Ante os graves feitos acaecidos, debe responderse institucionalmente e dar apoio material e de vixilancia por parte da Xunta a Ridimoas, cumprindo coa obriga de velar pola riqueza natural de todas e todos os galegos e de que as zonas protexidas se respecten. Debe exercerse tamén un maior control sobre os TECORES e sancionalos ante episodios como o furtivismo.

Cremos que é necesaria unha aposta real pola conservación do patrimonio natural galego, polo que a Consellería de Medio Ambiente debe asumir a súa responsabilidade.

CSV: REXISTRO-hOthS2NZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:08:53
Nº Rexistro: 41643
Data envio: 11/12/2018 17:08:53.329

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha investigación de oficio para averiguar o acontecido no bosque de Ridimoas (Beade) o domingo 28 de outubro, investigando especialmente:

a) Se a directiva do TECOR estivo na xénese destes feitos.

b) Se o presidente do mesmo ten informado aos seus asociados sobre as terras segregadas de dito TECOR onde a caza está prohibida.

2. Tomar medidas contra os infractores da lei de caza que participaron en dita cacería ilegal.

3. Apoiar e indemnizar a asociación cultural ecolóxica Ridimoas coas prácticas e medidas necesarias.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-hOthS2NZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:08:53
Nº Rexistro: 41643
Data envio: 11/12/2018 17:08:53.329

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/12/2018 16:59:29

Marcos Cal Ogando na data 11/12/2018 16:59:37

Luis Villares Naveira na data 11/12/2018 16:59:45

CSV: REXISTRO-hOthS2NZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 16:39:39
Nº Rexistro: 41671
Data envio: 12/12/2018 16:39:39.567

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, acaba de cumprir 12 anos cunha bagaxe certamente pobre. Así, aos recortes orzamentarios e normativos do anterior Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijoo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custos ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.

A chegada ao Goberno de España do PSOE comezou a reverter en pouco tempo os retallos levados a cabo polo anterior executivo do PP, garantindo unha mellora do financiamento por parte do Estado, e a recuperación á cotización á Seguridade Social das persoas que coidan a algún familiar con dependencia.

Segundo datos recentes do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, en Galicia hai máis de 80.000 persoas que solicitaron as axudas da dependencia. Delas 66.000 teñen este dereito xa recoñecido, e unhas 55.000 están a recibir a prestación. Pero a comunidade autónoma galega ten segundo datos do IGE 240.000 maiores de 80 anos, e 232.000 persoas con discapacidade. O último informe do Ministerio de Sanidade, do pasado 28 de febreiro de 2018, sinala que en Galicia pediron unha prestación o 2,98 % dos galegos, unha das porcentaxes máis baixas de España, e as únicas autonomías con menor taxa son Baleares, Canarias e Valencia, onde a pirámide demográfica é moi distinta.

Recentemente coñeciamos o XVIII informe do observatorio da *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en*

CSV: REXISTRO-ZARMrpNoj-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 16:39:39
Nº Rexistro: 41671
Data envio: 12/12/2018 16:39:39.567

situación de dependencia, que amosa unha vez máis datos preocupantes sobre a situación do sistema de dependencia e Galicia. Segundo se reflicte no propio informe a pesares de que Galicia incrementou o número de persoas atendidas nestes últimos anos, como consecuencia da aplicación progresiva desta lei, a atención centrouse en servizos de baixo custe (o servizo de atención a domicilio representa xa o 32 % do total das prestacións), en cambio nos servizos que maior esforzo orzamentario precisan, como a atención residencial, nin sequera logrou manter a taxa de reposición do ano anterior, pechando o exercicio con 78 prazas residenciais menos. Motivo polo cal o promedio do gasto público por dependente e por habitante atendido en Galicia sitúase moi por debaixo da media estatal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar durante a X lexislatura o gasto público ata niveis que permitan unha cobertura de axudas do 100 % da poboación potencialmente dependente, e igualar a media estatal no promedio do gasto público por dependente e por habitante atendido.

2. Asegurar que na determinación do sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos, establecido no Decreto 149/2013, non haberá durante a X lexislatura novos copagos nin incremento dos xa existentes.

3. Intensificar as campañas divulgativas das prestacións ás que teñen dereito as persoas dependentes conforme ao establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

4. Fomentar a prestación de asistencia persoal, e desenvolver un conxunto de medidas orientadas a facer tanxible o dereito á vida independente das persoas en situación de dependencia. Así como ampliar o aceso á carteira do servizo de asistente persoal, regulado no *Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e aos menores de 16 anos.*

5. Incrementar durante a X lexislatura o número de prazas públicas, xestionadas pola Administración autonómica, en residencias de maiores da nosa comunidade

CSV: REXISTRO-ZARMrpNoj-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

autónoma ata cubrir a demanda existente.

B) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a esixir ao Goberno de España:

1. Eliminar as medidas incorporadas dende o ano 2012, suprimindo as restricións en materia de incompatibilidades e coidados familiares, garantindo o aceso con carácter universal e con equidade.

2. Dar cumprimento ao reparto no financiamento que determina a *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/12/2018 16:35:56

Julio Torrado Quintela na data 12/12/2018 16:36:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/12/2018 16:36:09

CSV: REXISTRO-ZARMrpNoj-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:45:13
Nº Rexistro: 41683
Data envio: 12/12/2018 17:45:13.282

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é deficitaria na produción de mel e o Estado español tamén. A lexislación europea é moi esixente nas condicións de cría das abellas e na obtención, manipulación, envasado e etiquetaxe do mel producido no seu territorio. Non o é así a lexislación que regula as importacións de meles e sucedáneos e a súa etiquetaxe e comercialización.

Esta lexislación favorece a importación masiva e a baixo prezo de mel procedente da China e doutros países, con menor valor nutricional e con escasas garantías sanitarias.

É unha situación que só favorece ás grandes multinacionais envasadoras de mel e que penaliza os apicultores de Galicia e tamén ós consumidores.

Na actualidade as modalidades de etiquetaxe serven os intereses das grandes multinacionais e en contra de produtores e consumidores locais. En concreto pódese etiquetar mel de España, mel da UE, mel da UE e outros, e máis mel de fóra. En ningunha destas etiquetas é obrigatorio especificar porcentaxes nin procedencias de tal xeito que un tarro de mel de 1000 grs. pode levar 999 grs. dun mel importado dun país

CSV: REXISTRO-42ENINvra-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:45:13
Nº Rexistro: 41683
Data envio: 12/12/2018 17:45:13.282

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de fóra da Unión e con levar 1gr. de mel de aquí xa toma carta de procedencia da Unión Europea.

Isto que é a todas luces unha fraude agrávase coa non obrigatoriedade de indicar na mesma etiqueta se o mel está pasteurizado ou non. Este feito xoga en contra do consumidor por ser a pasteurización un proceso que altera negativamente as condicións naturais, alimentarias e o equilibrio dos meles.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta a trasladar ó goberno do Estado o seguinte:

-Na etiquetaxe do mel indicaranse de forma obrigatoria o país de orixe do produto e as porcentaxes de mestura, no caso de que proceda de varios países.

-Indicarase tamén na etiquetaxe se se trata dun mel sometido a procesos de pasteurización."

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

CSV: REXISTRO-42ENINvra-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:45:13
Nº Rexistro: 41683
Data envio: 12/12/2018 17:45:13.282

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/12/2018 17:44:02

María Montserrat Prado Cores na data 12/12/2018 17:44:07

Ana Pontón Mondelo na data 12/12/2018 17:44:09

Olalla Rodil Fernández na data 12/12/2018 17:44:10

Noa Presas Bergantiños na data 12/12/2018 17:44:11

Xosé Luis Bará Torres na data 12/12/2018 17:44:13

CSV: REXISTRO-42ENINvra-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:04:49
Nº Rexistro: 41693
Data envio: 13/12/2018 11:04:49.104

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é un país cheo de pomares e de hortas con froiteiras. Case tódalas casas rurais contan con algunha árbore froiteira.

A nosa Terra é propicia para a produción froiteira. Son millóns as toneladas de mazás, peras, pexegos, limóns, cereixas, noces, figos ou castañas que se producen tódolos anos, e o número de variedades é inxente, contándose por centos en cada comarca.

Os mercados actuais están copados no seu labor alimentario polas grandes cadeas de distribución que moven produtos desde os máis recónditos lugares xeográficos do planeta.

Estes alimentos, que soportan un plus de combustibles fósiles pola súa lonxanía, son producidos a prezos irrisorios por poboacións que, as máis das veces, viven en condicións de explotación e de paupérrimas condicións alimentarias, sanitarias e de xustiza social, son postos a prezos cos que a meirande parte das veces os produtores locais non poden competir.

CSV: REXISTRO-pQJ11xfCT-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:04:49
Nº Rexistro: 41693
Data envio: 13/12/2018 11:04:49.104

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Compiten, si, en calidade, condicións hixiénicas e sanitarias e no control na utilización de fitosanitarios, almacenamento e sobre todo en calidade.

É tamén unha realidade a uniformización de sabores, o sacrificio da calidade e da orixinalidade destes produtos alimenticios en aras da cantidade e do baixo custo.

É tamén unha realidade o abandono da fruticultura como actividade agraria neste noso País que pola contra conta cunha vasta variedade de microclimas e solos propicios para o desenvolvemento desta actividade como xeradora de economía e con posibilidades de asentamento de poboación chamando por brazos mozos.

Ao igual ca acontece con outros sectores. Temos bo clima, boa terra, xente cualificada, unha amplísima variedade, e unha excelente calidade, pero non temos sector frutícola na Galiza.

É practicamente imposible mercar unha mazá galega nun supermercado, e vémonos na obriga de consumilas de Lleida, de Francia, dos Alpes italianos ou de Chile. Namentres as nosas mazás apodrecen no chan sen que ninguén as recolla.

Se queremos que o medio rural se recupere e diversifique é imprescindible que a produción froiteira recupere azos e sexa elemento central na economía agraria.

Xa hai iniciativas e entidades no País que queren tirar proveito destes recursos. Pero, coma noutros casos, atopan moitos atrancos e pouco apoio.

Unha das grandes eivas do sector é a comercialización. Imos tendo produción, pero esta non chega ao mercado.

As medidas de apoio poderían ser moitas e variadas, pasando pola investigación e a mellora xenética, a formación, a promoción do cooperativismo, as subvencións ás plantacións ..., que precisan de financiamento e de tempo.

CSV: REXISTRO-pQJ11xfCT-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:04:49
Nº Rexistro: 41693
Data envio: 13/12/2018 11:04:49.104

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Elaborar dun Plan de Apoio ás variedades autóctonas e á súa comercialización previa consulta coas asociacións e entidades do sector.

-Poñer en marcha medidas de valoración destes produtos encamiñadas a multiplicar a súa presenza nos mercados de proximidade.

-Que os comedores dependentes da Xunta, xa sexan de colexios e centros de ensino, de hospitais, de residencias de maiores, de centros de día, ou de comedores sociais, dean preferencia á adquisición de produtos locais, e nomeadamente de froita galega, de variedades autóctonas.

-Proceder por medio de axudas económicas e outro tipo de medidas a crear nichos de mercado que favorezan a consolidación e expansión tanto das iniciativas xa consolidadas coma daquelas que poidan e deberan xurdir."

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

CSV: REXISTRO-pQJ11xfCT-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:04:49
Nº Rexistro: 41693
Data envio: 13/12/2018 11:04:49.104

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/12/2018 10:46:05

María Montserrat Prado Cores na data 13/12/2018 10:46:10

Ana Pontón Mondelo na data 13/12/2018 10:46:12

Olalla Rodil Fernández na data 13/12/2018 10:46:13

Noa Presas Bergantiños na data 13/12/2018 10:46:14

Xosé Luis Bará Torres na data 13/12/2018 10:46:15

CSV: REXISTRO-pQJ11xfCT-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:38:00
Nº Rexistro: 41705
Data envio: 13/12/2018 13:38:00.079

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre o incremento do contrato das traballadoras e traballadores do SPDCIF de 3 a 9 meses, sendo equiparados cos traballadores e traballadoras, persoal laboral fixo descontinuo.

Exposición de motivos

Dende o ano 2012, a relación de postos de traballo (RPT) da Consellería do Medio Rural, recolle unha serie de prazas cunha temporalidade na prestación de servizos de ata tres meses, prazas adscritas ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

As citadas prazas de nova creación foron recollidas no DOGA nº 130, do luns 9 de xullo de 2012, onde se recolle que segundo a Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais, atribúe ao órgano competente en materia forestal o deseño do operativo de extinción de incendios forestais a través do plan de defensa contra incendios forestais (PLADIGA).

A Xunta de Galicia argumentaba polo ano 2012 que a citada modificación da RPT de Medio Rural tiña por finalidade dimensionar a estrutura orgánica do persoal e adecuala ás necesidades do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais en época estival que, de forma permanente, é declarada como época de alto risco, dando apoio nas tarefas de extinción de incendios forestais.

Nesta modificación da RPT aprobouse a creación de 436 prazas, cunha prestación de servizos de ata tres meses para persoal do SPDCIF, de cara ao

CSV: REXISTRO-6eQjCdnOW-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:38:00
Nº Rexistro: 41705
Data envio: 13/12/2018 13:38:00.079

reforzo de alto risco de incendios, tal e como relata no DOGA anteriormente exposto.

A normativa pola que se rexen as relacións xurídico-laborais entre a Xunta de Galicia e o persoal que presta os seus servizos baixo a súa dependencia, entre eles o persoal laboral do SPDCIF, recolle unicamente períodos de actividade laboral de doce e nove meses.

Nos 436 contratos de traballo que os traballadores e traballadoras asinan coa Xunta de Galicia-Consellería de Medio Rural, na cláusula primeira vincula ao traballador co SPDCIF. Nas cláusulas terceira e cuarta tamén existe vinculación do traballador co propio V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, como tamén na cláusula adicional décimo terceira.

Dentro dun plano máis técnico, no que a incendios forestais se refire, atopámonos nos últimos anos con novos tipos de lumes de elevados riscos, tanto para bens materiais como perigoso para as vidas humanas, tal e como son os lumes de interface, con ameaza para persoas e bens, así como os lumes de quinta xeración, que superan a capacidade e extinción producindo simultaneidade de lumes de interface.

No que á parte económica se refire, tal e como recolle a propia memoria de xustificación funcional e económica da Consellería do Medio Rural, elaborada para a modificación da RPT da consellería de cara á creación dos postos de reforzo no verán do SPDCIF, o incremento de gasto anual para poder contratar durante nove meses ós traballadores e traballadoras é de 6.685.352€, un gasto, que debe considerarse asumíbel.

Diante do argumento da falta de fondos para ampliar a contratación, podemos demostrar como a Xunta de Galicia tenta ampliar a data de hoxe as contratación en temo e número de brigadas helitransportadas por un montante superior ás

CSV: REXISTRO-6eQjCdnOW-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:38:00
Nº Rexistro: 41705
Data envio: 13/12/2018 13:38:00.079

cifras que vimos de expoñer, aumentando o tempo de traballo só ás brigadas helitransportadas privadas para facer prevención mentres manda o persoal do SPDCIF fixo descontinuo ao paro.

A precariedade laboral á que están sometidos os traballadores e traballadoras contratados, cos tempos e modalidades existentes neste momento, aumenta co simple paso do tempo. É escandaloso que a propia Administración pública fomente estes contratos, non garantindo o básico para poder manter unhas condicións de vida digna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que proceda á modificación da actual Relación de Postos de Traballo da Consellería de Medio Rural, no senso de que a duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) se incremente sobre os 3 meses actuais, sendo equiparados cos traballadores e traballadoras, persoal laboral fixo descontinuo, ampliando a súa relación contractual a un total de nove meses.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araujo

Deputado, deputada e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-6eQjCdnOW-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:38:00
Nº Rexistro: 41705
Data envio: 13/12/2018 13:38:00.079

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/12/2018 13:35:24

Paula Quinteiro Araújo na data 13/12/2018 13:35:34

Antón Sánchez García na data 13/12/2018 13:35:41

CSV: REXISTRO-6eQjCdnOW-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 17:54:18
Nº Rexistro: 41717
Data envio: 13/12/2018 17:54:18.437

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martin Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno.**

Exposición de motivos

A lexislación sociolaboral española faculta ao Goberno para reducir a idade mínima para acadar a pensión de xubilación en aquelas actividades profesionais de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre nas que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade, así como naquelas outras cuxa realización implique unha continua separación familiar e afastamento do fogar.

Esta redución débese efectuar mediante o establecemento duns coeficientes aplicables ao tempo de traballo efectivamente realizado nas citadas actividades que fixeran posible, en cada caso, unha vez cumpridos os demais requisitos legais, a percepción da pensión con anterioridade ao cumprimento da idade esixida con carácter xeral.

Concretamente, no eido que nos atinxe, o establecemento inicial dos citados coeficientes no mundo do mar levouse a cabo mediante o Decreto 2309/1970, de 23 de xullo e foron modificados pola disposición adicional oitava do Real Decreto 863/1990, de 6 de xullo e posteriormente en 2004 e 2007.

Durante este amplo período de tempo transcorrido desde a súa instauración, véñense dando cambios substanciais que modificaron as circunstancias sobre os que se aplicaban, xa que as variacións dos tempos de permanencia no mar derivados dos sistemas de conservación do peixe, as introducións das normativas de acceso aos caladoiros ou as xestións e ordenacións das propias pesquerías motivaron unha variación total da situación da actividade pesqueira.

Tanto é así que cómpre revisar esta normativa e os seus efectos toda vez que desta evolución danse situacións de incoherencia grave entre a práctica pesqueira real e a contemplada na normativa, existindo anacronismos (presenza de buques baleeiros) ou agravios comparativos (dous buques no mesmo caladoiro e pescando coa mesma arte

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-WPWMiXzqN-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

poden ter coeficientes diferentes) que é preciso eliminar a prol de buscar unha maior equidade nos dereitos de xubilacións dos mariñeiros.

Este Parlamento aprobaba hai preto de dous anos, no pleno do 7 de febreiro de 2017, un acordo parlamentario por iniciativa deste grupo parlamentario, no que se solicitaba o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir ao Goberno do Estado que se manteñan os coeficientes redutores ata a entrada do Regulamento europeo polo que se definen as características dos buques de pesca e, unha vez que entre en vigor, iniciar un proceso de diálogo co sector de cara ao mantemento e mellora dos coeficientes redutores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira de Galicia, toda vez que os cambios substanciais na realidade operativa das embarcacións e prácticas de marisqueo demanda esta posibilidade de cambio.»

Dende este grupo parlamentaria consideramos positivo retomar o traballo feito ata o de agora neste asunto, agora que por fin ten sido aprobado este regulamento comunitario, xa que consideramos crucial uniformizar e igualar os coeficientes conforme a criterios realistas e máis acaídos á realidade actual.

Sabemos que o ISM, a DGMM e a Segepesca tiñan anunciado no anterior Goberno a súa intención de revisar estes coeficientes unha vez que se aprobase este Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se definen as características dos barcos de pesca.

Por todo o anterior, presentamos a seguinte proposición non de lei para ser estudada e debatida no seo desta cámara:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Crear, dentro do Consello Galego de Pesca, un grupo de traballo no que se definan os criterios para adecuar os coeficientes redutores á realidade actual do sector.

2. Trasladar aos Ministerios con competencias na materia os resultados e acordos acadados no grupo de traballo para a súa consideración.

3. Trasladar ao Parlamento de Galicia os resultados e acordos acadados no grupo de traballo para a súa consideración e apoio”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-WPWMiXzqN-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 17:54:18
Nº Rexistro: 41717
Data envio: 13/12/2018 17:54:18.437

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/12/2018 17:49:52

Teresa Egerique Mosquera na data 13/12/2018 17:50:15

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/12/2018 17:50:38

Alberto Pazos Couñago na data 13/12/2018 17:50:48

Martín Fernández Prado na data 13/12/2018 17:51:00

Diego Calvo Pouso na data 13/12/2018 17:52:19

Marta Rodriguez Arias na data 13/12/2018 17:52:34

María Soraya Salorio Porral na data 13/12/2018 17:53:03

Daniel Vega Pérez na data 13/12/2018 17:53:10

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-WPWMiXzqN-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 10:49:26
Nº Rexistro: 41509
Data envio: 07/12/2018 10:49:26.623

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Flora Miranda Pena** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

Recentemente varios médicos e médicas internas residentes de cuarto ano que se están a formar no Centro de Saúde de Redondela (Unidade docente de Vigo) foron interpelados pola responsable de docencia da unidade para realizar gardas no propio Punto de Atención Continuada de Redondela substituíndo a un médico ou médica adxunta no propio dispositivo.

A saber: a dotación habitual do PAC de Redondela por plan funcional é de dous médicos ou médicas adxuntas para a realización de cada garda. Ademais, pode haber un MIR que se atopa realizando a formación que estipula o Ministerio de Sanidade (que inclúe a realización de gardas nestes dispositivos).

A proposta da Unidade Docente consistía en que quedaría un único médico-a adxunto para a titorización, aforrando a presenza do segundo, que viría ser ocupada por un/ha MIR de cuarto ano. Entendíase que isto ocorrería de modo transitorio pola situación de incapacidade laboral dun titular e a carencia de médicos e médicas dispoñibles, mais nun comunicado feito público día 5 de decembro xa se deixa entrever a posibilidade de que isto comece a instaurarse como medida habitual (mesmo para a contribución da cobertura de ausencias programables).

CSV: REXISTRO-KeY9kN4gZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 10:49:26
Nº Rexistro: 41509
Data envio: 07/12/2018 10:49:26.623

Hai escasos anos, o Ministerio estimou oportuno e necesario incrementar a formación MIR de tres a catro anos para optimizar as necesidades de formación destes profesionais. Foi, sen dúbida, unha ganancia curricular que converteu aos/ás especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria en profesionais valiosísimos para o manexo de pacientes en diversidade de recursos asistenciais, entre eles a consulta ordinaria de Atención Primaria e nos Puntos de Atención Continuada.

A inclusión deste cuarto ano foi establecida polo propio plan formativo da especialidade e obedecía a unhas necesidades que, con esta medida de que os MIR 4 se incorporen a realizar traballo dun adxunto-a se desvirtuaría. O propio ministerio non establece que o médico ou médica residente poda desenvolver legalmente labores de titular ata o remate da formación. Desde un punto de vista ético tampouco se sostén na medida en que atenta contra o dereito á formación dos propios MIR e contra a atención das persoas enfermas por persoal coa titulación esixible (ou no seu defecto cunha titorización efectiva). Resulta especialmente preocupante que a proposta sexa canalizada a través da propia Unidade Docente, que debería velar polo interese superior da formación en óptimas condicións.

A formación propia dun-ha residente de cuarto ano pode capacitalo-a para unha ampla abordaxe de situacións asistenciais e a responsabilidade asumida durante o período formativo é gradual, mais sempre deberá ser titorizada. Isto significa que un MIR NUNCA DEBE QUEDAR SÓ en ausencia dunha supervisión responsable.

Nun dispositivo asistencial onde o plan funcional establece necesaria a presenza de dous efectivos médicos enténdese que a demanda é considerable e suficiente

CSV: REXISTRO-KeY9kN4gZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 10:49:26
Nº Rexistro: 41509
Data envio: 07/12/2018 10:49:26.623

para manter esas dúas figuras. Isto implica, en ocasións, a necesidade de asistir urxencias vitais ou saídas a domicilio con certa prioridade.

En caso de que o médico ou médica titular abandonen o dispositivo para esa asistencia fóra, o MIR debería facelo igualmente por dous motivos: porque non pode quedar só/soa e porque a súa presenza no PAC atende tamén a motivos docentes: ou sexa, para aprender de todas as situacións. Nese contexto, o PAC quedaría desatendido, supoñendo unha exposición innecesaria para as persoas enfermas. (Lembramos as funestas consecuencias que este factor xa tivo na morte dun paciente na Estrada o pasado verán).

Outros factores agravantes desta situación é que se habilita unha vía para utilizar aos MIR como man de obra barata, na medida en que estas gardas serían remuneradas a "prezo MIR". Por outra banda, o feito de que recentemente se tiveran solicitado os calendarios de gardas dos R4 con antelación (e o propio contido do comunicado) pode facer sospeitar que a utilización como recurso asistencial destes médicos e médicas en formación vai ser habitual, desvirtuando, como sostiñamos, o propio sentido da formación MIR.

A situación de déficit estrutural de efectivos médicos da atención primaria, tanto de pediatría (en maior medida) como de medicina de familia (con maior gravidade na área de Vigo), é consecuencia do abandono do investimento neste nivel asistencial sostido ao longo dos últimos anos, como se pode visualizar nos orzamentos da Xunta.

Pero ademais alude a unha mala programación e a unha perda de perspectiva sobre a importancia deste ámbito asistencial, recoñecido en todos os informes de xestión sanitaria como o máis eficiente, accesible e resolutivo para a saúde das

CSV: REXISTRO-KeY9kN4gZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 10:49:26
Nº Rexistro: 41509
Data envio: 07/12/2018 10:49:26.623

persoas, sen esquecer que é o que máis benestar e confianza suscita (como se aprecia nas sucesivas enquisas á poboación xeral).

Finalmente cómpre facer unha chamada de atención sobre a promoción da precariedade laboral por parte do SERGAS, mesmo antes da incorporación formal ao mercado laboral. A ausencia de programación das necesidades e a sobrecarga asistencial inducen que, ao non poder facerse prevención e promoción da saúde se derive cara a un asistencialismo insostible a medio prazo.

Proponse como alternativa unha dinámica de coidado ás profesionais como elemento máis valioso do sistema con contratos dignos para a súa permanencia. Esta sería a única garantía da súa sostenibilidade cos niveis de calidade asistencial que están a administrar.

En definitiva, ganaría a saúde das persoas e a dignidade das profesionais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

-Respecte as condicións laborais e formativas dos e das médicas internas residentes conforme ao Programa Nacional da Especialidade do Ministerio de Sanidade.
-Non utilice ás e ós médicos internos residentes para a cobertura das necesidades estruturais do SERGAS.
-Non fomente a precariedade laboral e combata con recursos a saturación asistencial, que redunda en malestar para profesionais e pode inducir, por esgotamento, nun déficit de atención para as persoas enfermas.

CSV: REXISTRO-KeY9kN4gZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 10:49:26
Nº Rexistro: 41509
Data envio: 07/12/2018 10:49:26.623

GRUPO PARLAMENTAR en marea

-Recoñeza a valía das profesionais sanitarias e o seu protagonismo no sostemento do sistema sanitario, malia a diminución orzamentaria.

-Programe as necesidades da atención primaria (consultas e PACs) e dote orzamentariamente dos recursos suficientes para a súa sostenibilidade digna a curto, medio e longo prazo, dada a súa relevancia na atención sanitaria ás persoas enfermas, ademais do seu valor na prevención e na promoción da saúde.

-Estableza mecanismos de coordinación eficiente entre a primaria e o hospital, sen relación de subordinación da primeira respecto ao segundo, dada a súa centralidade na atención sanitaria.

-Considere, sempre, que detrás dos recortes están as persoas.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 07/12/2018 10:47:59

Luis Villares Naveira na data 07/12/2018 10:48:10

CSV: REXISTRO-KeY9kN4gZ-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 11:17:30
Nº Rexistro: 41558
Data envio: 10/12/2018 11:17:30.148

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A Consellería de Sanidade retomou neste 2018 a necesidade de implantar a carreira profesional para o persoal do Sistema sanitario galego, despois de ter paralizado en 2010 esta demanda durante anos ao igual que os acordos xerais cos traballadores aos que chegaron os seus representantes co goberno da Xunta de Galicia no ano 2008, presidido por Emilio Pérez Touriño.

Non entanto, esta aplicación da carreira profesional ten aínda diversas eivas que non son superadas polos acordos chegados. Entre eles, no que afecta ao persoal funcionario sanitario pertencentes á escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria, cabe mencionar que este colectivo non foi incluído no acordo para o desenvolvemento da súa carreira profesional.

Os e as profesionais deste ámbito teñen reivindicado a súa incorporación a este proceso, e diversas melloras respectivas ao seu campo de traballo, máis non son atendidas pola Consellería de Sanidade.

CSV: REXISTRO-BVZf7h3Gm-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 11:17:30
Nº Rexistro: 41558
Data envío: 10/12/2018 11:17:30.148

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición no de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional ao persoal sanitario funcionario pertencente á escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/12/2018 11:15:05

Noela Blanco Rodríguez na data 10/12/2018 11:15:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/12/2018 11:15:17

CSV: REXISTRO-BVZf7h3Gm-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:36:52
Nº Rexistro: 41576
Data envio: 10/12/2018 13:36:52.590

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª.**

Exposición de motivos

Galicia afronta un serio problema coa auga. Consume máis que o resto do Estado -138 litros ao día, dous máis que a media do territorio español– e perde unha cantidade maior. Dos 258,6 millóns de metros cúbicos de auga que se distribuíron no ano 2016, extraviáronse 70,77 por fugas ou avarías, unha cantidade que equivale á necesaria para abastecer durante un mes a tódolos fogares de Cataluña e Madrid, ou durante un ano aos habitantes de Estremadura, segundo os datos do último informe do Instituto Nacional de Estatística sobre o subministro e o saneamento da auga. Isto supón que Galicia perde o 27,3% da auga, unha porcentaxe que supera en case dous puntos a media actual do Estado e en once puntos a que tiña a propia comunidade fai dous anos.

A pésima xestión da auga en Galicia reviste especial gravidade nun momento como o actual, no que as secas se converteron nunha ameaza recorrente. A seca que padecemos o ano pasado non foi un fenómeno puntual e extraordinario, senón o síntoma dun cambio climático que se está a producir en todo o planeta. Nesta liña manifestouse o Consello Económico e Social, que no seu recente informe de 2017 “insta a impulsar plans que melloren a xestión e o uso da auga, clarifiquen competencias e ordenen as competencias administrativas no uso deste ben público”.

CSV: REXISTRO-EH9IrQptL-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:36:52
Nº Rexistro: 41576
Data envio: 10/12/2018 13:36:52.590

Augas de Galicia tería que tomar a iniciativa nesta cuestión, xa que é o ente público ao que lle corresponde garantir a utilización sustentable e racional da auga; garantir a eficacia na prestación de servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración; e reducir a contaminación causada polas verteduras; etcétera. Porén, a xulgar polos datos que temos sobre a mesa, é obvio que non está facendo correctamente o seu traballo.

A falta de auga ten efectos funestos tanto a curto como a longo prazo, xa que, entre outras cousas, prexudica enormemente ao sector primario, que tanto peso ten no conxunto do tecido produtivo galego. Así, a xestión dos recursos hídricos tería que ser unha das prioridades do Goberno galego, non só por razóns de urxencia medioambiental, senón tamén por motivos económicos.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a investigar as causas que produciron o incremento significativo da perda de auga e poñer en marcha un plan específico de redución de fugas de auga nas infraestruturas de abastecemento.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-EH9IrQptL-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:36:52
Nº Rexistro: 41576
Data envio: 10/12/2018 13:36:52.590

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 10/12/2018 13:30:15

Antón Sánchez García na data 10/12/2018 13:30:25

CSV: REXISTRO-EH9IrQptL-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:38:08
Nº Rexistro: 41578
Data envio: 10/12/2018 13:38:08.664

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión.**

Exposición de motivos.

A veciñanza de Borrán, no concello de Vilar do Barrio, C.P. 32702, Ourense, solicitou de xeito informal a ADIF (Administrador de Infraestruturas Ferroviarias) a cesión de 4 vivendas de planta baixa, con referencia catastral 000600100PG16H0001JR, con capacidade de 12 habitacións en total, abandonadas e sitas no mesmo lugar de Borrán nº 1, no polígono 23 parcela 389 na estrada OU-113, estrada de Vilar de Barrio e no punto quilométrico 38 da mesma, encadradas na parcela rústica con referencia 32090A023003890000HQ tamén de titularidade de Adif.

A titularidade das vivendas e da parcela, corresponde a ADIF, con NIF Q2801660H, con domicilio fiscal na Rúa/ Hedra nº 9, Estación de Chamartín, CP 28036 de Madrid, e que a súa vez depende do Ministerio de Fomento.

Hoxe están en estado de abandono, porén a parcela na que se encadran permitiría realizar adaptacións para satisfacer ás necesidades de mobilidade reducida e de discapacidade, así como de ampla zona verde para ocio das persoas residentes no futuro centro de maiores ao que se destinarían. Ademais contan co factor de proximidade ao centro de Saúde e aos servicios principais do Concello.

Estas vivendas destinaríanse a residencia de maiores, un equipamento que incrementaría o dispoñible para o Concello de Vilar de Barrio, que conta na actualidade cunha residencia de maiores e un centro de día con 28 prazas, e sería

CSV: REXISTRO-TZHPDiMWb-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:38:08
Nº Rexistro: 41578
Data envio: 10/12/2018 13:38:08.664

GRUPO PARLAMENTAR en marea

unha forma de compensación polos danos ambientais sufridos coas obras do AVE.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento co fin de:

1.- Ceder as 4 vivendas e a parcela anexa, sitas no Lugar de Barrán, ao Concello de Vilar de Barrio en Ourense.

2.- Axudar á rehabilitación como centro residencial de maiores, mediante a creación dunha partida específica, das 4 vivendas.

3.- Executar as obras necesarias de xeito cooperativo e interadministracións, no ámbito das súas competencias entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Vilar de Barrio.

4.- Aproveitar a parcela como zona de ocio/zona verde tanto para as persoas residentes no futuro centro como espazo de interacción coa xente da vila.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-TZHPDiMWb-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:38:08
Nº Rexistro: 41578
Data envio: 10/12/2018 13:38:08.664

GRUPO PARLAMENTAR en marea

David Rodríguez Estévez na data 10/12/2018 13:37:04

Paula Vázquez Verao na data 10/12/2018 13:37:16

Luis Villares Naveira na data 10/12/2018 13:37:20

CSV: REXISTRO-TZHPDiMWb-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:48:17
Nº Rexistro: 41587
Data envio: 10/12/2018 16:48:17.006

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, e do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: "*Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira*."

E no artigo 105.1 establece: *"de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais."*

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos

CSV: REXISTRO-nniGsfzRH-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:48:17
Nº Rexistro: 41587
Data envio: 10/12/2018 16:48:17.006

daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado "Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais", documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes

2. Introdución

3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

3.1. Financiamento local.

3.1.3.Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.

3.1.4.Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado nesta lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando O Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

CSV: REXISTRO-nniGsfzRH-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:48:17
Nº Rexistro: 41587
Data envio: 10/12/2018 16:48:17.006

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Enviar ao Parlamento un proxecto de lei, consensuado coa Fegamp, para regular a participación no financiamento dos concellos galegos por parte da Xunta de Galicia.

2º) Incrementar substancialmente as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, integrándoas no Fondo de Cooperación Local, e distribuíndoas con criterios de carácter obxectivo pactados coa Fegamp.

3º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran todos os concellos en igualdade de oportunidades

4º) Establecer un acordo para que o canon da auga se reparta con criterios obxectivos e se traslade unha parte da súa execución ás entidades locais, de xeito que poidan recibir como transferencias de capital unha porcentaxe significativa das recadacións que se levan en cada concello.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

CSV: REXISTRO-nniGsfzRH-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/12/2018 16:43:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/12/2018 16:43:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/12/2018 16:43:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/12/2018 16:43:34

CSV: REXISTRO-nniGsfzRH-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:55:19
Nº Rexistro: 41590
Data envio: 10/12/2018 16:55:19.908

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A Atención Primaria é un elemento central no bo funcionamento dun sistema sanitario, pola súa capacidade resolutiva e pola repercusión que sobre todo o sistema ten o que ocorre nos centros de atención primaria. A optimización do seu rendemento produce maior liberación de traballo dos centros hospitalarios. Por un lado pola resolución de problemas en primeira instancia que, de non ser afrontados, agrávanse ata provocar ingresos e tratamentos máis complexos. Tamén un bo funcionamento da atención primaria xera menores frecuentacións dos e das pacientes ás urxencias hospitalarias, sensibles á acumulación de casos.

De maneira reiterada colectivos profesionais, sindicatos, persoas usuarias e persoal do Sergas vén denunciando durante os últimos tempos a perda progresiva de recursos materiais e humanos que dificultan, cada vez máis, a posibilidade de ofrecer un servicio de calidade á cidadanía. A política de recursos humanos da Consellería de Sanidade está desequilibrando a capacidade asistencial dos centros, non substituíndo os e as profesionais e agrupando servicios e atención nos centros de atención primaria das cabeceiras de comarca, co obxectivo de recortar o gasto a pesares das consecuencias na calidade de asistencia. Esta apenas nula cobertura de médicos/as de familia e pediatras vén provocando incerteza e inquedanza na poboación, que comproba como está perdendo servizos de maneira progresiva. Só na comparativa dos orzamentos presentados pola propia Xunta de Galicia recóllese que o número de profesionais en Atención Primaria previsto para 2018 era de 8419, mentres que para 2019 reducíase en 58 efectivos ata quedar en 8361.

No que corresponde aos recursos materiais, a capacidade de atención primaria vén estando recortada tamén polas minguantes partidas destinadas a atención primaria, en favor doutros investimentos inconcretos e ás veces non de todo xustificados noutros eidos da consellería.

CSV: REXISTRO-tRM8C8Gx-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:55:19
Nº Rexistro: 41590
Data envío: 10/12/2018 16:55:19.908

No Plan funcional, mentres se recortan materiais e persoal os e as profesionais vén acumuladas as súas tarefas administrativas e de coordinación, pero non aumentan as súas oportunidades de aplicación profesional nun posible aumento do catálogo de probas diagnósticas que poden determinar, ou co intento de limitar a prescrición da enfermería que mantiveron os gobernos do PP dificultando o funcionamento cotiá e real dos servizos.

Por varios destes motivos sinalados e por outras cuestións específicas, vénse de coñecer a renuncia conxunta á xefatura de servizo de numerosos profesionais da área sanitaria de Vigo, que denuncian así a inacción e oídos xordos da consellería ante as súas demandas. Esta dimisión en bloque pon en entredito de maneira definitiva a capacidade da consellería de resolver os problemas xurdidos cos profesionais, como xa ocorrera co intento de aplicación da figura do pediatra de área.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición no de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reformular a súa política referida á atención primaria e desenvolver durante o ano 2019 un plan de mellora de primaria que contemple:

   a) Realizar un plan de contratación de profesionais de atención primaria que permita ampliar o volume de persoal e así evitar o peche de centros e a concentración de servizos, así como cubrir con garantías as baixas e vacacións sen que iso supoña unha saturación do sistema e unha perda de calidade asistencial.

   b) Establecer un programa de reforma de centros de saúde e construción de novos, que permita ampliar e mellorar a rede de centros, en base a un informe de necesidades tendo en conta tanto o tamaño e tipo da poboación a atender como criterios estratéxicos de afixación demográfica.

   c) Realizar unha avaliación de necesidades de recursos materias, atendendo ás demandas dos xefes de servicio e traballadores de atención primaria, comprometéndose a dotar de orzamento ás partidas necesarias para cubrir estas necesidades.

CSV: REXISTRO-tRM8C8Gx-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:55:19
Nº Rexistro: 41590
Data envio: 10/12/2018 16:55:19.908

2. Retomar as xerencias de atención primaria e incluír esta figura na Dirección de cada EOXI, dotándoa de autonomía e orzamento para promover a mellora da atención primaria, nun prazo máximo de seis meses.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/12/2018 16:45:50

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/12/2018 16:45:58

Noela Blanco Rodríguez na data 10/12/2018 16:46:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/12/2018 16:46:06

CSV: REXISTRO-tRM8C8Gx-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:38:05
Nº Rexistro: 41600
Data envio: 10/12/2018 17:38:05.761

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

En moitos lugares de Galicia estanse a dar unha serie de acontecementos que inciden negativamente nas condicións medioambientais da Comunidade Autónoma e ante os que cómpre establecer medidas para evitar calquera actuación lesiva. Un deses acontecementos son os vertedoiros ilegais que, a pesares do elevado investimento (de tempo e de cartos públicos na limpeza e/ou na clausura), seguen a afectar a moitos lugares con verteduras de todo tipo, segundo denuncia a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN).

Di esta entidade que persoas e empresas sen escrúpulos non xestionan conforme á lexislación os residuos que xeran, depositando calquera cousa, de calquera xeito, en calquera sitio da nosa xeografía. Así, atópanse verteduras de residuos de construción e demolición, amianto, enxoval doméstico, supostos tecnosolos, pneumáticos ou lodos de depuradoras. E non é preciso explicar os impactos directos e indirectos, a curto e a longo prazo, sobre a paisaxe, o medio natural e a saúde das persoas. Nestes días, un alto cargo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil cualificaba, con moita razón, estes vertedoiros ilegais como "parcelas de sacrificio".

O Grupo Parlamentario Socialista entende que a loita contra o abandono indiscriminado de lixo e residuos débese facer a través de políticas proporcionadas e efectivas que potencien a prevención e a sensibilización e combatan os comportamentos incívicos, como a proposta da SGHN sobre a instalación obrigatoria dun xeolocalizador GPS en todos os vehículos autorizados para transporte de residuos.

CSV: REXISTRO-YorTBYMOn-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:38:05
Nº Rexistro: 41600
Data envio: 10/12/2018 17:38:05.761

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar medidas e accións efectivas para loitar contra o abandono indiscriminado de lixo e residuos, que potencien a prevención e a sensibilización e combatan os comportamentos incívicos, tales como a instalación obrigatoria dun xeolocalizador GPS en todos os vehículos autorizados para transporte de residuos.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/12/2018 17:34:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/12/2018 17:34:53

María Luisa Pierres López na data 10/12/2018 17:34:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/12/2018 17:35:02

CSV: REXISTRO-YorTBYMOn-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:53:06
Nº Rexistro: 41604
Data envio: 10/12/2018 17:53:06.622

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

En Lourizán (Pontevedra), a planta depuradora supramunicipal de Os Praceres está xestionada directamente por Augas de Galicia. Esta EDAR encárgase do tratamento das augas residuais urbanas da capital da provincia, xunto coas de Marín e parte dos municipios de Poio, Sanxenxo, Vilaboa e Ponte Caldelas.

Como consecuencia, a ría de Pontevedra vén soportando un tratamento de augas residuais excesivo, ademais de padecer unha deficiente depuración ao non estar rematadas as redes de colectores nin as estacións de tratamento previstas: declaración de especial sensibilidade da ría, varios pósitos declarados zona C e procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración pola UE, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu.

No mes de xuño anterior ás últimas eleccións autonómicas, a ex conselleira de Medio Ambiente e o conselleiro delegado de Ence (en presenza do vicepresidente da Xunta) firmaban un "pacto ambiental" que comprometía á pasteira a investir 193,6 millóns de euros nos seguintes 4 anos, incluída a mellora da EDAR, ampliada e modernizada a través dun convenio propio que se ía firmar. Xa neste ano 2018, no mes de maio o ex director de Augas de Galicia dáballe a coñecer á Comisión de seguimento do Plan de saneamento local da ría de Pontevedra o proxecto de ampliación da EDAR, con dobre de capacidade e ocupación do dobre de espazo nos terreos contiguos á actual e no mes de setembro, nunha nova reunión, as conselleiras de Medio Ambiente e do Mar presentaron as conclusións do estudo de alternativas para a ampliación. Finalmente, o día 26 dese mesmo mes, o director de Augas de Galicia e o delegado da Xunta de Galicia en Pontevedra comunicaron a intención de triplicar a dita instalación.

O rexeito veciñal e da Corporación municipal de Pontevedra (unanimemente) é claro e rotundo, tanto que a actual conselleira de Infraestruturas fala agora de obras de mellora da estación depuradora e xa non de ampliación. Quizais porque

CSV: REXISTRO-sZkcHcYCA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

no Ministerio de Transición Ecolóxica nada semellan saber de ningunha solicitude de ampliación da ocupación por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento galego insta, con relación á planta depuradora supramunicipal de Os Praceres (Lourizán-Pontevedra), a Xunta de Galicia a:

    a) Desbotar o proxecto de ampliación da actual EDAR, excluíndoo do Plan de saneamento local da ría de Pontevedra.

    b) Adecuar o proxecto de mellora da dita EDAR á normativa da UE, dentro do perímetro da actual concesión.

2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado, a non autorizar a ocupación de terreos necesarios para a ampliación da EDAR.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/12/2018 17:51:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/12/2018 17:51:43

María Luisa Pierres López na data 10/12/2018 17:51:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/12/2018 17:51:52

CSV: REXISTRO-sZkcHcYCA-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 09:57:31
Nº Rexistro: 41611
Data envio: 11/12/2018 09:57:31.081

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

Varias son as cuestións que levan a moitas mulleres a retrasar a súa maternidade. Os motivos laborais solen ser os máis habituais, pois a muller en idade fértil tamén se atopa na súa etapa máis produtiva laboralmente, e pode querer encontrar estabilidade laboral ou promocionarse antes de ter fillos. Tamén se teñen alegado motivos máis persoais, como o desexo de atopar unha parella coa que ter fillos e formar unha familia.

A opción entre carreira profesional e maternidade non debería ser un dilema, senón que se deberían tomar as medidas necesarias para permitir ás mulleres que así o desexan, decidir cando van a ser nais, sen que isto paralice a súa carreira profesional.

O retraso da idade de xestación non fai máis que postergar a xestación e pospón os problemas de conciliación que supón a maternidade. Os conflitos relacionados coa maternidade que non se tiveron antes se terán despois. Se a idades temperás podería existir unha incompatibilidade entre a maternidade e o traballo nunha empresa competitiva, a mesma incompatibilidade se producirá en idades maduras nas que as persoas acceden a postos de dirección e dos que se poderá excluír ás mulleres que deciden, entón si, ter fillos. O problema que para a empresa supón perder temporalmente a unha moza traballadora (mentres está de baixa por maternidade) se incrementará porque perderá a unha muller madura, en postos máis elevados, salvo que decida, simplemente, non promocionala.

Todo isto non fai máis que reflectir as dificultades reais coas que se atopan as mulleres e non os homes que queren ter unha carreira profesional á vez que queren formar unha familia. A conxelación de óvulos é unha solución que podería beneficiar ás empresas na captación de novos talentos, pero non ás mulleres. As decisións que alienen ás mulleres, ó longo, non benefician a ninguén.

CSV: REXISTRO-4Lj1BYbIf-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 09:57:31
Nº Rexistro: 41611
Data envio: 11/12/2018 09:57:31.081

Nunha comunidade con serios problemas de perda de poboación e envellecemento da mesma, é necesario traballar para atopar medidas que fomenten a protección da maternidade e a conciliación da vida familiar e laboral.

E máis alá das políticas de conciliación, é preciso desmontar a perigosa idea de moitas compañías, medios de comunicación e clínicas privadas dedicadas a facilitar a fecundación das mulleres, de que a fecundidade das mulleres pode prolongarse no tempo.

Lembremos que España é país líder mundial en técnicas de reprodución asistida, e o país europeo con máis centros, nun número de 383 tanto públicos como privados. Mentres na cidade de Oslo hai dous anos había só dous centros, en Madrid se contaba xa con 48, unha comparativa que é ben significativa.

Prolongación que nun índice altísimo precisa de axuda clínica, que en ningún caso, senón ten unha patoloxía demostrada para a súa infertilidade, será facilitada desde a sanidade pública, e cunha idade límite dos 40 anos. Polo tanto un privilexio que corresponde só a aquelas persoas con capacidade económica para poder afrontar procesos que chegan a ser de miles de euros e levando incluso a petición de préstamos persoais para poder afrontar os custos.

No ano 2015, último ano do que se teñen datos do "Rexistro Nacional de Actividade 2015-Rexistro SEF" do propio "Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade", foron 2093 ciclos por inseminación artificial (entre parellas e con donante) e 3721 os ciclos por fecundación in vitro ós que se someteron as galegas, e segundo os datos facilitados por 12 centros (2 públicos e 8 privados) dos 15 presentes na nosa comunidade.

Un 70 % dos ciclos son en mulleres de máis de 35 anos e un 18,5 % de maiores de 40 anos.

Un 18 % dos ciclos por FIV finalizan con éxito en partos. Isto é se estima en 670 bebés nados por FIV en Galicia, segundo os datos aportados polo 88% dos centros. Un 10% dos ciclos por IAC e IAD rematan en partos, isto é uns 210 bebés nados.

Entre ámbalas dúas, aproximadamente uns 880 partos con éxito, pero que en total significa que só unha media dun 14 % dos ciclos ós que se someten as mulleres rematan en éxito, porcentaxe que se reduce significativamente segundo a idade das nais xestantes.

CSV: REXISTRO-4Lj1BYbIf-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 09:57:31
Nº Rexistro: 41611
Data envio: 11/12/2018 09:57:31.081

Por iso desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso desmontar o mito de que a día de hoxe unha muller pode ser nai case a calquera idade. Algo que xoga perigosamente coas expectativas das parellas e mulleres que deciden retrasar a súa maternidade no tempo, ata atopar un momento mellor. Só a información ben recibida pode facilitar unha boa toma de decisións. I é imprescindible que as mulleres e unidades familiares de Galicia se sintan ben informadas para poder decidir, de ser o seu desexo, como e cando queren exercer a súa maternidade e paternidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Xerar unha campaña de información, dirixida principalmente ás mulleres, e que incida na prevención da fertilidade e permita unha mellor planificación da súa maternidade no tempo.
2. Impulsar medidas para a mellora nos tempos das listas de agarda dos servizos de reprodución asistida, nos centros hospitalarios dependentes do Sergas, dotándoos de máis persoal e medios para poder garantir a maior eficiencia dos mesmos.
3. Levar a cabo unha estatística dos resultados acadados nos centros especializados en reprodución asistida, tanto públicos como privados da nosa comunidade autónoma, co fin de coñecer entre outros, datos como o número total de usuarias das mesmas, idades de acceso ós tratamentos, idades de embarazo efectivo, taxas de éxito en cada un dos procedementos, ou número de usuarias que acoden a máis dun centro.

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-4Lj1BYbIf-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 11/12/2018 09:51:19

María Dolores Toja Suárez na data 11/12/2018 09:51:26

Julio Torrado Quintela na data 11/12/2018 09:51:34

Noela Blanco Rodríguez na data 11/12/2018 09:51:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/12/2018 09:51:44

CSV: REXISTRO-4Lj1BYbIf-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:22:22
Nº Rexistro: 41623
Data envio: 11/12/2018 11:22:22.349

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 8.ª**

Exposición de motivos:

A deplorable situación na que se atopa o peirao de Portosín, fai imprescindible unha actuación de Portos de Galicia que permita dignificar este porto e traballo dos profesionais do mar que o utilizan.

Portosín, unha cidade con enorme importancia no relativo a pesca de baixura en Galicia, esta sendo hoxe esquecida polos responsables públicos que deberían velar polo correcto mantemento das súas instalacións portuarias.

O propio patrón maior de Portosín cualifica a situación de "desamparo" e "deixadez" por parte da administración autonómica e anima á responsable da consellería a solucionar os problemas que presenta a instalación portuaria.

Algúns dos problemas que precisan actuación inmediata son, o arranxo da pavimentación interior do porto, a mellora e incremento dos espazos para as redeiras, o arranxo dos desperfectos dos edificios do porto e a creación dun espazo dedicado á recollida de refugallos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presente a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.ª:

CSV: REXISTRO-71wj3JL13-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:22:22
Nº Rexistro: 41623
Data envio: 11/12/2018 11:22:22.349

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a realizar de inmediato as melloras necesarias para dignificar a situación do peirao de Portosín, logo de acordar as mesmas cos profesionais que utilizan a instalación.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 11/12/2018 11:19:59

Paula Quinteiro Araújo na data 11/12/2018 11:20:08

Luis Villares Naveira na data 11/12/2018 11:20:15

CSV: REXISTRO-71wj3JL13-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:08:25
Nº Rexistro: 41641
Data envio: 11/12/2018 17:08:25.696

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para ao seu debate na **Comisión 2.ª**

Exposición de motivos:

O bosque Ridimoas, en Beade (Ourense) é un espazo protexido cunha superficie boscosa de máis de 400 hectáreas, de gran valor biolóxico, científico e educativo, no que residen especies en perigo de extinción e se realizan traballos de erradicación de flora alóctona, como mimosas e eucaliptos, repoñendo con vexetación autóctona á vez que se mellora a capacidade de carga de hábitats coma os acuáticos, os lugares de alimentación de fauna silvestre e prevención de incendios forestais, sendo o espazo forestal que máis mellorou a súa calidade biolóxica nos últimos 30 anos.

En 1988 a actividade extraescolar Aula Verde da Universidade Laboral de Ourense, constitúese en asociación cultural ecolóxica e comeza a mercar parcelas na paraxe de Ridimoas (Río de Moas) e adopta ese nome, acadando varios premios nacionais e autonómicos, como o premio Bandeira Verde, así como o recoñecemento da UNESCO como a mellor estratexia de conservación dun bosque no programa "Hay un mundo que construír".

Ata o ano 2008 o bosque funciona como **vedado de caza** e, desde ese ano, as parcelas adquiridas acadan a **consideración de Refuxio de Fauna**, por segregación das parcelas segregadas do TECOR (Terreo Cinexeticamente Ordenado) Corneira de Avia OU-10.202, conforme á lei 4/97.

CSV: REXISTRO-X6pbB9Csk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:08:25
Nº Rexistro: 41641
Data envio: 11/12/2018 17:08:25.696

Desde 2008, a superficie do bosque segregado foi en aumento a medida que o catastro ía inscribindo a nome da asociación as novas parcelas que se ían mercando, sempre coa consideración de Refuxio de Fauna. Esta estratexia de proceder foi innovadora en Galicia e outras asociacións seguiron o exemplo.

No último comunicado da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, expediente 12/2017, correspondente á segregación de algo máis de dez hectáreas, desaparece a consideración de Refuxio de Fauna, e **as novas parcelas segregadas pasan a ter a consideración de "zona de exclusión de caza" conforme á lei de caza 13/2013**; e agora os terreos segregados teñen que ser sinalizados pola propia asociación, segundo o regulamento dos terreos cinexéticos. Esta relaxación da protección foi propiciada pola presión dos cazadores sobre a Consellería de Medio Ambiente.

Na actualidade a asociación Ridimoas coida unha superficie forestal continua dunhas 400 hectáreas, xestionando tanto as parcelas propias como as colindantes. Todo o traballo realizado susténtase na achega da cota anual de máis de mil afiliados, doazóns privadas e en donativos por visitas ao bosque de colexios, familias e outros, podendo ver distintas especies da fauna silvestre no seu hábitat específico.

O domingo 28 de outubro, un numeroso grupo de cazadores, pertencentes ao TECOR Corneira de Avia OU-10.202, entraron neste espazo protexido propiedade da asociación, armados e con cans, mataron numerosas especies animais, introduciron os seus vehículos polo bosque e deixaron o monte cheo de cartuchos de balas, coa contaminación por chumbo que iso ocasiona, e impedindo realizar visitas ao bosque.

Os cazadores entraron en Ridimoas derribando os carteis que indicaban que se atopaban nunha zona de exclusión de caza e organizáronse para repartirse polo

CSV: REXISTRO-X6pbB9Csk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:08:25
Nº Rexistro: 41641
Data envio: 11/12/2018 17:08:25.696

espazo e vixiar, demostrando con todas estas condutas que sabían que alí non se podía cazar.

Ademais, tódolos días de caza, arredor deste bosque, os cazadores dan tiros polas zonas limítrofes, en viñedos, e ao lado das casas dos veciños de Beade, causando moito medo e inseguridade na veciñanza; tamén soltan e introducen aos cans no bosque Ridimoas para provocar que a fauna fuxa e abandone o espazo protexido e, en numerosas ocasións, eles mesmos realizan incursións dentro do bosque, obrigando a esta asociación a un sobre esforzo en vixilancia.

Estes feitos son moi graves, xa que Ridimoas é o único espazo forestal do Ribeiro onde sobreviven especies en perigo de extinción, e sen embargo, está totalmente ignorado pola Consellería de Medio Ambiente e a de Medio Rural, facendo cada vez máis difícil o labor da asociación.

Non podemos consentir que estas situacións se sigan dando en Galicia. A lei de caza debe volver a recoller a consideración de Refuxio de Fauna para as terras segregadas dos terreos cinexéticos e se lles facilite a sinalización oportuna por parte da Administración.

Ante os graves feitos acaecidos, debe responderse institucionalmente e dar apoio material e de vixilancia por parte da Xunta a Ridimoas, cumprindo coa obriga de velar pola riqueza natural de todas e todos os galegos e de que as zonas protexidas se respecten. Debe exercerse tamén un maior control sobre os TECORES e sancionalos ante episodios como o furtivismo.

Cremos que é necesaria unha aposta real pola conservación do patrimonio natural galego, polo que a Consellería de Medio Ambiente debe asumir a súa responsabilidade.

CSV: REXISTRO-X6pbB9Csk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:08:25
Nº Rexistro: 41641
Data envio: 11/12/2018 17:08:25.696

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha investigación de oficio para averiguar o acontecido no bosque de Ridimoas (Beade) o domingo 28 de outubro, investigando especialmente:

a) Se a directiva do TECOR estivo na xénese destes feitos.

b) Se o presidente do mesmo ten informado aos seus asociados sobre as terras segregadas de dito TECOR onde a caza está prohibida.

2. Tomar medidas contra os infractores da lei de caza que participaron en dita cacería ilegal.

3. Apoiar e indemnizar a asociación cultural ecolóxica Ridimoas coas prácticas e medidas necesarias.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/12/2018 17:00:48

CSV: REXISTRO-X6pbB9Csk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:08:25
Nº Rexistro: 41641
Data envio: 11/12/2018 17:08:25.696

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Marcos Cal Ogando na data 11/12/2018 17:00:55

Luis Villares Naveira na data 11/12/2018 17:01:03

CSV: REXISTRO-X6pbB9Csk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 41653
Data envio: 11/12/2018 18:38:32.070

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de Motivos:

A apertura e posta en funcionamento do 1º tramo da VAC CG 2.3, a Vía de Altas Prestacións da Costa Norte, representou unha mellora moi importante na seguridade viaria e na conectividade dunha comarca cun gran potencial económico, como é A Mariña lucense. Un importante investimento, 50 M€, para executar unha infraestrutura moi complexa, que se conecta coa LU-862 a través dun acceso que remata na glorieta de Beltrán.

Esta glorieta tense dotado de medidas de mellora da seguridade viaria no que atinxe ao tránsito de vehículos.

No afán de mellorar a seguridade viaria nese punto no relativo aos peóns, cómpre estudar a conveniencia de implantar medidas adicionais de reforzo.

Tendo ademais en conta que a glorieta de Beltrán parte dun enlace provisional, que perderá a maior parte do seu tráfico cando o Estado execute e poña en servizo a autovía da Mariña, A-74, que enlaza directamente co treito Celeiro-San Cibrao da Vía de Altas Prestacións Costa Norte.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta ante esta Cámara a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1.- A estudar tecnicamente a accidentalidade producida en torno á glorieta situada na LU-862, en Beltrán, e que analice a conveniencia de implantar máis medidas de reforzo da seguridade viaria, complementarias ás que xa se teñen implantado, de acordo cos requisitos esixidos na normativa de seguridade viaria.

CSV: REXISTRO-OVeSxAIBA-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 41653
Data envio: 11/12/2018 18:38:32.070

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

2.- A dirixirse ao Goberno do Estado para que axilice a redacción dos proxectos e inicie a execución das obras da A-74, que dará continuidade ao treito Celeiro-San Cibrao da VAC Costa Norte e minimizará o tráfico na rotonda de Beltrán e na LU-862".

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/12/2018 18:35:11

María Julia Rodriguez Barreira na data 11/12/2018 18:35:25

Martín Fernández Prado na data 11/12/2018 18:35:47

Jaime Castiñeira Broz na data 11/12/2018 18:36:02

Jacobo Moreira Ferro na data 11/12/2018 18:36:10

Marta Novoa Iglesias na data 11/12/2018 18:36:29

Gonzalo Trenor López na data 11/12/2018 18:37:17

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 11/12/2018 18:37:36

CSV: REXISTRO-OVeSxAIBA-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 16:39:59
Nº Rexistro: 41672
Data envio: 12/12/2018 16:39:59.808

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, acaba de cumprir 12 anos cunha bagaxe certamente pobre. Así, aos recortes orzamentarios e normativos do anterior Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijoo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custos ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.

A chegada ao Goberno de España do PSOE comezou a reverter en pouco tempo os retallos levados a cabo polo anterior executivo do PP, garantindo unha mellora do financiamento por parte do Estado, e a recuperación á cotización á Seguridade Social das persoas que coidan a algún familiar con dependencia.

Segundo datos recentes do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, en Galicia hai máis de 80.000 persoas que solicitaron as axudas da dependencia. Delas 66.000 teñen este dereito xa recoñecido, e unhas 55.000 están a recibir a prestación. Pero a comunidade autónoma galega ten segundo datos do IGE 240.000 maiores de 80 anos, e 232.000 persoas con discapacidade. O último informe do Ministerio de Sanidade, do pasado 28 de febreiro de 2018, sinala que en Galicia pediron unha prestación o 2,98 % dos galegos, unha das porcentaxes máis baixas de España, e as únicas autonomías con menor taxa son Baleares, Canarias e Valencia, onde a pirámide demográfica é moi distinta.

Recentemente coñeciamos o XVIII informe do observatorio da *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en*

CSV: REXISTRO-oR9bjbHGX-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 16:39:59
Nº Rexistro: 41672
Data envio: 12/12/2018 16:39:59.808

situación de dependencia, que amosa unha vez máis datos preocupantes sobre a situación do sistema de dependencia e Galicia. Segundo se reflicte no propio informe a pesares de que Galicia incrementou o número de persoas atendidas nestes últimos anos, como consecuencia da aplicación progresiva desta lei, a atención centrouse en servizos de baixo custe (o servizo de atención a domicilio representa xa o 32 % do total das prestacións), en cambio nos servizos que maior esforzo orzamentario precisan, como a atención residencial, nin sequera logrou manter a taxa de reposición do ano anterior, pechando o exercicio con 78 prazas residenciais menos. Motivo polo cal o promedio do gasto público por dependente e por habitante atendido en Galicia sitúase moi por debaixo da media estatal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar durante a X lexislatura o gasto público ata niveis que permitan unha cobertura de axudas do 100 % da poboación potencialmente dependente, e igualar a media estatal no promedio do gasto público por dependente e por habitante atendido.

2. Asegurar que na determinación do sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos, establecido no Decreto 149/2013, non haberá durante a X lexislatura novos copagos nin incremento dos xa existentes.

3. Intensificar as campañas divulgativas das prestacións ás que teñen dereito as persoas dependentes conforme ao establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

4. Fomentar a prestación de asistencia persoal, e desenvolver un conxunto de medidas orientadas a facer tanxible o dereito á vida independente das persoas en situación de dependencia. Así como ampliar o aceso á carteira do servizo de asistente persoal, regulado no *Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e aos menores de 16 anos.*

5. Incrementar durante a X lexislatura o número de prazas públicas, xestionadas pola Administración autonómica, en residencias de maiores da nosa comunidade

CSV: REXISTRO-oR9bjbHGX-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

autónoma ata cubrir a demanda existente.

B) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a esixir ao Goberno de España:

1. Eliminar as medidas incorporadas dende o ano 2012, suprimindo as restricións en materia de incompatibilidades e coidados familiares, garantindo o aceso con carácter universal e con equidade.

2. Dar cumprimento ao reparto no financiamento que determina a *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/12/2018 16:36:35

Julio Torrado Quintela na data 12/12/2018 16:36:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/12/2018 16:36:47

CSV: REXISTRO-oR9bjbHGX-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:44:58
Nº Rexistro: 41682
Data envio: 12/12/2018 17:44:58.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é deficitaria na produción de mel e o Estado español tamén. A lexislación europea é moi esixente nas condicións de cría das abellas e na obtención, manipulación, envasado e etiquetaxe do mel producido no seu territorio. Non o é así a lexislación que regula as importacións de meles e sucedáneos e a súa etiquetaxe e comercialización.

Esta lexislación favorece a importación masiva e a baixo prezo de mel procedente da China e doutros países, con menor valor nutricional e con escasas garantías sanitarias.

É unha situación que só favorece ás grandes multinacionais envasadoras de mel e que penaliza os apicultores de Galicia e tamén ós consumidores.

Na actualidade as modalidades de etiquetaxe serven os intereses das grandes multinacionais e en contra de produtores e consumidores locais. En concreto pódese etiquetar mel de España, mel da UE, mel da UE e outros, e máis mel de fóra. En ningunha destas etiquetas é obrigatorio especificar porcentaxes nin procedencias de tal xeito que un tarro de mel de 1000 grs. pode levar 999 grs. dun mel importado dun país

CSV: REXISTRO-hNFqIlDsr-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:44:58
Nº Rexistro: 41682
Data envio: 12/12/2018 17:44:58.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de fóra da Unión e con levar 1gr. de mel de aquí xa toma carta de procedencia da Unión Europea.

Isto que é a todas luces unha fraude agrávase coa non obrigatoriedade de indicar na mesma etiqueta se o mel está pasteurizado ou non. Este feito xoga en contra do consumidor por ser a pasteurización un proceso que altera negativamente as condicións naturais, alimentarias e o equilibrio dos meles.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta a trasladar ó goberno do Estado o seguinte:

-Na etiquetaxe do mel indicaranse de forma obrigatoria o país de orixe do produto e as porcentaxes de mestura, no caso de que proceda de varios países.

-Indicarase tamén na etiquetaxe se se trata dun mel sometido a procesos de pasteurización."

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

CSV: REXISTRO-hNFqIlDsr-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:44:58
Nº Rexistro: 41682
Data envio: 12/12/2018 17:44:58.650

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/12/2018 17:44:23

María Montserrat Prado Cores na data 12/12/2018 17:44:29

Ana Pontón Mondelo na data 12/12/2018 17:44:31

Olalla Rodil Fernández na data 12/12/2018 17:44:33

Noa Presas Bergantiños na data 12/12/2018 17:44:34

Xosé Luis Bará Torres na data 12/12/2018 17:44:36

CSV: REXISTRO-hNFqIlDsr-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:04:39
Nº Rexistro: 41692
Data envio: 13/12/2018 11:04:39.191

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é un país cheo de pomares e de hortas con froiteiras. Case tódalas casas rurais contan con algunha árbore froiteira.

A nosa Terra é propicia para a produción froiteira. Son millóns as toneladas de mazás, peras, pexegos, limóns, cereixas, noces, figos ou castañas que se producen tódolos anos, e o número de variedades é inxente, contándose por centos en cada comarca.

Os mercados actuais están copados no seu labor alimentario polas grandes cadeas de distribución que moven produtos desde os máis recónditos lugares xeográficos do planeta.

Estes alimentos, que soportan un plus de combustibles fósiles pola súa lonxanía, son producidos a prezos irrisorios por poboacións que, as máis das veces, viven en condicións de explotación e de paupérrimas condicións alimentarias, sanitarias e de xustiza social, son postos a prezos cos que a meirande parte das veces os produtores locais non poden competir.

CSV: REXISTRO-QhfJpHAda-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:04:39
Nº Rexistro: 41692
Data envio: 13/12/2018 11:04:39.191

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Compiten, si, en calidade, condicións hixiénicas e sanitarias e no control na utilización de fitosanitarios, almacenamento e sobre todo en calidade.

É tamén unha realidade a uniformización de sabores, o sacrificio da calidade e da orixinalidade destes produtos alimenticios en aras da cantidade e do baixo custo.

É tamén unha realidade o abandono da fruticultura como actividade agraria neste noso País que pola contra conta cunha vasta variedade de microclimas e solos propicios para o desenvolvemento desta actividade como xeradora de economía e con posibilidades de asentamento de poboación chamando por brazos mozos.

Ao igual ca acontece con outros sectores. Temos bo clima, boa terra, xente cualificada, unha amplísima variedade, e unha excelente calidade, pero non temos sector frutícola na Galiza.

É practicamente imposible mercar unha mazá galega nun supermercado, e vémonos na obriga de consumilas de Lleida, de Francia, dos Alpes italianos ou de Chile. Namentres as nosas mazás apodrecen no chan sen que ninguén as recolla.

Se queremos que o medio rural se recupere e diversifique é imprescindible que a produción froiteira recupere azos e sexa elemento central na economía agraria.

Xa hai iniciativas e entidades no País que queren tirar proveito destes recursos. Pero, coma noutros casos, atopan moitos atrancos e pouco apoio.

Unha das grandes eivas do sector é a comercialización. Imos tendo produción, pero esta non chega ao mercado.

As medidas de apoio poderían ser moitas e variadas, pasando pola investigación e a mellora xenética, a formación, a promoción do cooperativismo, as subvencións ás plantacións ..., que precisan de financiamento e de tempo.

CSV: REXISTRO-QhfJpHAda-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:04:39
Nº Rexistro: 41692
Data envio: 13/12/2018 11:04:39.191

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Elaborar dun Plan de Apoio ás variedades autóctonas e á súa comercialización previa consulta coas asociacións e entidades do sector.

-Poñer en marcha medidas de valoración destes produtos encamiñadas a multiplicar a súa presenza nos mercados de proximidade.

-Que os comedores dependentes da Xunta, xa sexan de colexios e centros de ensino, de hospitais, de residencias de maiores, de centros de día, ou de comedores sociais, dean preferencia á adquisición de produtos locais, e nomeadamente de froita galega, de variedades autóctonas.

-Proceder por medio de axudas económicas e outro tipo de medidas a crear nichos de mercado que favorezan a consolidación e expansión tanto das iniciativas xa consolidadas coma daquelas que poidan e deberan xurdir."

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

CSV: REXISTRO-QhfJpHAda-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:04:39
Nº Rexistro: 41692
Data envio: 13/12/2018 11:04:39.191

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/12/2018 10:46:42

María Montserrat Prado Cores na data 13/12/2018 10:46:47

Ana Pontón Mondelo na data 13/12/2018 10:46:48

Olalla Rodil Fernández na data 13/12/2018 10:46:49

Noa Presas Bergantiños na data 13/12/2018 10:46:51

Xosé Luis Bará Torres na data 13/12/2018 10:46:56

CSV: REXISTRO-QhfJpHAda-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:37:24
Nº Rexistro: 41704
Data envio: 13/12/2018 13:37:24.655

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª,** sobre o incremento do contrato das traballadoras e traballadores do SPDCIF de 3 a 9 meses, sendo equiparados cos traballadores e traballadoras, persoal laboral fixo descontinuo.

Exposición de motivos

Dende o ano 2012, a relación de postos de traballo (RPT) da Consellería do Medio Rural, recolle unha serie de prazas cunha temporalidade na prestación de servizos de ata tres meses, prazas adscritas ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

As citadas prazas de nova creación foron recollidas no DOGA nº 130, do luns 9 de xullo de 2012, onde se recolle que segundo a Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais, atribúe ao órgano competente en materia forestal o deseño do operativo de extinción de incendios forestais a través do plan de defensa contra incendios forestais (PLADIGA).

A Xunta de Galicia argumentaba polo ano 2012 que a citada modificación da RPT de Medio Rural tiña por finalidade dimensionar a estrutura orgánica do persoal e adecuala ás necesidades do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais en época estival que, de forma permanente, é declarada como época de alto risco, dando apoio nas tarefas de extinción de incendios forestais.

Nesta modificación da RPT aprobouse a creación de 436 prazas, cunha prestación de servizos de ata tres meses para persoal do SPDCIF, de cara ao

CSV: REXISTRO-DSIdLY1uq-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:37:24
Nº Rexistro: 41704
Data envio: 13/12/2018 13:37:24.655

reforzo de alto risco de incendios, tal e como relata no DOGA anteriormente exposto.

A normativa pola que se rexen as relacións xurídico-laborais entre a Xunta de Galicia e o persoal que presta os seus servizos baixo a súa dependencia, entre eles o persoal laboral do SPDCIF, recolle unicamente períodos de actividade laboral de doce e nove meses.

Nos 436 contratos de traballo que os traballadores e traballadoras asinan coa Xunta de Galicia-Consellería de Medio Rural, na cláusula primeira vincula ao traballador co SPDCIF. Nas cláusulas terceira e cuarta tamén existe vinculación do traballador co propio V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, como tamén na cláusula adicional décimo terceira.

Dentro dun plano máis técnico, no que a incendios forestais se refire, atopámonos nos últimos anos con novos tipos de lumes de elevados riscos, tanto para bens materiais como perigoso para as vidas humanas, tal e como son os lumes de interface, con ameaza para persoas e bens, así como os lumes de quinta xeración, que superan a capacidade e extinción producindo simultaneidade de lumes de interface.

No que á parte económica se refire, tal e como recolle a propia memoria de xustificación funcional e económica da Consellería do Medio Rural, elaborada para a modificación da RPT da consellería de cara á creación dos postos de reforzo no verán do SPDCIF, o incremento de gasto anual para poder contratar durante nove meses ós traballadores e traballadoras é de 6.685.352€, un gasto, que debe considerarse asumíbel.

Diante do argumento da falta de fondos para ampliar a contratación, podemos demostrar como a Xunta de Galicia tenta ampliar a data de hoxe as contratación en temo e número de brigadas helitransportadas por un montante superior ás

CSV: REXISTRO-DSIdLY1uq-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:37:24
Nº Rexistro: 41704
Data envio: 13/12/2018 13:37:24.655

cifras que vimos de expoñer, aumentando o tempo de traballo só ás brigadas helitransportadas privadas para facer prevención mentres manda o persoal do SPDCIF fixo descontinuo ao paro.

A precariedade laboral á que están sometidos os traballadores e traballadoras contratados, cos tempos e modalidades existentes neste momento, aumenta co simple paso do tempo. É escandaloso que a propia Administración pública fomente estes contratos, non garantindo o básico para poder manter unhas condicións de vida digna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que proceda á modificación da actual Relación de Postos de Traballo da Consellería de Medio Rural, no senso de que a duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) se incremente sobre os 3 meses actuais, sendo equiparados cos traballadores e traballadoras, persoal laboral fixo descontinuo, ampliando a súa relación contractual a un total de nove meses.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araujo

Deputado, deputada e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-DSIdLY1uq-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:37:24
Nº Rexistro: 41704
Data envio: 13/12/2018 13:37:24.655

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/12/2018 13:20:39

Paula Quinteiro Araújo na data 13/12/2018 13:20:48

Antón Sánchez García na data 13/12/2018 13:20:55

CSV: REXISTRO-DSIdLY1uq-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 17:54:03
Nº Rexistro: 41716
Data envio: 13/12/2018 17:54:03.286

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martin Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 8ª Pesca Marisqueo.**

Exposición de motivos

A lexislación sociolaboral española faculta ao Goberno para reducir a idade mínima para acadar a pensión de xubilación en aquelas actividades profesionais de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre nas que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade, así como naquelas outras cuxa realización implique unha continua separación familiar e afastamento do fogar.

Esta redución débese efectuar mediante o establecemento duns coeficientes aplicables ao tempo de traballo efectivamente realizado nas citadas actividades que fixeran posible, en cada caso, unha vez cumpridos os demais requisitos legais, a percepción da pensión con anterioridade ao cumprimento da idade esixida con carácter xeral.

Concretamente, no eido que nos atinxe, o establecemento inicial dos citados coeficientes no mundo do mar levouse a cabo mediante o Decreto 2309/1970, de 23 de xullo e foron modificados pola disposición adicional oitava do Real Decreto 863/1990, de 6 de xullo e posteriormente en 2004 e 2007.

Durante este amplo período de tempo transcorrido desde a súa instauración, véñense dando cambios substanciais que modificaron as circunstancias sobre os que se aplicaban, xa que as variacións dos tempos de permanencia no mar derivados dos sistemas de conservación do peixe, as introducións das normativas de acceso aos caladoiros ou as xestións e ordenacións das propias pesquerías motivaron unha variación total da situación da actividade pesqueira.

Tanto é así que cómpre revisar esta normativa e os seus efectos toda vez que desta evolución danse situacións de incoherencia grave entre a práctica pesqueira real e a contemplada na normativa, existindo anacronismos (presenza de buques baleeiros) ou agravios comparativos (dous buques no mesmo caladoiro e pescando coa mesma arte

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-DOaLYeply-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

poden ter coeficientes diferentes) que é preciso eliminar a prol de buscar unha maior equidade nos dereitos de xubilacións dos mariñeiros.

Este Parlamento aprobaba hai preto de dous anos, no pleno do 7 de febreiro de 2017, un acordo parlamentario por iniciativa deste grupo parlamentario, no que se solicitaba o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir ao Goberno do Estado que se manteñan os coeficientes redutores ata a entrada do Regulamento europeo polo que se definen as características dos buques de pesca e, unha vez que entre en vigor, iniciar un proceso de diálogo co sector de cara ao mantemento e mellora dos coeficientes redutores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira de Galicia, toda vez que os cambios substanciais na realidade operativa das embarcacións e prácticas de marisqueo demanda esta posibilidade de cambio.»

Dende este grupo parlamentaria consideramos positivo retomar o traballo feito ata o de agora neste asunto, agora que por fin ten sido aprobado este regulamento comunitario, xa que consideramos crucial uniformizar e igualar os coeficientes conforme a criterios realistas e máis acaídos á realidade actual.

Sabemos que o ISM, a DGMM e a Segepesca tiñan anunciado no anterior Goberno a súa intención de revisar estes coeficientes unha vez que se aprobase este Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se definen as características dos barcos de pesca.

Por todo o anterior, presentamos a seguinte proposición non de lei para ser estudada e debatida no seo desta cámara:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Crear, dentro do Consello Galego de Pesca, un grupo de traballo no que se definan os criterios para adecuar os coeficientes redutores á realidade actual do sector.

2. Trasladar aos Ministerios con competencias na materia os resultados e acordos acadados no grupo de traballo para a súa consideración.

3. Trasladar ao Parlamento de Galicia os resultados e acordos acadados no grupo de traballo para a súa consideración e apoio”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-DOaLYeply-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 17:54:03
Nº Rexistro: 41716
Data envio: 13/12/2018 17:54:03.286

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/12/2018 17:46:15

Teresa Egerique Mosquera na data 13/12/2018 17:46:27

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/12/2018 17:46:44

Martín Fernández Prado na data 13/12/2018 17:46:55

Alberto Pazos Couñago na data 13/12/2018 17:47:29

Diego Calvo Pouso na data 13/12/2018 17:48:00

Marta Rodriguez Arias na data 13/12/2018 17:48:16

María Soraya Salorio Porral na data 13/12/2018 17:48:31

Daniel Vega Pérez na data 13/12/2018 17:48:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-DOaLYeply-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
11 DEC. 2018
Núm. 11629

galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 5 DEC. 2018
SAÍDA
Num. 446

En cumprimento do establecido no artigo 11 do Decreto 133/2002, do 11 de abril, polo que se regula a concesión de préstamos polo IGAPE, e no artigo 13 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do IGAPE, achégolle a información sobre a situación das operacións de crédito e préstamo e, a información sobre os avais vixentes a 30 de setembro de 2018.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 05/12/2018 12:44:47

CVE: nbmEWGwWs6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA igape

INFORMACIÓN PRÉSTAMOS VIVOS **30/09/2018**

Expediente	Titular	Concesión	Préstamo vivo	
IN14.2002.1.7	DYGRA FILMS, S.L.	26/11/2003	467.931,73	
IN14.2002.1.15	FILMAX ANIMATION, S.L.	27/05/2004	729.557,06	
IN14.2002.1.18	IGNACIO BENEDETI CINEMA, S.L.	26/05/2005	450.000,00	
IN14.2002.1.19	FILMAX ANIMATION, S.L.	26/05/2005	372.453,68	
IN14.2002.1.21	DYGRA FILMS, S.L.	27/04/2006	206.820,55	
IN14.2002.1.24	DEBOURA DESEÑOS ANIMADOS, S.L.N.E.	01/06/2007	500.000,00	
AF025.2005.1.2	SISTEMAS EXITT, S.L.	06/09/2004	660.000,00	
AF026.2005.1.2	CENBIMO, S.L.	29/03/2007	245.456,00	
AF021.2003.1.4	KIRIKO NATURA, S.A.	26/11/2003	16.890,56	
AF021.2003.1.6	EDICIONES DEL VIENTO, S.L.	26/11/2003	4.670,00	
AF021.2003.1.11	INTEMAGA, S.L.	29/07/2004	20.527,64	
AF021.2003.1.14	WENGE FINISTERRAE, S.L.U.	23/12/2004	94.895,97	
AF021.2003.1.16	CREAREA PRODUCCIONES, S.L.	26/05/2005	38.000,00	
AF021.2003.1.18	ENCENA PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L.	28/03/2005	91.000,00	
AF021.2003.1.28	LUCENSE DE BARNIZADOS Y ACABADOS, S.L.	27/07/2006	330.000,00	
IG142.2007.1.1	CALIZAS MARINAS, S.A.	26/12/2007	410.000,00	
IG142.2007.1.3	CENTRO DE PRODUCCIÓN VICAR,,SL	06/11/2008	142.728,00	
IG142.2007.1.4	INNAVES, S.A.	16/06/2008	198.784,00	
IG142.2007.1.6	SOC. COOP. G. ORETA XIDA	16/06/2008	209.767,28	
IG142.2007.1.7	MODESTO CARRODEGUAS, S.L.	07/11/2008	358.286,00	
IG142.2007.1.9	VIMBIO FILMES, SLU	16/06/2008	441.419,06	
IG142.2007.1.10	MUEBLES HERMIDA I ,S.A.	30/05/2008	4.575.238,00	
IG142.2007.1.12	T-SOLAR GLOBAL, S.A.	30/05/2008	3.000.000,00	
IG142.2007.1.13	INDUSTRIAS PESADAS DE GALICIA, S.L	30/05/2008	3.000.000,00	
IG142.2007.1.15	APLICACIONES METALURGICAS GOMEZ, S.L.	07/11/2008	944.300,57	
IG142.2007.1.18	ECOCELTA GALICIA, S.L.N.E.	27/06/2008	346.874,00	
IG142.2007.1.19	FORJAS DE SANTIAGO, S.L.	07/11/2008	400.000,00	
IG142.2007.1.20	GRANITOS DE ATIOS, S.A.	23/09/2008	94.617,72	
IG142.2007.1.26	GRAFICAS DEL NOROESTE, S.A.	10/12/2008	575.000,00	
IG142.2007.1.33	SEMCOR 3000, S.L.	12/02/2009	363.637,00	
IG142.2007.1.34	FILMAX ANIMATION, S.L.	28/11/2008	1.984.063,28	
IG142.2007.1.39	OCV, S.L.	21/04/2009	128.306,10	
IG142.2007.1.40	ACEBRÓN CALDERERÍA, S.L.	03/04/2009	273.851,32	
IG142.2007.1.43	MAIMBAR XXI, S.L.	15/07/2009	800.000,00	
IG142.2007.1.46	ARTEFACTO PRODUCCIONES AUDIOVISUALES, S.L.N.E.	21/04/2009	400.000,00	
IG142.2007.1.47	ONIX VIGO, S.L.	02/06/2009	7.529.000,00	
IG142.2007.1.50	PAQUITO,S.L.	02/06/2009	3.184.252,22	
IG142.2007.1.55	ATESVI, S.L.	23/12/2009	688.808,46	
IG142.2007.1.56	REAL CONSERVERA ESPAÑOLA, S.L.	02/06/2009	2.927.008,61	
IG142.2007.1.57	GREYMUCESA, S.L.	20/10/2009	375.000,00	
IG142.2009.1.4	RODAINDUSTRIA IBERICA, S.A.	15/07/2009	436.761,51	
IG142.2009.1.8	POUSADA O ALMACEN, S.L.	29/06/2010	272.862,00	
IG142.2009.1.11	GALLEGA DE SUMINISTROS INDUSTRIALES 2020, S.L.	28/07/2009	166.447,00	
IG142.2009.1.12	ABCR LABORATORIOS, S.L.	02/06/2009	4.042.925,49	
IG142.2009.1.15	TANEMEX, S.L.	27/01/2010	853.920,33	
IG142.2009.1.18	DAYFER, S.L.	28/07/2009	1.400.000,00	
IG142.2009.1.20	CANTERAS DE VILANOVA, S.L.	20/10/2009	1.000.000,00	
IG142.2009.1.24	CONSTRUCCIONES TECNICAS DE RADIOTERAPIA, S.L.	28/07/2009	723.668,00	
IG142.2009.1.27	CONSERVAS Y ELABORADOS GUAU, S.A.	28/07/2009	250.000,00	
IG142.2009.1.28	SOC. COOP. G. ORETA XIDA	28/07/2009	157.162,00	
IG142.2009.1.36	CARRIS HOTELES, S.L	01/03/2010	2.500.000,00	
IG142.2009.1.45	SENANDE, S.L.	29/06/2010	35.457,00	
IG142.2009.1.50	CALDERERIA Y ESTRUCTURAS DEL NOROESTE, S.L.	20/04/2010	73.685,00	
IG142.2009.1.51	GALICIAN MARINE AQUACULTURE, S.L.	05/08/2010	2.000.000,00	
IG142.2009.1.54	PUERTO VIEIRA, S.L.U.	27/01/2010	1.672.070,90	
IG142.2009.1.59	DYGRA FILMS, S.L.	20/10/2009	3.100.000,00	
IG142.2009.1.62	RECOGE GALICIA DE GESTION, S.L.	05/08/2010	964.827,05	
IG142.2009.1.64	ALVAHER 98, S.L.	20/10/2009	3.312.000,00	
IG142.2009.1.67	COMERCIAL XOIVAN, S.L.	05/08/2010	306.000,00	
IG142.2009.1.68	BIOMASA FORESTAL S.L.	05/08/2010	347.736,00	
IG142.2009.1.72	BLUEMOBILITY SYSTEMS, S.L.	20/04/2010	500.000,00	

XUNTA DE GALICIA igape

INFORMACIÓN PRÉSTAMOS VIVOS **30/09/2018**

Expediente	Titular	Concesión	Préstamo vivo
IG142.2009.1.74	ABEIRO GOLD, S.L.	05/08/2010	4.475.000,00
IG142.2009.1.83	MATERIALES CERAMICOS, S.L.	29/06/2010	4.000.000,00
IG142.2009.1.84	MIFIBRA, S.L.	29/06/2010	1.200.000,00
IG142.2009.1.85	LUIS RODRIGUEZ AMADO, S.A.	27/01/2010	350.000,00
IG142.2009.1.86	COMPOST GALICIA, S.A.	27/01/2010	206.134,74
IG142.2009.1.92	EXCAVACIONES ROBERTO, S.L.	15/11/2010	153.491,94
IG142.2009.1.104	TOURS RIAS BAIXAS, S.L.	01/06/2010	541.407,29
IG142.2009.1.110	HIDROSCIVIL, S.L.	10/02/2011	241.411,85
IG142.2009.1.112	SOLUCIONES POLIGRAFICAS, S.L.	01/04/2011	6.000.000,00
IG142.2009.1.113	CLUB DE CAMPO LAS BRIDAS, S.L.	10/02/2011	126.958,56
IG142.2009.1.121	GRANJA CAMPOMAYOR,S.L.	05/08/2010	989.698,00
IG142.2009.1.125	COCEDERO BARRAÑAMAR,S.L.	05/08/2010	155.902,00
IG142.2009.1.133	PORTO PANADEROS, S.L.	12/05/2011	186.230,33
IG142.2009.1.139	PLASTICOS Y DESARROLLOS,S.A.	30/12/2010	514.242,00
IG142.2009.1.141	ALONARTI ENVASES, S.A.	15/11/2010	952.382,00
IG142.2009.1.145	LABORATORIOS ASOCIADOS NUPEL, S.L.	30/12/2010	2.956.919,00
IG142.2009.1.148	SEVEN STARS SPAIN, S.L.(CONSERVAS Y CONGELADOS IGLESIASMAR, S.L.)	12/05/2011	145.459,00
IG142.2009.1.152	LIMPIEZAS SAN FROILÁN, S.L.	12/05/2011	119.028,16
IG142.2009.1.182	CODEOR, S.L.	01/04/2011	749.420,00
IG142.2011.1.12	ASISTENCIA INTEGRAL PERSONALIZADA, S.L.	30/06/2011	2.222.782,00
IG142.2015.1.3	CONFECCIONES GUERRAL SA	16/12/2015	298.420,09
IG142.2015.1.10	GREENALIA WOODCHIPS, S.L.	02/03/2016	95.566,49
IG142.2015.1.13	ELABORADOS METALICOS EMESA, S.L	27/10/2016	468.732,84
IG142.2015.1.16	MUEBLES HERMIDA I ,S.A.	28/07/2016	406.250,00
IG142.2015.1.23	VINIGALICIA, S.L.	28/07/2016	292.500,00
IG142.2015.1.27	ACTIVIDADES EMPRESARIALES,S.A.	28/07/2016	406.250,00
IG142.2015.1.28	TORCULO COMUNICACION GRAFICA, S.A.	27/10/2016	281.250,00
IG142.2015.1.32	ORBE, S.A.	27/10/2016	350.000,00
IG142.2015.1.36	G.O.C., S.A.	01/06/2017	348.313,00
IG142.2015.1.37	SINCRO MECÁNICA, S.L.	31/01/2017	468.750,00
IG142.2015.1.43	REDEGAL, S.L.	31/01/2017	175.000,00
IG142.2015.1.51	KEMEGAL QUÍMICOS, S.L.	28/03/2017	156.647,04
IG142.2015.1.54	INDUSTRIAS LOSAL,S.L.	27/04/2017	105.784,25
IG142.2015.1.57	GALICIA AUTO ESTAMPACION, S.A.	01/06/2017	1.900.973,77
IG142.2015.1.59	BACALAOS ALIMAR, S.L.	27/04/2017	276.562,50
IG142.2015.1.64	DAIRYLAC, S.L.	28/03/2017	500.000,00
IG142.2015.1.66	CORRAL Y COUTO SL	27/04/2017	370.000,00
IG142.2015.1.67	CONFITERIA Y PANADERIA MOURE, S.L.	01/06/2017	123.462,00
IG142.2015.1.69	JOSÉ LUIS DOCAMPO, S.L.	29/06/2017	369.473,00
IG142.2015.1.76	PILI CARRERA, S.L.	02/08/2017	500.000,00
IG142.2015.1.84	CASAIS Y CIA,S.L.	22/02/2018	1.098.000,00
IG142.2015.1.88	PROYFE, S.L.	25/01/2018	375.455,38
IG142.2015.1.96	MARISCOS ALUMAR, S.L.	02/08/2018	
IG205.2014.1.6	PEKEXOGO ANIMACION E OCIO, SL	18/12/2014	126.324,39
IG205.2014.1.8	SANCUS ALEACIONES, S.L.	06/11/2014	107.491,65
IG205.2014.1.11	GRAFICAS LASA, S.L.	05/03/2015	401.193,04
IG205.2014.1.14	HERMANOS GARCIA ROCHA, S.L.	28/05/2015	243.576,56
IG205.2014.1.15	V3 DENTAL VILANOVA, S.L.	18/12/2014	98.932,71
IG205.2014.1.18	OBRADOR TRADICIONAL, S.L.	05/03/2015	40.760,71
IG205.2014.1.20	XIGOMIVISA, S.L.U.	05/03/2015	133.779,12
IG205.2014.1.24	VOXQUIMIA, S.L.	05/03/2015	223.673,71
IG205.2014.1.26	CONFORTEC CENTRO DE FORMACION SL	28/05/2015	61.021,44
IG205.2014.1.29	FRIOFER,S.A.L.	10/04/2015	69.167,23
IG205.2014.1.30	GLOBAL GEOSYSTEMS, S.L.	05/03/2015	144.610,57
IG205.2014.1.32	INTAF PROMECAN, S.L.U.	10/04/2015	553.533,10
IG205.2014.1.34	EVOLVENTIA, S.L.	10/04/2015	361.118,12
IG205.2014.1.39	MAQUINARIA AGRICOLA CANCELA, S.L.	28/05/2015	131.092,44
IG205.2014.1.42	AGUAS DO PARAÑO, S.L.	30/06/2015	81.932,47
IG205.2014.1.43	MADERAS DEL NOROESTE,S.A.	28/05/2015	561.563,02
IG205.2014.1.44	JARDANAY, S.L.	30/06/2015	188.415,02
IG205.2014.1.46	SANCUS ALEACIONES, S.L.	28/05/2015	93.779,27
IG205.2014.1.48	I2C INSPECCIONES, S.L.	16/12/2015	95.043,43
IG205.2014.1.56	INTERNACO, S.A.	30/07/2015	393.027,90
IG205.2014.1.58	VACAS GONZÁLEZ, EMMA	30/06/2015	67.858,13

XUNTA DE GALICIA igape

INFORMACIÓN PRÉSTAMOS VIVOS **30/09/2018**

Expediente	Titular	Concesión	Préstamo vivo	
IG205.2014.1.66	CENTRO MAXILODENTAL VIGO, S.L.	01/02/2016	104.117,19	
IG205.2014.1.71	PALETS JOAQUIN 2013, S.L.	24/09/2015	384.111,02	
IG205.2014.1.73	MATERIALES DE CONSTRUCCION J.A. MARTINEZ, S.L.	16/12/2015	437.988,22	
IG205.2014.1.74	A PONTE PASAXE, SAL	01/02/2016	212.373,51	
IG205.2014.1.75	HIDROFERSA FÁBRICA DE CHAVÍN, S.L.	30/06/2015	347.294,85	
IG205.2014.1.78	MARSAN TRANSFORMACIONES SUPERFICIALES, S.L.	24/09/2015	403.695,14	
IG205.2014.1.80	CARPINTERÍA METÁLICA ALUMAN, S.L.	24/09/2015	522.076,26	
IG205.2014.1.84	PLANEAMIENTO Y GESTION DE ENERGIAS RENOVABLES, S.L.	01/02/2016	295.976,94	
IG205.2014.1.85	KAUMAN, S.A.	02/03/2016	292.859,70	
IG205.2014.1.87	CLICTIC, S.L.	16/12/2015	68.018,90	
IG205.2014.1.90	INICIATIVAS TURÍSTICAS DE ONS, S.A.	02/03/2016	168.683,46	
IG205.2014.1.94	PILI CARRERA,SA	02/03/2016	121.102,10	
IG205.2014.1.99	SUAREZ AGRASAR, PILAR	01/02/2016	43.278,07	
IG205.2014.1.100	NORFRIO GRUPAJE INTERNACIONAL, S.L.	07/04/2016	437.740,30	
IG205.2014.1.105	GRUPO TECNOLOGICO ARBINOVA, S.L.U.	07/04/2016	57.361,49	
IG205.2014.1.119	SOGADER, S.L	07/04/2016	134.176,29	
IG205.2014.1.120	SENIN REY, MARIA DEL CARMEN	02/03/2016	61.773,07	
IG205.2014.1.123	GABADI, S.L.	02/03/2016	523.254,34	
IG205.2014.1.126	POREXGAL, S.L.	07/04/2016	166.750,67	
IG205.2014.1.128	ANIBAL METALMECANICA GALLEGA, S.L.	16/12/2015	576.622,01	
IG205.2014.1.132	MANUEL GARCIA FANTINI, S.L.U.	01/02/2016	425.451,77	
IG205.2014.1.137	GENERACION PADEL,S.L.	07/04/2016	142.531,30	
IG205.2014.1.138	GARCIA GONZALEZ, ANTIA	02/03/2016	95.265,62	
IG205.2014.1.141	CARNICERIA Y CHARCUTERIA MARTIN, SL	07/04/2016	50.040,80	
IG205.2014.1.142	TROQUELES Y MOLDES DE GALICIA, S.A.	28/04/2016	967.253,18	
IG205.2014.1.143	INVERSIONES VIGO REAL, S.L.	07/04/2016	409.346,98	
IG205.2014.1.148	APARTAMENTOS FANDIN, C.B.	07/04/2016	61.283,67	
IG205.2014.1.149	INSTITUTO DENTAL Y POSTURAL GARLA, S.L.P.	07/04/2016	51.275,74	
IG205.2014.1.155	DINAK, S.A.	28/04/2016	1.445.397,16	
IG205.2014.1.156	PANADERIA CARNOEDO, S.L.	28/04/2016	60.071,95	
IG205.2014.1.160	OUTROS ADAXES, S.L	28/04/2016	180.771,92	
IG205.2014.1.162	ELENA CASTEDO, S.L.	07/04/2016	131.322,09	
IG205.2014.1.166	ELECTRÓNICA Y COMUNICACIONES NOROESTE, S.L.	07/04/2016	155.721,76	
IG205.2014.1.168	EMETEL SISTEMAS, S.L.	28/04/2016	127.538,40	
IG205.2014.1.172	GESPROEUME, S.L.	01/06/2016	64.837,68	
IG205.2014.1.173	CADAVID DURAN, S.L.	01/06/2016	116.512,36	
IG205.2014.1.174	TUREMA GASTRO, S.L.	01/06/2016	77.000,00	
IG205.2014.1.175	CLÍNICA INFANS, S.L.P.	01/06/2016	50.322,36	
IG205.2014.1.176	GARCÍA REBOREDO HERMANOS, S.L.	01/06/2016	437.737,62	
IG205.2014.1.179	XEFE DA BIRRA, S.L.	01/06/2016	171.009,14	
IG205.2014.1.183	LAG ESTEBAN PARRA, S.L.	01/06/2016	437.737,62	
IG205.2014.1.185	ÁGATA TECHNOLOGY, S.L.	01/06/2016	90.319,86	
IG205.2014.1.186	GALICTIO, S.A.	01/06/2016	280.840,83	
IG205.2014.1.189	SOMOZAS VALORIZACIÓN DE LODOS - BIOGAS, S.L.	01/06/2016	976.794,08	
IG205.2014.1.192	VINIGALICIA, S.L.	01/06/2016	522.783,93	
IG205.2014.1.193	CANGAS DENTAL, S.L.	01/06/2016	148.909,55	
IG205.2014.1.194	TABERNA DO PEPIÑO, SL	01/06/2016	63.326,06	
IG205.2014.1.195	NAVIERA ILLA DE ONS SL	01/06/2016	836.579,13	
IG205.2014.1.196	CELTCLINIC,S .L.	01/06/2016	39.088,21	
IG205.2014.1.198	CONSTRUCCIONES METALICAS LUSOMAR, S.L.	01/06/2016	142.610,73	
IG205.2014.1.204	AUTOCARES COTA,S.L.	01/06/2016	108.981,36	
IG205.2014.1.211	CAOLINES CERAMICOS, S.L.	01/06/2016	298.998,36	
IG205.2014.1.213	TURBINAS Y COMPRESORES JETSXOEL	01/06/2016	105.057,00	
IG205.2014.1.217	GERCA ACERO Y METAL, S.L.	01/06/2016	542.794,70	
IG205.2014.1.227	PRECOALVI, S.L.	01/06/2016	53.950,15	
IG234.2016.1.3	TALLERES MECANICOS GALICIA S.L.	11/11/2016	134.199,46	
IG234.2016.1.7	RIA DE LIRES, S.L.	11/11/2016	129.842,98	
IG234.2016.1.15	AGROAMB PRODALT, S.L.	22/11/2016	1.820.000,00	
IG234.2016.1.16	HERNANDEZ VALLEJO, FRANCISCO JESUS	22/11/2016	47.246,37	
IG234.2016.1.19	SOCIEDAD GALLEGA DE CARRETILLAS,S.A.	11/11/2016	407.502,50	
IG234.2016.1.21	BOMBEOS Y TRANSPORTES CARRAL, S.L.	11/11/2016	462.725,01	
IG234.2016.1.33	NO SOLO MADERA DR, SL	11/11/2016	65.943,88	
IG234.2016.1.38	GOYCAR GALICIA, S.L.	22/11/2016	470.681,03	
IG234.2016.1.40	CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S.L.	22/11/2016	103.623,61	

XUNTA DE GALICIA igape

INFORMACIÓN PRÉSTAMOS VIVOS **30/09/2018**

Expediente	Titular	Concesión	Préstamo vivo	
IG234.2016.1.41	COSTRA NOSTRA, S.L.	11/11/2016	96.124,78	
IG234.2016.1.56	LOPEZ CRESPO, CARLOS	11/11/2016	108.316,80	
IG234.2016.1.64	CASAS CUBE, S.L.U.	11/11/2016	647.815,03	
IG234.2016.1.68	TB SPAIN INJECTION, S.L.	22/11/2016	118.931,42	
IG244.2017.1.1	HIDROFERSA FÁBRICA DE CHAVÍN, S.L.	27/12/2017	614.000,00	
IG244.2017.1.3	CRISTALERIA PONTEVEDRESA, S.L.	25/01/2018	225.000,00	
IG244.2017.1.4	ANIBAL METALMECANICA GALLEGA, S.L.	29/05/2018	0,00	(*)
IG244.2017.1.6	PAPELERA DE BRANDIA, S.A.	26/04/2018	0,00	(*)
IG244.2017.1.7	CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S.L.	29/05/2018	0,00	(*)
IG244.2017.1.8	MAQUINARIA AGRICOLA CANCELA, S.L.	29/05/2018	280.000,00	
IG244.2017.1.11	GREENALIA LOGISTICS S.L.U.	27/06/2018	1.000.000,00	
IG244.2017.1.12	JIM SPORTS TECHNOLOGY, S.L.	02/08/2018	0,00	(*)
IG243.2017.1.3	AUTODEON, S.L.U.	26/04/2018	150.000,00	
IG246.2017.1.2	TORUS SOFTWARE SOLUTIONS, S.L.	27/12/2017	0,00	(*)
IG246.2017.1.4	REDEGAL, S.L.	22/02/2018	307.409,69	
IG246.2017.1.8	AUDITORIA Y GESTIÓN DE CALIDAD, S.L.	27/06/2018	0,00	(*)
IG246.2017.1.13	HÉRCULES CONTROL, S.L.	27/06/2018	156.042,21	
IG246.2017.1.18	GATO SALVAJE, S.L.	27/06/2018	0,00	(*)
IG246.2017.1.21	ENXENDRA TECHNOLOGIES, S.L	02/08/2018	0,00	(*)
IG243.2017.1.3	AUTODEON, S.L.U.	26/04/2018	150.000,00	

(*) Préstamos concedidos pendentes de formalizar e/ou dispoñer.

XUNTA DE GALICIA igape

30/09/2018

AVAIS CONCEDIDOS E RISCOS VIXENTES

Expediente	Razón social	Data concesión	Aval concedido	Risco vivo actual
AV/0196	VIRIATO,S.A.	29/10/2004	3.012.247,00	347.325,55
AV/0200	RECREATIVOS PRESAS, S. L.	23/12/2004	857.038,99	100.372,53
AV/0217	NAVIERA DE GALICIA, S.A.	26/05/2005	2.327.500,00	987.996,57
AV/0230	VOLVORETA, S.A.	02/03/2006	430.000,00	147.394,18
AV/0234	S.A.EDUARDO VIEIRA	27/07/2006	4.200.000,00	2.636.980,32
AV/0262	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A.	30/11/2007	910.000,00	592.433,25
AV/0265	GRUPO TAMEGA, S.L	08/02/2008	2.240.000,00	1.799.737,15
AV/0283	ISIDRO DE LA CAL FRESCO, S.L.	28/07/2008	3.150.000,00	3.008.674,27
AV/0277	MATERIALES CERAMICOS, S.L.	28/07/2008	1.750.000,00	1.312.500,00
AV/0311	GRAFICAS DEL NOROESTE, S.A.	28/11/2008	700.000,00	465.431,24
AV/0310	CONSERVAS Y ELABORADOS GUAU, S.A.	28/11/2008	700.000,00	572.663,39
AV/0320-3	GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	19/12/2008	600.000,00	563.368,79
AV/0313	INDUSTRIAS PIZARRERAS GARCIA AGUADO, S.L	19/12/2008	1.470.000,00	1.260.000,00
AV/0329	PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE,SA	02/02/2009	2.450.000,00	1.724.050,15
AV/0335-3	PUERTO DE CELEIRO,SA	02/02/2009	3.600.000,00	2.430.000,00
AV/0335-2	PUERTO DE CELEIRO,SA	02/02/2009	2.400.000,00	1.887.279,47
AV/0327	MADERAS IGLESIAS, S.A.	02/02/2009	5.200.000,00	2.094.034,33
AV/0333	INDUSTRIAS PESADAS DE GALICIA, S.L	02/02/2009	2.000.000,00	528.049,00
AV/0328	CUIÑA, S.A.	23/02/2009	1.512.000,00	1.446.089,66
AV/0350	XUNTOIRA MOBILIARIO DE COCIÑA, S.L.	23/02/2009	563.062,50	546.886,35
AV/0323	FOMENTO DE ARIDOS Y OBRAS, S.L.	23/02/2009	3.080.000,00	1.212.147,93
AV/0357-6	INVERSIONES E INFRAESTRUCTURAS ATLANTE,	23/03/2009	1.250.000,00	1.250.000,00
AV/0359-2	ISIDRO DE LA CAL FRESCO, S.L.	23/03/2009	4.438.700,00	4.400.789,21
AV/0359-1	ISIDRO DE LA CAL FRESCO, S.L.	23/03/2009	7.061.300,00	5.322.099,36
AV/0357-8	INVERSIONES E INFRAESTRUCTURAS ATLANTE,	23/03/2009	1.221.500,00	1.221.500,00
AV/0341	LUMAR NATURAL SEAFOOD. S.A	02/06/2009	1.750.000,00	1.232.927,81
AV/0378	MECANIZADOS RODRIGUEZ FERNANDEZ, S.L.	02/06/2009	3.000.000,02	2.142.297,34
AV/0367	EMBUTIDOS CASTRO BELLO, S.L.	15/07/2009	560.000,00	560.000,00
AV/0385	PORTICO,S.A.	15/07/2009	5.000.000,00	4.639.932,31
AV/0381	CONSERVAS SELECTAS MAR DE COUSO, S.A.	20/10/2009	2.775.000,00	204.415,43
AV/0394-2	BRAURON, S.L.	16/11/2009	301.938,27	293.454,93
AV/0374-1	SUMTEC, S.L.	16/11/2009	1.250.000,00	1.250.000,00
AV/0374-2	SUMTEC, S.L.	16/11/2009	220.000,00	164.827,82
AV/0377	BODEAL, S.L.	16/11/2009	780.000,00	771.431,86
AV/0511	COMERCIAL ANDURIÑA, S.A.	19/04/2010	360.000,00	360.000,00
AV/0597	DYGRA FILMS, S.L.	20/04/2010	1.500.000,00	1.445.716,92
AV/0589	COMERCIALIZACIÓN DE CARNE GALLEGA, S.L.	20/04/2010	200.000,00	193.741,04
AV/0600	AGRICOLA TOMIÑESA, S.L.	20/04/2010	875.000,00	673.936,37
AV/0601-2	AGRICOLA TOMIÑESA, S.L.	20/04/2010	584.500,00	578.607,83
AV/0573	ASESORÍA TÉCNICO SANITARIA ATESA, S.L.	12/05/2010	120.000,00	120.000,00
AV/0607-6	SAN MARTIN,S.A.	01/06/2010	150.000,00	148.500,00
AV/0608-5	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	01/06/2010	320.000,00	252.008,35
AV/0607-5	SAN MARTIN,S.A.	01/06/2010	390.000,00	92.828,94
AV/0608-3	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	01/06/2010	320.000,00	320.000,00
AV/0608-2	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	01/06/2010	320.000,00	308.716,45

AVAIS CONCEDIDOS E RISCOS VIXENTES

Expediente	Razón social	Data concesión	Aval concedido	Risco vivo actual
AV/0608-1	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	01/06/2010	320.000,00	320.000,00
AV/0607-1	SAN MARTIN,S.A.	01/06/2010	180.000,00	168.111,41
AV/0612	DYGRA FILMS, S.L.	01/06/2010	2.450.000,00	2.356.784,12
AV/0607-4	SAN MARTIN,S.A.	01/06/2010	600.000,00	419.997,35
AV/0607-3	SAN MARTIN,S.A.	01/06/2010	240.000,00	240.000,00
AV/0607-2	SAN MARTIN,S.A.	01/06/2010	180.000,00	180.000,00
AV/0607-8	SAN MARTIN,S.A.	01/06/2010	157.500,00	157.500,00
AV/0621	FISTERRA T.I.G., S.L.	28/06/2010	600.000,00	567.229,38
AV/0642	FORMOSO ESTRUCTURAS METALICAS, S.L.	27/07/2010	600.000,00	145.355,78
AV/0598	VIDRIO ORENSE,S.L.	28/09/2010	420.000,00	420.000,00
AV/0693	CARMOBLE,S.A.	15/11/2010	600.000,00	600.000,00
AV/0702	CONSTRUCCIONES MON, S.L.	02/12/2010	500.000,00	500.000,00
AV/0687-7	PAQUITO,S.L.	02/12/2010	501.782,47	462.311,53
AV/0687-1	PAQUITO,S.L.	02/12/2010	1.446.479,78	1.322.931,66
AV/0687-9	PAQUITO,S.L.	02/12/2010	211.087,62	194.483,16
AV/0687-2	PAQUITO,S.L.	02/12/2010	1.324.597,86	1.211.460,04
AV/0687-3	PAQUITO,S.L.	02/12/2010	1.173.990,53	1.073.716,52
AV/0687-4	PAQUITO,S.L.	02/12/2010	1.064.655,90	980.908,00
AV/0687-6	PAQUITO,S.L.	02/12/2010	532.187,82	490.325,15
AV/0687-10	PAQUITO,S.L.	02/12/2010	172.833,75	151.513,58
AV/0687-8	PAQUITO,S.L.	02/12/2010	375.164,46	345.653,48
AV/0687-5	PAQUITO,S.L.	02/12/2010	875.691,00	800.895,64
AV/0692	SAN MARTIN,S.A.	20/12/2010	160.000,00	160.000,00
AV/0770-2	EURO ROCA, S.L.	05/12/2011	150.000,00	87.859,33
AV/0795	FUNDICIONES PARDO, S.L.	20/02/2012	50.000,00	20.997,94
AV/0835-3	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	500.000,00	250.000,02
AV/0835-5	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	250.000,00	134.195,30
AV/0835-6	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	250.000,00	229.166,67
AV/0835-1	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	500.000,00	256.944,43
AV/0835-4	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	500.000,00	276.260,69
AV/0835-2	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	500.000,00	266.283,13
AV/0865	EDITORIAL COMPOSTELA S.A	30/04/2013	1.200.000,00	1.200.000,00
AV/0880	ASOCIACIÓN ASPANAS	20/11/2015	566.250,00	507.273,97
AV/0882-1	ISIDRO 1952, S.L.	28/07/2016	9.103.721,25	0,00 (**)
AV/0882-2	ISIDRO 1952, S.L.	28/07/2016	3.627.841,54	0,00 (**)
AV/0885	IRIS SOC. COOP. GALLEGA DE TRABAJO ASOCIA	31/01/2017	1.315.470,00	1.315.470,00
AV/0887	MECANIZADOS RODRIGUEZ FERNANDEZ, S.L.	27/06/2018	2.124.255,69	0,00 (*)

(*) Avais pendentes de formalizar.
(**) Avais pendentes de efectividade.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
17 DEC. 2018
Núm. 41752

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
17 DEC. 2018
SAIDA
Núm. 462

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes- do director xeral de Defensa do Monte para informar das **"liñas xerais de actuación da dirección".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 17/12/2018 09:16:34

CVE: ZnlzuSYD1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
17 DEC. 2018
Núm. 41753

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
17 DEC. 2018
SAIDA
Num. 463

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes- do director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para informar das **"liñas xerais de actuación da dirección".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 17/12/2018 09:10:34

CVE: SmoBMx1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
17 DEC. 2018
Núm. 41754

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
17 DEC. 2018
SAÍDA
Num. 464

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes- do director xeral de Planificación e Ordenación Forestal para informar das **"liñas xerais de actuación da dirección"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 17/12/2018 09:10:33

CVE: dj1jZFh2A1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 13:44:31
Nº Rexistro: 41544
Data envio: 07/12/2018 13:44:31.700

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación.**

Recentemente varios médicos e médicas internas residentes de cuarto ano que se están a formar no Centro de Saúde de Redondela (Unidade docente de Vigo) foron interpelados pola responsable de docencia da unidade para realizar gardas no propio Punto de Atención Continuada de Redondela substituíndo a un médico ou médica adxunta no propio dispositivo.

A saber: a dotación habitual do PAC de Redondela por plan funcional é de dous médicos ou médicas adxuntas para a realización de cada garda. Ademais, pode haber un MIR que se atopa realizando a formación que estipula o Ministerio de Sanidade (que inclúe a realización de gardas nestes dispositivos).

A proposta da Unidade Docente consistía en que quedaría un único médico-a adxunto para a titorización, aforrando a presenza do segundo, que viría ser ocupada por un/ha MIR de cuarto ano. Entendíase que isto ocorrería de modo transitorio pola situación de incapacidade laboral dun titular e a carencia de médicos e médicas dispoñibles, mais nun comunicado feito público día 5 de decembro xa se deixa entrever a posibilidade de que isto comece a instaurarse como medida habitual (mesmo para a contribución da cobertura de ausencias programables).

Hai escasos anos, o Ministerio estimou oportuno e necesario incrementar a formación MIR de tres a catro anos para optimizar as necesidades de formación

CSV: REXISTRO-C315l5qev-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 13:44:31
Nº Rexistro: 41544
Data envio: 07/12/2018 13:44:31.700

destes profesionais. Foi, sen dúbida, unha ganancia curricular que converteu aos/ás especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria en profesionais valiosísimos para o manexo de pacientes en diversidade de recursos asistenciais, entre eles a consulta ordinaria de Atención Primaria e nos Puntos de Atención Continuada.

A inclusión deste cuarto ano foi establecida polo propio plan formativo da especialidade e obedecía a unhas necesidades que, con esta medida de que os MIR 4 se incorporen a realizar traballo dun adxunto-a se desvirtuaría. O propio ministerio non establece que o médico ou médica residente poda desenvolver legalmente labores de titular ata o remate da formación. Desde un punto de vista ético tampouco se sostén na medida en que atenta contra o dereito á formación dos propios MIR e contra a atención das persoas enfermas por persoal coa titulación esixible (ou no seu defecto cunha titorización efectiva). Resulta especialmente preocupante que a proposta sexa canalizada a través da propia Unidade Docente, que debería velar polo interese superior da formación en óptimas condicións.

A formación propia dun-ha residente de cuarto ano pode capacitalo-a para unha ampla abordaxe de situacións asistenciais e a responsabilidade asumida durante o período formativo é gradual, mais sempre deberá ser titorizada. Isto significa que un MIR NUNCA DEBE QUEDAR SÓ en ausencia dunha supervisión responsable.

Nun dispositivo asistencial onde o plan funcional establece necesaria a presenza de dous efectivos médicos enténdese que a demanda é considerable e suficiente para manter esas dúas figuras. Isto implica, en ocasións, a necesidade de asistir urxencias vitais ou saídas a domicilio con certa prioridade.

CSV: REXISTRO-C315l5qev-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 13:44:31
Nº Rexistro: 41544
Data envio: 07/12/2018 13:44:31.700

En caso de que o médico ou médica titular abandonen o dispositivo para esa asistencia fóra, o MIR debería facelo igualmente por dous motivos: porque non pode quedar só/soa e porque a súa presenza no PAC atende tamén a motivos docentes: ou sexa, para aprender de todas as situacións. Nese contexto, o PAC quedaría desatendido, supoñendo unha exposición innecesaria para as persoas enfermas. (Lembramos as funestas consecuencias que este factor xa tivo na morte dun paciente na Estrada o pasado verán).

Outros factores agravantes desta situación é que se habilita unha vía para utilizar aos MIR como man de obra barata, na medida en que estas gardas serían remuneradas a "prezo MIR". Por outra banda, o feito de que recentemente se tiveran solicitado os calendarios de gardas dos R4 con antelación (e o propio contido do comunicado) pode facer sospeitar que a utilización como recurso asistencial destes médicos e médicas en formación vai ser habitual, desvirtuando, como sostiñamos, o propio sentido da formación MIR.

A situación de déficit estrutural de efectivos médicos da atención primaria, tanto de pediatría (en maior medida) como de medicina de familia (con maior gravidade na área de Vigo), é consecuencia do abandono do investimento neste nivel asistencial sostido ao longo dos últimos anos, como se pode visualizar nos Orzamentos da Xunta.

Pero ademais alude a unha mala programación e a unha perda de perspectiva sobre a importancia deste ámbito asistencial, recoñecido en todos os informes de xestión sanitaria como o máis eficiente, accesible e resolutivo para a saúde das persoas, sen esquecer que é o que máis benestar e confianza suscita (como se aprecia nas sucesivas enquisas á poboación xeral).

CSV: REXISTRO-C315l5qev-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 13:44:31
Nº Rexistro: 41544
Data envio: 07/12/2018 13:44:31.700

Finalmente cómpre facer unha chamada de atención sobre a promoción da precariedade laboral por parte do SERGAS, mesmo antes da incorporación formal ao mercado laboral. A ausencia de programación das necesidades e a sobrecarga asistencial inducen que, ao non poder facerse prevención e promoción da saúde se derive cara a un asistencialismo insostible a medio prazo.

Proponse como alternativa unha dinámica de coidado ás profesionais como elemento máis valioso do sistema con contratos dignos para a súa permanencia. Esta sería a única garantía da súa sostenibilidade cos niveis de calidade asistencial que están a administrar.

En definitiva, ganaría a saúde das persoas e a dignidade das profesionais.

Por este motivo, presentamos a seguinte Interpelación:

1.) Respecta o SERGAS as condicións laborais e formativas dos e das médicas internas residentes conforme ao Programa Nacional da Especialidade do Ministerio de Sanidade evitando utilizalos para a cobertura das necesidades estruturais do SERGAS?.

2.) Como evita o SERGAS fomentar a precariedade laboral e a saturación asistencial, que redunda en malestar para profesionais e pode inducir, por esgotamento, nun déficit de atención para as persoas enfermas?

3.) Recoñece o SERGAS a valía das profesionais sanitarias e o seu protagonismo no sostemento do sistema sanitario, malia a diminución orzamentaria?

4.) Que políticas se están a desenvolver para abordar e programar as necesidades da atención primaria (consultas e PACs) e para dotar orzamentariamente os

CSV: REXISTRO-C315l5qev-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 13:44:31
Nº Rexistro: 41544
Data envio: 07/12/2018 13:44:31.700

recursos suficientes para a súa sostenibilidade digna a curto, medio e longo prazo, dada a súa relevancia na atención sanitaria ás persoas enfermas, ademais do seu valor na prevención e na promoción da saúde?

5.) Que ten planificado o SERGAS para fomentar mecanismos de coordinación eficiente entre a primaria e o hospital, sen relación de subordinación da primeira respecto ao segundo, dada a súa centralidade na atención sanitaria?

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 07/12/2018 13:40:43

CSV: REXISTRO-C315l5qev-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41549
Data envio: 07/12/2018 14:05:06.863

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación.**

A desigualdade salarial está na orixe do proceso crecente de desigualdade que sofre a sociedade galega, ao igual que no resto do estado e mesmo na Unión Europea. Desigualade salarial que ven acompañada de pobreza laboral, isto é de persoas que a pesares de ter un traballo non poden vivir do seu salario.

Canta desigualdade salarial, canta pobreza laboral pode soportar unha sociedade e seguir sendo unha sociedade plenamente democrática? Está a desigualdade salarial en Galicia acercándose a ese limite de intolerancia social?

Para buscar respostas a estas preguntas o primeiro e saber cal é o nivel de desigualdade salarial no noso pais, unha análise que ten como fonte principal o estudo sobre deciles salariais que elabora o Instituto Galego de Estatística distribuíndo as persoas en deciles, isto é, agrupando en dez grupos o total das persoas asalariadas.

A última análise dispoñible é a de 2017, ano no que de media traballaron como asalariadas 822.300 persoas en Galicia, polo que cada decil salarial está formado por 82.000 persoas. O criterio de agrupación é estar nun intervalo cun límite superior e inferior, distribuíndo ao conxunto das persoas e dez intervalos salariais, isto é, en deciles salariais. No decil 1 están as persoas con menores ingresos e no decil 10 as que teñen os mellores salarios, con oito deciles intermedios entre ambos extremos da escala salarial.

CSV: REXISTRO-AQYw6qCw0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41549
Data envio: 07/12/2018 14:05:06.863

A análise da estatística de deciles salariais de 2017 ven a confirmar tres graves problemas do mercado laboral en Galicia: a existencia de moitas persoas con salarios moi baixos, unha inaceptable desigualdade que medra ano tras ano e a perda de poder adquisitivo dos salarios, en especial as persoas que teñen os ingresos máis baixos.

O núcleo central da pobreza laboral está no decil 1 no que esta o 10% das persoas asalariadas de Galicia que teñen os ingresos máis baixos. En 2017 son 82.000 persoas que ingresaron de media 469 euros brutos ao mes en doce meses É o chanzo máis baixo da escala salarial que sitúa as persoas do decil 1 por debaixo do limiar da pobreza e a exclusión social.

A maioría das persoas do decil 1 traballan a tempo parcial, por iso o salario medio é tan baixo, pero na inmensa maioría, traballan por horas porque non poden atopar un traballo a tempo completo.

En todo caso, traballando a tempo parcial ou a tempo completo, hai 82.000 persoas cun ingreso neto por debaixo de 440 euros. Son traballadores pobres, porque o propio IGE establece o limiar da pobreza en 635 euros para unha persoa que viva de forma independente.

Nunha situación algo mellor, pero aínda en pobreza laboral, está o decil 2, porque as persoas que están neste decil tiveron en 2017 un salario medio de 900 euros, cifra que en termos netos en 14 pagas convertese en 725 euros.

Esta cifra está por riba do limiar estatístico de pobreza pero e evidente que unha persoa non pode vivir de forma independente con esta cantidade, e quen non pode vivir do seu salario é un traballador ou unha traballadora pobre.

Un terceiro grupo de persoas asalariadas están por riba da pobreza pero sofren de precariedade salarial. E o decil 3, formado por 82.300 persoas que teñen un salario medio de 1.145 euros brutos, cifra que se transforma en 922 euros netos en 14 pagas.

CSV: REXISTRO-AQYw6qCw0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41549
Data envio: 07/12/2018 14:05:06.863

Utilizando esta cifra como referencia os tres primeiros deciles están por debaixo de mil euros, o que significa que preto de 250.000 persoas que traballan como asalariadas en Galicia non chegan nin a mileuristas. Esta é a realidade salarial do noso pais: case unha de cada tres persoas están en situación de pobreza ou de precariedade salarial.

Pobreza e desigualdade, porque nestes anos non deixaron de medrar a diferenza entre os que máis ingresan e os que teñen salarios máis baixos, isto é, entre o decil 1 e o decil 10.

En 2017 o salario medio do decil 1 foi de 469 mentres que as persoas do decil 10 ingresaron de media 4.496 euros. A ratio entre ambas cifra cuantifica a desigualdade: o salario dos que máis ganan multiplica por dez veces o decil con salarios máis baixos.

Esta é a ratio da desigualdade en Galicia, unha proporción de 10 a 1 entre o decil inferior e superior, determinado máis pola escasa contía dos salarios baixos que por un exceso dos salarios altos.

Unha desigualdade que sendo xa insoportable non deixou de medrar nos últimos anos. No ano 2006 a ratio da desigualade era de 7 a 1, isto é, o salario medio das persoas do decil 10 multiplica por sete veces o decil 1. Esta ratio aumenta de forma sostida, pasando a oito veces en 2008, a nove veces en 2009 ata chegar a 10 veces en 2017.

Esta é a senda da desigualdade en Galicia, porque si comparamos a ratio de 2017 coa de 2006 a diferenza salarial aumentou o 37%, un incremento inaceptable que reflicte o empobrecemento das persoas que ocupan os niveis salariais mais baixos, porque a principal causa de que aumente a diferenza é o maior deterioro dos salarios mais baixos.

Polo exposto, presentase a seguinte Interpelación:

CSV: REXISTRO-AQYw6qCw0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 41549
Data envio: 07/12/2018 14:05:06.863

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Que vai facer a Xunta de Galicia para combater a pobreza laboral e a desigualdade salarial que reflicte o Instituto Galego de Estatística no seu estudo sobre deciles salariais?

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 07/12/2018 14:04:09

CSV: REXISTRO-AQYw6qCw0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 11:18:12
Nº Rexistro: 41559
Data envio: 10/12/2018 11:18:12.170

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Consellería de Sanidade retomou neste 2018 a necesidade de implantar a carreira profesional para o persoal do Sistema sanitario galego, despois de ter paralizado en 2010 esta demanda durante anos ao igual que os acordos xerais cos traballadores aos que chegaron os seus representantes co goberno da Xunta de Galicia no ano 2008, presidido por Emilio Pérez Touriño.

Non entanto, esta aplicación da carreira profesional ten aínda diversas eivas que non son superadas polos acordos chegados. Entre eles, no que afecta ao persoal funcionario sanitario pertencentes á escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria, cabe mencionar que este colectivo non foi incluído no acordo para o desenvolvemento da súa carreira profesional.

Os e as profesionais deste ámbito teñen reivindicado a súa incorporación a este proceso, e diversas melloras respectivas ao seu campo de traballo, máis non son atendidas pola Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que a Xunta de Galicia non incorpora aos citados conxuntos de profesionais ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional?

2. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar a súa posición sobre a incorporación destes conxuntos de profesionais a este acordo?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-sUYSHV9Xk-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/12/2018 11:16:22

Noela Blanco Rodríguez na data 10/12/2018 11:16:28

CSV: REXISTRO-sUYSHV9Xk-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:55:36
Nº Rexistro: 41591
Data envio: 10/12/2018 16:55:36.143

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Atención Primaria é un elemento central no bo funcionamento dun sistema sanitario, pola súa capacidade resolutiva e pola repercusión que sobre todo o sistema ten o que ocorre nos centros de atención primaria. A optimización do seu rendemento produce maior liberación de traballo dos centros hospitalarios. Por un lado pola resolución de problemas en primeira instancia que, de non ser afrontados, agrávanse ata provocar ingresos e tratamentos máis complexos. Tamén un bo funcionamento da atención primaria xera menores frecuentacións dos e das pacientes ás urxencias hospitalarias, sensibles á acumulación de casos.

De maneira reiterada colectivos profesionais, sindicatos, persoas usuarias e persoal do Sergas vén denunciando durante os últimos tempos a perda progresiva de recursos materiais e humanos que dificultan, cada vez máis, a posibilidade de ofrecer un servicio de calidade á cidadanía. A política de recursos humanos da Consellería de Sanidade está desequilibrando a capacidade asistencial dos centros, non substituíndo os e as profesionais e agrupando servicios e atención nos centros de atención primaria das cabeceiras de comarca, co obxectivo de recortar o gasto a pesares das consecuencias na calidade de asistencia. Esta apenas nula cobertura de médicos/as de familia e pediatras vén provocando incerteza e inquedanza na poboación, que comproba como está perdendo servizos de maneira progresiva. Só na comparativa dos orzamentos presentados pola propia Xunta de Galicia recóllese que o número de profesionais en Atención Primaria previsto para 2018 era de 8419, mentres que para 2019 reducíase en 58 efectivos ata quedar en 8361.

No que corresponde aos recursos materiais, a capacidade de atención primaria vén estando recortada tamén polas minguantes partidas destinadas a atención primaria, en favor doutros investimentos inconcretos e ás veces non de todo xustificados noutros eidos da consellería.

No Plan funcional, mentres se recortan materiais e persoal os e as profesionais vén acumuladas as súas tarefas administrativas e de coordinación, pero non aumentan as súas oportunidades de aplicación profesional nun posible aumento do catálogo de probas diagnósticas que poden determinar, ou co intento de limitar

CSV: REXISTRO-yqKBmwA5W-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a prescrición da enfermería que mantiveron os gobernos do PP dificultando o funcionamento cotiá e real dos servizos.

Por varios destes motivos sinalados e por outras cuestións específicas, vénse de coñecer a renuncia conxunta á xefatura de servizo de numerosos profesionais da área sanitaria de Vigo, que denuncian así a inacción e oídos xordos da consellería ante as súas demandas. Esta dimisión en bloque pon en entredito de maneira definitiva a capacidade da consellería de resolver os problemas xurdidos cos profesionais, como xa ocorrera co intento de aplicación da figura do pediatra de área.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Acepta a Xunta de Galicia que a dimisión en bloque de numerosos/as xefes/as de servizo de atención primaria supón un punto de necesaria inflexión da súa política sanitaria?
2. Considera a Xunta de Galicia que os motivos que levan á dimisión a numerosos/as xefes/as de servizo de atención primaria son xustificados?
3. Que accións ou propostas ten desenvolvido a Consellería de Sanidade dende que foi coñecedora da intención de dimitir por parte dos e das xefes e xefas de servizo de atención primaria que o fixeron?
4. Que valoración fai a Consellería de Sanidade da situación xurdida na área sanitaria de Vigo en torno á atención primaria?
5. Que ten previsto facer a Xunta de Galicia ante a dimisión en bloque de numerosos/as xefes/as de servizo do área sanitaria de Vigo?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/12/2018 16:48:28

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/12/2018 16:48:35

CSV: REXISTRO-yqKBmwA5W-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Noela Blanco Rodríguez na data 10/12/2018 16:48:41

CSV: REXISTRO-yqKBmwA5W-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:59:02
Nº Rexistro: 41597
Data envio: 10/12/2018 16:59:02.469

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionadas.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: "*Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira*."

E no artigo 105.1 establece: *"de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais."*

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

CSV: REXISTRO-1qAKhc8CC-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:59:02
Nº Rexistro: 41597
Data envio: 10/12/2018 16:59:02.469

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado "Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais", documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes

2. Introdución

3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

3.1. Financiamento local.

3.1.3.Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.

3.1.4.Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado nesta lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando O Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

CSV: REXISTRO-1qAKhc8CC-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:59:02
Nº Rexistro: 41597
Data envio: 10/12/2018 16:59:02.469

Á vista destes datos, as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Vai o Goberno galego presentar un proxecto de lei que regule a participación no financiamento dos concellos galegos?

2ª) Vai o Goberno galego Incrementar as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, integrándoas no Fondo de Cooperación Local?

3ª) Vai o Goberno galego establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, cos obxectivos consensuados coa Fegamp, garantindo a igualdade de acceso para todas elas con convocatorias públicas ás que concorreran todos os concellos en igualdade de condicións?

4ª) Vai o Goberno galego establecer un acordo para que o canon da auga se reparta con criterios obxectivos e se traslade unha parte da súa execución ás entidades locais, de xeito que poidan recibir como transferencias de capital unha porcentaxe significativa das recadacións que se levan en cada concello?

5ª) Vai o Goberno galego crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

CSV: REXISTRO-1qAKhc8CC-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/12/2018 16:58:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/12/2018 16:58:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/12/2018 16:58:14

CSV: REXISTRO-1qAKhc8CC-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:38:33
Nº Rexistro: 41601
Data envio: 10/12/2018 17:38:33.919

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En moitos lugares de Galicia estanse a dar unha serie de acontecementos que inciden negativamente nas condicións medioambientais da Comunidade Autónoma e ante os que cómpre establecer medidas para evitar calquera actuación lesiva. Un deses acontecementos son os vertedoiros ilegais que, a pesares do elevado investimento (de tempo e de cartos públicos na limpeza e/ou na clausura), seguen a afectar a moitos lugares con verteduras de todo tipo, segundo denuncia a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN).

Di esta entidade que persoas e empresas sen escrúpulos non xestionan conforme á lexislación os residuos que xeran, depositando calquera cousa, de calquera xeito, en calquera sitio da nosa xeografía. Así, atópanse verteduras de residuos de construción e demolición, amianto, enxoval doméstico, supostos tecnosolos, pneumáticos ou lodos de depuradoras. E non é preciso explicar os impactos directos e indirectos, a curto e a longo prazo, sobre a paisaxe, o medio natural e a saúde das persoas. Nestes días, un alto cargo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil cualificaba, con moita razón, estes vertedoiros ilegais como "parcelas de sacrificio".

O Grupo Parlamentario Socialista entende que a loita contra o abandono indiscriminado de lixo e residuos débese facer a través de políticas proporcionadas e efectivas que potencien a prevención e a sensibilización e combatan os comportamentos incívicos, como a proposta da SGHN sobre a instalación obrigatoria dun xeolocalizador GPS en todos os vehículos autorizados para transporte de residuos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. A loita contra o abandono indiscriminado de lixo e residuos é unha prioridade para o Goberno da Xunta de Galicia?
2. Entende o Goberno que esta loita se debe facer mediante políticas proporcionadas e efectivas que potencien a prevención e a sensibilización e combatan os comportamentos incívicos? Estase a facer así?

CSV: REXISTRO-vCaFhx6SR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 17:38:33
Nº Rexistro: 41601
Data envío: 10/12/2018 17:38:33.919

3. Cantos vertedoiros ilegais ten detectado o Goberno dende o ano 2009 ata hoxe? Cantos procedementos sancionadores ten aberto? Cantos rematados con sanción?

4. Vai elaborar o Goberno un decreto para a instalación obrigatoria en todos os vehículos autorizados para transporte de residuos dun xeolocalizador GPS, coa fin de recoñecer a existencia de "parcelas de sacrificio" no país e a identidade das persoas e entidades que están a incumprir a lei?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/12/2018 17:34:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/12/2018 17:34:10

María Luisa Pierres López na data 10/12/2018 17:34:14

CSV: REXISTRO-vCaFhx6SR-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 09:57:48
Nº Rexistro: 41612
Data envio: 11/12/2018 09:57:48.974

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Varias son as cuestións que levan a moitas mulleres a retrasar a súa maternidade. Os motivos laborais solen ser os máis habituais, pois a muller en idade fértil tamén se atopa na súa etapa máis produtiva laboralmente, e pode querer encontrar estabilidade laboral ou promocionarse antes de ter fillos. Tamén se teñen alegado motivos máis persoais, como o desexo de atopar unha parella coa que ter fillos e formar unha familia.

A opción entre carreira profesional e maternidade non debería ser un dilema, senón que se deberían tomar as medidas necesarias para permitir ás mulleres que así o desexan, decidir cando van a ser nais, sen que isto paralice a súa carreira profesional.

O retraso da idade de xestación non fai máis que postergar a xestación e pospón os problemas de conciliación que supón a maternidade. Os conflitos relacionados coa maternidade que non se tiveron antes se terán despois. Se a idades temperás podería existir unha incompatibilidade entre a maternidade e o traballo nunha empresa competitiva, a mesma incompatibilidade se producirá en idades maduras nas que as persoas acceden a postos de dirección e dos que se poderá excluír ás mulleres que deciden, entón si, ter fillos. O problema que para a empresa supón perder temporalmente a unha moza traballadora (mentres está de baixa por maternidade) se incrementará porque perderá a unha muller madura, en postos máis elevados, salvo que decida, simplemente, non promocionala.

Todo isto non fai máis que reflectir as dificultades reais coas que se atopan as mulleres e non os homes que queren ter unha carreira profesional á vez que queren formar unha familia. A conxelación de óvulos é unha solución que podería beneficiar ás empresas na captación de novos talentos, pero non ás mulleres. As decisións que alienen ás mulleres, ó longo, non benefician a ninguén.

Nunha comunidade con serios problemas de perda de poboación e envellecemento da mesma, é necesario traballar para atopar medidas que fomenten a protección da maternidade e a conciliación da vida familiar e laboral.

CSV: REXISTRO-E6ThVOjMG-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 09:57:48
Nº Rexistro: 41612
Data envío: 11/12/2018 09:57:48.974

E máis alá das políticas de conciliación, é preciso desmontar a perigosa idea de moitas compañías, medios de comunicación e clínicas privadas dedicadas a facilitar a fecundación das mulleres, de que a fecundidade das mulleres pode prolongarse no tempo.

Lembremos que España é país líder mundial en técnicas de reprodución asistida, e o país europeo con máis centros, nun número de 383 tanto públicos como privados. Mentres na cidade de Oslo hai dous anos había só dous centros, en Madrid se contaba xa con 48, unha comparativa que é ben significativa.

Prolongación que nun índice altísimo precisa de axuda clínica, que en ningún caso, senón ten unha patoloxía demostrada para a súa infertilidade, será facilitada desde a sanidade pública, e cunha idade límite dos 40 anos. Polo tanto un privilexio que corresponde só a aquelas persoas con capacidade económica para poder afrontar procesos que chegan a ser de miles de euros e levando incluso a petición de préstamos persoais para poder afrontar os custos.

No ano 2015, último ano do que se teñen datos do "Rexistro Nacional de Actividade 2015-Rexistro SEF" do propio "Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade", foron 2093 ciclos por inseminación artificial (entre parellas e con donante) e 3721 os ciclos por fecundación in vitro ós que se someteron as galegas, e segundo os datos facilitados por 12 centros (2 públicos e 8 privados) dos 15 presentes na nosa comunidade.

Un 70 % dos ciclos son en mulleres de máis de 35 anos e un 18,5 % de maiores de 40 anos.

Un 18 % dos ciclos por FIV finalizan con éxito en partos. Isto é se estima en 670 bebés nados por FIV en Galicia, segundo os datos aportados polo 88% dos centros. Un 10% dos ciclos por IAC e IAD rematan en partos, isto é uns 210 bebés nados.

Entre ámbalas dúas, aproximadamente uns 880 partos con éxito, pero que en total significa que só unha media dun 14 % dos ciclos ós que se someten as mulleres rematan en éxito, porcentaxe que se reduce significativamente segundo a idade das nais xestantes.

CSV: REXISTRO-E6ThVOjMG-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso desmontar o mito de que a día de hoxe unha muller pode ser nai case a calquera idade. Algo que xoga perigosamente coas expectativas das parellas e mulleres que deciden retrasar a súa maternidade no tempo, ata atopar un momento mellor. Só a información ben recibida pode facilitar unha boa toma de decisións. I é imprescindible que as mulleres e unidades familiares de Galicia se sintan ben informadas para poder decidir, de ser o seu desexo, como e cando queren exercer a súa maternidade e paternidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto o Goberno galego a posta en práctica dalgunha medida ou campaña de prevención da fertilidade no territorio galego?
2. Que medidas está a considerar para evitar que sexan cada día máis as mulleres que, trala decisión de retrasar no tempo a súa maternidade e o nacemento do seu primeiro fillo/filla, se atopen con problemas de fertilidade?
3. Cree que están as mulleres galegas perfectamente informadas e asesoradas sobre a vida útil da súa fertilidade?
4. Entende que o incremento de clínicas e centros de asistencia á reprodución asistida, quince na nosa comunidade, son a resposta a unha demanda cada día máis grande de técnicas reprodutivas que permitan resolver os problemas de fertilidade das mulleres galegas?
5. Cree que son suficientes os medios e número de centros de reprodución asistida dependentes do Sergas na nosa comunidade?
6. Considera axeitados os prazos de atención das pacientes dos servicios de reprodución asistida do Sergas, en especial para os tratamentos de fecundación in vitro?
7. Para cando un servizo de reprodución asistida que oferte FIV en Ourense?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-E6ThVOjMG-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 09:57:48
Nº Rexistro: 41612
Data envio: 11/12/2018 09:57:48.974

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 11/12/2018 09:56:01

María Dolores Toja Suárez na data 11/12/2018 09:56:07

Julio Torrado Quintela na data 11/12/2018 09:56:14

Noela Blanco Rodríguez na data 11/12/2018 09:56:20

CSV: REXISTRO-E6ThVOjMG-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 16:40:12
Nº Rexistro: 41673
Data envio: 12/12/2018 16:40:12.104

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, acaba de cumprir 12 anos cunha bagaxe certamente pobre. Así, aos recortes orzamentarios e normativos do anterior Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijoo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custos ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.

A chegada ao Goberno de España do PSOE comezou a reverter en pouco tempo os retallos levados a cabo polo anterior executivo do PP, garantindo unha mellora do financiamento por parte do Estado, e a recuperación á cotización á Seguridade Social das persoas que coidan a algún familiar con dependencia.

Segundo datos recentes do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, en Galicia hai máis de 80.000 persoas que solicitaron as axudas da dependencia. Delas 66.000 teñen este dereito xa recoñecido, e unhas 55.000 están a recibir a prestación. Pero a comunidade autónoma galega ten segundo datos do IGE 240.000 maiores de 80 anos, e 232.000 persoas con discapacidade. O último informe do Ministerio de Sanidade, do pasado 28 de febreiro de 2018, sinala que en Galicia pediron unha prestación o 2,98 % dos galegos, unha das porcentaxes máis baixas de España, e as únicas autonomías con menor taxa son Baleares, Canarias e Valencia, onde a pirámide demográfica é moi distinta.

Recentemente coñeciamos o XVIII informe do observatorio da *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, que amosa unha vez máis datos preocupantes sobre a situación do sistema de dependencia e Galicia. Segundo se reflicte no propio informe a pesares de que Galicia incrementou o número de persoas atendidas

CSV: REXISTRO-iuPtQwrSu-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 16:40:12
Nº Rexistro: 41673
Data envio: 12/12/2018 16:40:12.104

nestes últimos anos, como consecuencia da aplicación progresiva desta lei, a atención centrouse en servizos de baixo custe (o servizo de atención a domicilio representa xa o 32 % do total das prestacións), en cambio nos servizos que maior esforzo orzamentario precisan, como a atención residencial, nin sequera logrou manter a taxa de reposición do ano anterior, pechando o exercicio con 78 prazas residenciais menos. Motivo polo cal o promedio do gasto público por dependente e por habitante atendido en Galicia sitúase moi por debaixo da media estatal.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como valora a Xunta de Galicia a porcentaxe de poboación potencialmente dependente atendida na actualidade en Galicia?
2. A que cre o Goberno galego que se debe que a nosa sexa unha das comunidades autónomas con menor índice de poboación potencialmente atendida?
3. Por que reduciu a Xunta de Galicia nestes últimos anos o gasto por dependente?
4. Ten previsto o Goberno galego incrementar o gasto público por dependente atendido na X lexislatura?
5. Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia está potenciando o servizo de axuda a domicilio en detrimento doutros servizos?
6. Cando ten previsto o Goberno galego ter ao 100 % do seu funcionamento as residencias de maiores anunciadas para as sete cidades galegas?
7. Que consecuencias tivo para o sistema de dependencia de Galicia a supresión do nivel acordado e o retallo mínimo aprobados polo Real decreto lei 20/2012?
8. En cantas ocasións reclamou oficialmente a Xunta de Galicia ao Goberno de España o cumprimento do reparto do financiamento do sistema de dependencia entre o Goberno autonómico e o estatal?

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-iuPtQwrSu-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/12/2018 16:38:51

Julio Torrado Quintela na data 12/12/2018 16:38:57

CSV: REXISTRO-iuPtQwrSu-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 13:45:31
Nº Rexistro: 41546
Data envio: 07/12/2018 13:45:31.827

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Recentemente varios médicos e médicas internas residentes de cuarto ano que se están a formar no Centro de Saúde de Redondela (Unidade docente de Vigo) foron interpelados pola responsable de docencia da unidade para realizar gardas no propio Punto de Atención Continuada de Redondela substituíndo a un médico ou médica adxunta no propio dispositivo.

A saber: a dotación habitual do PAC de Redondela por plan funcional é de dous médicos ou médicas adxuntas para a realización de cada garda. Ademais, pode haber un MIR que se atopa realizando a formación que estipula o Ministerio de Sanidade (que inclúe a realización de gardas nestes dispositivos).

A proposta da Unidade Docente consistía en que quedaría un único médico-a adxunto para a titorización, aforrando a presenza do segundo, que viría ser ocupada por un/ha MIR de cuarto ano. Entendíase que isto ocorrería de modo transitorio pola situación de incapacidade laboral dun titular e a carencia de médicos e médicas dispoñibles, mais nun comunicado feito público día 5 de decembro xa se deixa entrever a posibilidade de que isto comece a instaurarse como medida habitual (mesmo para a contribución da cobertura de ausencias programables).

Hai escasos anos, o Ministerio estimou oportuno e necesario incrementar a formación MIR de tres a catro anos para optimizar as necesidades de formación

CSV: REXISTRO-iAIfuxFiv-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 13:45:31
Nº Rexistro: 41546
Data envio: 07/12/2018 13:45:31.827

destes profesionais. Foi, sen dúbida, unha ganancia curricular que converteu aos/ás especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria en profesionais valiosísimos para o manexo de pacientes en diversidade de recursos asistenciais, entre eles a consulta ordinaria de Atención Primaria e nos Puntos de Atención Continuada.

A inclusión deste cuarto ano foi establecida polo propio plan formativo da especialidade e obedecía a unhas necesidades que, con esta medida de que os MIR 4 se incorporen a realizar traballo dun adxunto-a se desvirtuaría. O propio ministerio non establece que o médico ou médica residente poda desenvolver legalmente labores de titular ata o remate da formación. Desde un punto de vista ético tampouco se sostén na medida en que atenta contra o dereito á formación dos propios MIR e contra a atención das persoas enfermas por persoal coa titulación esixible (ou no seu defecto cunha titorización efectiva). Resulta especialmente preocupante que a proposta sexa canalizada a través da propia Unidade Docente, que debería velar polo interese superior da formación en óptimas condicións.

A formación propia dun-ha residente de cuarto ano pode capacitalo-a para unha ampla abordaxe de situacións asistenciais e a responsabilidade asumida durante o período formativo é gradual, mais sempre deberá ser titorizada. Isto significa que un MIR NUNCA DEBE QUEDAR SÓ en ausencia dunha supervisión responsable.

Nun dispositivo asistencial onde o plan funcional establece necesaria a presenza de dous efectivos médicos enténdese que a demanda é considerable e suficiente para manter esas dúas figuras. Isto implica, en ocasións, a necesidade de asistir urxencias vitais ou saídas a domicilio con certa prioridade.

CSV: REXISTRO-iAIfuxFiv-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 13:45:31
Nº Rexistro: 41546
Data envio: 07/12/2018 13:45:31.827

En caso de que o médico ou médica titular abandonen o dispositivo para esa asistencia fóra, o MIR debería facelo igualmente por dous motivos: porque non pode quedar só/soa e porque a súa presenza no PAC atende tamén a motivos docentes: ou sexa, para aprender de todas as situacións. Nese contexto, o PAC quedaría desatendido, supoñendo unha exposición innecesaria para as persoas enfermas. (Lembramos as funestas consecuencias que este factor xa tivo na morte dun paciente na Estrada o pasado verán).

Outros factores agravantes desta situación é que se habilita unha vía para utilizar aos MIR como man de obra barata, na medida en que estas gardas serían remuneradas a "prezo MIR". Por outra banda, o feito de que recentemente se tiveran solicitado os calendarios de gardas dos R4 con antelación (e o propio contido do comunicado) pode facer sospeitar que a utilización como recurso asistencial destes médicos e médicas en formación vai ser habitual, desvirtuando, como sostiñamos, o propio sentido da formación MIR.

A situación de déficit estrutural de efectivos médicos da atención primaria, tanto de pediatría (en maior medida) como de medicina de familia (con maior gravidade na área de Vigo), é consecuencia do abandono do investimento neste nivel asistencial sostido ao longo dos últimos anos, como se pode visualizar nos Orzamentos da Xunta.

Pero ademais alude a unha mala programación e a unha perda de perspectiva sobre a importancia deste ámbito asistencial, recoñecido en todos os informes de xestión sanitaria como o máis eficiente, accesible e resolutivo para a saúde das persoas, sen esquecer que é o que máis benestar e confianza suscita (como se aprecia nas sucesivas enquisas á poboación xeral).

CSV: REXISTRO-iAIfuxFiv-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 13:45:31
Nº Rexistro: 41546
Data envio: 07/12/2018 13:45:31.827

Finalmente cómpre facer unha chamada de atención sobre a promoción da precariedade laboral por parte do SERGAS, mesmo antes da incorporación formal ao mercado laboral. A ausencia de programación das necesidades e a sobrecarga asistencial inducen que, ao non poder facerse prevención e promoción da saúde se derive cara a un asistencialismo insostible a medio prazo.

Proponse como alternativa unha dinámica de coidado ás profesionais como elemento máis valioso do sistema con contratos dignos para a súa permanencia. Esta sería a única garantía da súa sostenibilidade cos niveis de calidade asistencial que están a administrar.

En definitiva, ganaría a saúde das persoas e a dignidade das profesionais.

Por este motivo, formulamos a seguinte Pregunta:

-Respecta o SERGAS as condicións laborais e formativas dos e das médicas internas residentes conforme ao Programa Nacional da Especialidade do Ministerio de Sanidade evitando utilizalos para a cobertura das necesidades estruturais do SERGAS e reforzando orzamentariamente a Atención Primaria para evitalo con políticas dignas de cobertura profesional?.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO-iAlfuxFiv-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2018 13:45:31
Nº Rexistro: 41546
Data envio: 07/12/2018 13:45:31.827

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 07/12/2018 13:34:51

CSV: REXISTRO-iAIfuxFiv-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 11:18:27
Nº Rexistro: 41560
Data envio: 10/12/2018 11:18:27.989

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A Consellería de Sanidade retomou neste 2018 a necesidade de implantar a carreira profesional para o persoal do Sistema sanitario galego, despois de ter paralizado en 2010 esta demanda durante anos ao igual que os acordos xerais cos traballadores aos que chegaron os seus representantes co goberno da Xunta de Galicia no ano 2008, presidido por Emilio Pérez Touriño.

Non entanto, esta aplicación da carreira profesional ten aínda diversas eivas que non son superadas polos acordos chegados. Entre eles, no que afecta ao persoal funcionario sanitario pertencentes á escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria, cabe mencionar que este colectivo non foi incluído no acordo para o desenvolvemento da súa carreira profesional.

Os e as profesionais deste ámbito teñen reivindicado a súa incorporación a este proceso, e diversas melloras respectivas ao seu campo de traballo, máis non son atendidas pola Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia non incorpora aos citados conxuntos de profesionais ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/12/2018 11:15:28

CSV: REXISTRO-dcTDPT6e5-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Noela Blanco Rodríguez na data 10/12/2018 11:15:34

CSV: REXISTRO-dcTDPT6e5-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:26:37
Nº Rexistro: 41574
Data envio: 10/12/2018 13:26:37.071

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Galicia afronta un serio problema coa auga. Consume máis que o resto do Estado -138 litros ao día, dous máis que a media do territorio español– e perde unha cantidade maior. Dos 258,6 millóns de metros cúbicos de auga que se distribuíron no ano 2016, extraviáronse 70,77 por fugas ou avarías, unha cantidade que equivale á necesaria para abastecer durante un mes a tódolos fogares de Cataluña e Madrid, ou durante un ano aos habitantes de Estremadura, segundo os datos do último informe do Instituto Nacional de Estatística sobre o subministro e o saneamento da auga. Isto supón que Galicia perde o 27,3% da auga, unha porcentaxe que supera en case dous puntos a media actual do Estado e en once puntos a que tiña a propia comunidade fai dous anos.

A pésima xestión da auga en Galicia reviste especial gravidade nun momento como o actual, no que as secas se converteron nunha ameaza recorrente. A seca que padecemos o ano pasado non foi un fenómeno puntual e extraordinario, senón o síntoma dun cambio climático que se está a producir en todo o planeta. Nesta liña manifestouse o Consello Económico e Social, que no seu recente informe de 2017 "insta a impulsar plans que melloren a xestión e o uso da auga, clarifiquen competencias e ordenen as competencias administrativas no uso deste ben público".

Augas de Galicia tería que tomar a iniciativa nesta cuestión, xa que é o ente público ao que lle corresponde garantir a utilización sustentable e racional da

CSV: REXISTRO-Nb5cpN9kV-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:26:37
Nº Rexistro: 41574
Data envio: 10/12/2018 13:26:37.071

auga; garantir a eficacia na prestación de servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración; e reducir a contaminación causada polas verteduras; etcétera. Porén, a xulgar polos datos que temos sobre a mesa, é obvio que non está facendo correctamente o seu traballo.

A falta de auga ten efectos funestos tanto a curto como a longo prazo, xa que, entre outras cousas, prexudica enormemente ao sector primario, que tanto peso ten no conxunto do tecido produtivo galego. Así, a xestión dos recursos hídricos tería que ser unha das prioridades do Goberno galego, non só por razóns de urxencia medioambiental, senón tamén por motivos económicos.

Por todo o exposto, preséntanse a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas se van poñer en marcha dende a Xunta de Galicia para xestionar de maneira responsable os recursos hídricos?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sanchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: REXISTRO-Nb5cpN9kV-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 13:26:37
Nº Rexistro: 41574
Data envio: 10/12/2018 13:26:37.071

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Marcos Cal Ogando na data 10/12/2018 13:23:12

Antón Sánchez García na data 10/12/2018 13:23:27

CSV: REXISTRO-Nb5cpN9kV-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:47:16
Nº Rexistro: 41585
Data envio: 10/12/2018 16:47:16.670

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: "*Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira*."

E no artigo 105.1 establece: *"de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais."*

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

CSV: REXISTRO-vRAgeAdph-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2018 16:47:16
Nº Rexistro: 41585
Data envio: 10/12/2018 16:47:16.670

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado "Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais", documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes

2. Introdución

3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

3.1. Financiamento local.

3.1.3.Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.

3.1.4.Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado nesta lexislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando O Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

CSV: REXISTRO-vRAgeAdph-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Á vista destes datos, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego presentar un proxecto de lei que regule a participación no financiamento dos concellos galegos?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/12/2018 16:39:03

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/12/2018 16:39:10

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/12/2018 16:39:17

CSV: REXISTRO-vRAgeAdph-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 09:58:30
Nº Rexistro: 41613
Data envio: 11/12/2018 09:58:30.229

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Varias son as cuestións que levan a moitas mulleres a retrasar a súa maternidade. Os motivos laborais solen ser os máis habituais, pois a muller en idade fértil tamén se atopa na súa etapa máis produtiva laboralmente, e pode querer encontrar estabilidade laboral ou promocionarse antes de ter fillos. Tamén se teñen alegado motivos máis persoais, como o desexo de atopar unha parella coa que ter fillos e formar unha familia.

A opción entre carreira profesional e maternidade non debería ser un dilema, senón que se deberían tomar as medidas necesarias para permitir ás mulleres que así o desexan, decidir cando van a ser nais, sen que isto paralice a súa carreira profesional.

O retraso da idade de xestación non fai máis que postergar a xestación e pospón os problemas de conciliación que supón a maternidade. Os conflitos relacionados coa maternidade que non se tiveron antes se terán despois. Se a idades temperás podería existir unha incompatibilidade entre a maternidade e o traballo nunha empresa competitiva, a mesma incompatibilidade se producirá en idades maduras nas que as persoas acceden a postos de dirección e dos que se poderá excluír ás mulleres que deciden, entón si, ter fillos. O problema que para a empresa supón perder temporalmente a unha moza traballadora (mentres está de baixa por maternidade) se incrementará porque perderá a unha muller madura, en postos máis elevados, salvo que decida, simplemente, non promocionala.

Todo isto non fai máis que reflectir as dificultades reais coas que se atopan as mulleres e non os homes que queren ter unha carreira profesional á vez que queren formar unha familia. A conxelación de óvulos é unha solución que podería beneficiar ás empresas na captación de novos talentos, pero non ás mulleres. As decisións que alienen ás mulleres, ó longo, non benefician a ninguén.

Nunha comunidade con serios problemas de perda de poboación e envellecemento da mesma, é necesario traballar para atopar medidas que fomenten a protección da maternidade e a conciliación da vida familiar e laboral.

CSV: REXISTRO-TiOpHlxOP-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 09:58:30
Nº Rexistro: 41613
Data envio: 11/12/2018 09:58:30.229

E máis alá das políticas de conciliación, é preciso desmontar a perigosa idea de moitas compañías, medios de comunicación e clínicas privadas dedicadas a facilitar a fecundación das mulleres, de que a fecundidade das mulleres pode prolongarse no tempo.

Lembremos que España é país líder mundial en técnicas de reprodución asistida, e o país europeo con máis centros, nun número de 383 tanto públicos como privados. Mentres na cidade de Oslo hai dous anos había só dous centros, en Madrid se contaba xa con 48, unha comparativa que é ben significativa.

Prolongación que nun índice altísimo precisa de axuda clínica, que en ningún caso, senón ten unha patoloxía demostrada para a súa infertilidade, será facilitada desde a sanidade pública, e cunha idade límite dos 40 anos. Polo tanto un privilexio que corresponde só a aquelas persoas con capacidade económica para poder afrontar procesos que chegan a ser de miles de euros e levando incluso a petición de préstamos persoais para poder afrontar os custos.

No ano 2015, último ano do que se teñen datos do "Rexistro Nacional de Actividade 2015-Rexistro SEF" do propio "Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade", foron 2093 ciclos por inseminación artificial (entre parellas e con donante) e 3721 os ciclos por fecundación in vitro ós que se someteron as galegas, e segundo os datos facilitados por 12 centros (2 públicos e 8 privados) dos 15 presentes na nosa comunidade.

Un 70 % dos ciclos son en mulleres de máis de 35 anos e un 18,5 % de maiores de 40 anos.

Un 18 % dos ciclos por FIV finalizan con éxito en partos. Isto é se estima en 670 bebés nados por FIV en Galicia, segundo os datos aportados polo 88% dos centros. Un 10% dos ciclos por IAC e IAD rematan en partos, isto é uns 210 bebés nados.

Entre ámbalas dúas, aproximadamente uns 880 partos con éxito, pero que en total significa que só unha media dun 14 % dos ciclos ós que se someten as mulleres rematan en éxito, porcentaxe que se reduce significativamente segundo a idade das nais xestantes.

CSV: REXISTRO-TiOpHlxOP-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso desmontar o mito de que a día de hoxe unha muller pode ser nai case a calquera idade. Algo que xoga perigosamente coas expectativas das parellas e mulleres que deciden retrasar a súa maternidade no tempo, ata atopar un momento mellor. Só a información ben recibida pode facilitar unha boa toma de decisións. I é imprescindible que as mulleres e unidades familiares de Galicia se sintan ben informadas para poder decidir, de ser o seu desexo, como e cando queren exercer a súa maternidade e paternidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cree o Goberno galego que están as mulleres galegas perfectamente informadas sobre a vida útil da súa fertilidade?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 11/12/2018 09:54:40

María Dolores Toja Suárez na data 11/12/2018 09:54:47

Julio Torrado Quintela na data 11/12/2018 09:54:53

Noela Blanco Rodríguez na data 11/12/2018 09:54:58

CSV: REXISTRO-TiOpHlxOP-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:10:10
Nº Rexistro: 41622
Data envio: 11/12/2018 11:10:10.243

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno.**

Ven de presentarse perante as Cortes do Estado o proxecto de orde polo que se reparten determinadas especies compartidos entre distintos caladoiros e se modifican certos aspectos das distintas ordes que regulan a actividade pesqueira en augas españolas e europeas.

Esta orde consagra unha vez máis determinadas decisións e medidas que poden ser moi prexudiciais para a frota galega, ademais de flexibilizar a utilización da transferencia de cotas.

Entre as situacións de maior relevancia, sitúase unha vez máis a prevalencia de determinados sectores de frota industrial sobre o resto de segmentos, o que incide na aposta pola frota industrial menos selectiva contra a frota artesanal.

Por todo isto as deputadas asinantes formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do proxecto de orde de reparto de especies que ven de ser presentado polo Goberno Central?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018.

CSV: REXISTRO-7EAPptflz-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:10:10
Nº Rexistro: 41622
Data envio: 11/12/2018 11:10:10.243

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 11/12/2018 11:07:57

Paula Quinteiro Araújo na data 11/12/2018 11:08:05

CSV: REXISTRO-7EAPptflz-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:09:34
Nº Rexistro: 41645
Data envio: 11/12/2018 17:09:34.368

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e **Marcos Cal Ogando,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno.**

O bosque Ridimoas, en Beade (Ourense) é un espazo protexido cunha superficie boscosa de máis de 400 hectáreas, de gran valor biolóxico, científico e educativo, no que residen especies en perigo de extinción e se realizan traballos de erradicación de flora alóctona, como mimosas e eucaliptos, repoñendo con vexetación autóctona á vez que se mellora a capacidade de carga de hábitats coma os acuáticos, os lugares de alimentación de fauna silvestre e prevención de incendios forestais, sendo o espazo forestal que máis mellorou a súa calidade biolóxica nos últimos 30 anos.

En 1988 a actividade extraescolar Aula Verde da Universidade Laboral de Ourense, constitúese en asociación cultural ecolóxica e comeza a mercar parcelas na paraxe de Ridimoas (Río de Moas) e adopta ese nome, acadando varios premios nacionais e autonómicos, como o premio Bandeira Verde, así como o recoñecemento da UNESCO como a mellor estratexia de conservación dun bosque no programa "Hay un mundo que construír".

Ata o ano 2008 o bosque funciona como **vedado de caza** e, desde ese ano, as parcelas adquiridas acadan a **consideración de Refuxio de Fauna**, por segregación das parcelas segregadas do TECOR (Terreo Cinexeticamente Ordenado) Corneira de Avia OU-10.202, conforme á lei 4/97.

CSV: REXISTRO-Le4XcMGzn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:09:34
Nº Rexistro: 41645
Data envio: 11/12/2018 17:09:34.368

Desde 2008, a superficie do bosque segregado foi en aumento a medida que o catastro ía inscribindo a nome da asociación as novas parcelas que se ían mercando, sempre coa consideración de Refuxio de Fauna. Esta estratexia de proceder foi innovadora en Galicia e outras asociacións seguiron o exemplo.

No último comunicado da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, expediente 12/2017, correspondente á segregación de algo máis de dez hectáreas, desaparece a consideración de Refuxio de Fauna, e **as novas parcelas segregadas pasan a ter a consideración de "zona de exclusión de caza" conforme á lei de caza 13/2013**; e agora os terreos segregados teñen que ser sinalizados pola propia asociación, segundo o regulamento dos terreos cinexéticos. Esta relaxación da protección foi propiciada pola presión dos cazadores sobre a Consellería de Medio Ambiente.

Na actualidade a asociación Ridimoas coida unha superficie forestal continua dunhas 400 hectáreas, xestionando tanto as parcelas propias como as colindantes. Todo o traballo realizado susténtase na achega da cota anual de máis de mil afiliados, doazóns privadas e en donativos por visitas ao bosque de colexios, familias e outros, podendo ver distintas especies da fauna silvestre no seu hábitat específico.

O domingo 28 de outubro, un numeroso grupo de cazadores, pertencentes ao TECOR Corneira de Avia OU-10.202, entraron neste espazo protexido propiedade da asociación, armados e con cans, mataron numerosas especies animais, introduciron os seus vehículos polo bosque e deixaron o monte cheo de cartuchos de balas, coa contaminación por chumbo que iso ocasiona, e impedindo realizar visitas ao bosque.

Os cazadores entraron en Ridimoas derribando os carteis que indicaban que se atopaban nunha zona de exclusión de caza e organizáronse para repartirse polo

CSV: REXISTRO-Le4XcMGzn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:09:34
Nº Rexistro: 41645
Data envio: 11/12/2018 17:09:34.368

espazo e vixiar, demostrando con todas estas condutas que sabían que alí non se podía cazar.

Ademais, tódolos días de caza, arredor deste bosque, os cazadores dan tiros polas zonas limítrofes, en viñedos, e ao lado das casas dos veciños de Beade, causando moito medo e inseguridade na veciñanza; tamén soltan e introducen aos cans no bosque Ridimoas para provocar que a fauna fuxa e abandone o espazo protexido e, en numerosas ocasións, eles mesmos realizan incursións dentro do bosque, obrigando a esta asociación a un sobre esforzo en vixilancia.

Estes feitos son moi graves, xa que Ridimoas é o único espazo forestal do Ribeiro onde sobreviven especies en perigo de extinción, e sen embargo, está totalmente ignorado pola Consellería de Medio Ambiente e a de Medio Rural, facendo cada vez máis difícil o labor da asociación.

Non podemos consentir que estas situacións se sigan dando en Galicia. A lei de caza debe volver a recoller a consideración de Refuxio de Fauna para as terras segregadas dos terreos cinexéticos e se lles facilite a sinalización oportuna por parte da Administración.

Ante os graves feitos acaecidos, debe responderse institucionalmente e dar apoio material e de vixilancia por parte da Xunta a Ridimoas, cumprindo coa obriga de velar pola riqueza natural de todas e todos os galegos e de que as zonas protexidas se respecten. Debe exercerse tamén un maior control sobre os TECORES e sancionalos ante episodios como o furtivismo.

Cremos que é necesaria unha aposta real pola conservación do patrimonio natural galego, polo que a Consellería de Medio Ambiente debe asumir a súa responsabilidade.

CSV: REXISTRO-Le4XcMGzn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 17:09:34
Nº Rexistro: 41645
Data envio: 11/12/2018 17:09:34.368

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por estes motivos, os deputados que subscriben presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai abrir a Xunta de Galicia unha investigación de oficio para averiguar o acontecido o domingo 28 de outubro no bosque de Ridimoas?

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/12/2018 17:07:22

Marcos Cal Ogando na data 11/12/2018 17:07:33

CSV: REXISTRO-Le4XcMGzn-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 16:40:29
Nº Rexistro: 41674
Data envío: 12/12/2018 16:40:29.049

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, acaba de cumprir 12 anos cunha bagaxe certamente pobre. Así, aos recortes orzamentarios e normativos do anterior Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijoo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custos ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.

A chegada ao Goberno de España do PSOE comezou a reverter en pouco tempo os retallos levados a cabo polo anterior executivo do PP, garantindo unha mellora do financiamento por parte do Estado, e a recuperación á cotización á Seguridade Social das persoas que coidan a algún familiar con dependencia.

Segundo datos recentes do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, en Galicia hai máis de 80.000 persoas que solicitaron as axudas da dependencia. Delas 66.000 teñen este dereito xa recoñecido, e unhas 55.000 están a recibir a prestación. Pero a comunidade autónoma galega ten segundo datos do IGE 240.000 maiores de 80 anos, e 232.000 persoas con discapacidade. O último informe do Ministerio de Sanidade, do pasado 28 de febreiro de 2018, sinala que en Galicia pediron unha prestación o 2,98 % dos galegos, unha das porcentaxes máis baixas de España, e as únicas autonomías con menor taxa son Baleares, Canarias e Valencia, onde a pirámide demográfica é moi distinta.

Recentemente coñeciamos o XVIII informe do observatorio da *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, que amosa unha vez máis datos preocupantes sobre a situación do sistema de dependencia e Galicia. Segundo se reflicte no propio informe a pesares de que Galicia incrementou o número de persoas atendidas

CSV: REXISTRO-OFMOT8IVG-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 16:40:29
Nº Rexistro: 41674
Data envio: 12/12/2018 16:40:29.049

nestes últimos anos, como consecuencia da aplicación progresiva desta lei, a atención centrouse en servizos de baixo custe (o servizo de atención a domicilio representa xa o 32 % do total das prestacións), en cambio nos servizos que maior esforzo orzamentario precisan, como a atención residencial, nin sequera logrou manter a taxa de reposición do ano anterior, pechando o exercicio con 78 prazas residenciais menos. Motivo polo cal o promedio do gasto público por dependente e por habitante atendido en Galicia sitúase moi por debaixo da media estatal.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto o Goberno galego ter ao 100 % do seu funcionamento as residencias de maiores anunciadas para as sete cidades galegas?

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/12/2018 16:37:48

Julio Torrado Quintela na data 12/12/2018 16:37:54

CSV: REXISTRO-OFMOT8IVG-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:58:08
Nº Rexistro: 41684
Data envio: 12/12/2018 17:58:08.250

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A couza da pataca continúa a estar presente nun número crecente de concellos de Galicia.

O mutismo da Consellería e máis da Comisión de Seguimento son feitos constatables que invitan a pensar ou nunha deixadez incomprensible ou na existencia de malas novas que non se queren asumir.

A ausencia do tema na prensa pública e esa falta de transparencia da Comisión de Seguimento non evitan a existencia da praga.

Por outro lado, nos concellos afectados, nada se sabe do tema estando próxima a campaña da semente da pataca de cedo, é máis, na maior parte dos concellos tapón sería agora, decembro, o mes en que se prepararía a terra para a sementeira.

Por todo isto formúlanse a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: REXISTRO-UNG2k5yiC-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:58:08
Nº Rexistro: 41684
Data envio: 12/12/2018 17:58:08.250

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a situación actual da praga da couza da pataca e que medidas se tomaron na última campaña e cales se pensan tomar de cara á campaña seguinte?

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/12/2018 17:57:38

María Montserrat Prado Cores na data 12/12/2018 17:57:42

Ana Pontón Mondelo na data 12/12/2018 17:57:44

Olalla Rodil Fernández na data 12/12/2018 17:57:45

CSV: REXISTRO-UNG2k5yiC-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2018 17:58:08
Nº Rexistro: 41684
Data envio: 12/12/2018 17:58:08.250

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 12/12/2018 17:57:47

Xosé Luis Bará Torres na data 12/12/2018 17:57:48

CSV: REXISTRO-UNG2k5yiC-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:05:16
Nº Rexistro: 41696
Data envio: 13/12/2018 11:05:16.750

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Galiza é un país cheo de pomares e de hortas con froiteiras. Case tódalas casas rurais contan con algunha árbore froiteira.

A nosa Terra é propicia para a produción froiteira. Son millóns as toneladas de mazás, peras, pexegos, limóns, cereixas, noces, figos ou castañas que se producen tódolos anos, e o número de variedades é inxente, contándose por centos en cada comarca.

Os mercados actuais están copados no seu labor alimentario polas grandes cadeas de distribución que moven produtos desde os máis recónditos lugares xeográficos do planeta.

Estes alimentos, que soportan un plus de combustibles fósiles pola súa lonxanía, son producidos a prezos irrisorios por poboacións que, as máis das veces, viven en condicións de explotación e de paupérrimas condicións alimentarias, sanitarias e de xustiza social, son postos a prezos cos que a meirande parte das veces os produtores locais non poden competir.

CSV: REXISTRO-p7rOJNEE9-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:05:16
Nº Rexistro: 41696
Data envio: 13/12/2018 11:05:16.750

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Compiten, si, en calidade, condicións hixiénicas e sanitarias e no control na utilización de fitosanitarios, almacenamento e sobre todo en calidade.

É tamén unha realidade a uniformización de sabores, o sacrificio da calidade e da orixinalidade destes produtos alimenticios en aras da cantidade e do baixo custo.

É tamén unha realidade o abandono da fruticultura como actividade agraria neste noso País que pola contra conta cunha vasta variedade de microclimas e solos propicios para o desenvolvemento desta actividade como xeradora de economía e con posibilidades de asentamento de poboación chamando por brazos mozos.

Ao igual ca acontece con outros sectores. Temos bo clima, boa terra, xente cualificada, unha amplísima variedade, e unha excelente calidade, pero non temos sector frutícola na Galiza.

É practicamente imposible mercar unha mazá galega nun supermercado, e vémonos na obriga de consumilas de Lleida, de Francia, dos Alpes italianos ou de Chile. Namentres as nosas mazás apodrecen no chan sen que ninguén as recolla.

Se queremos que o medio rural se recupere e diversifique é imprescindible que a produción froiteira recupere azos e sexa elemento central na economía agraria.

Xa hai iniciativas e entidades no País que queren tirar proveito destes recursos. Pero, coma noutros casos, atopan moitos atrancos e pouco apoio.

Unha das grandes eivas do sector é a comercialización. Imos tendo produción, pero esta non chega ao mercado.

CSV: REXISTRO-p7rOJNEE9-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:05:16
Nº Rexistro: 41696
Data envio: 13/12/2018 11:05:16.750

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As medidas de apoio poderían ser moitas e variadas, pasando pola investigación e a mellora xenética, a formación, a promoción do cooperativismo, as subvencións ás plantacións ..., que precisan de financiamento e de tempo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opinión lle merecen ó goberno galego as iniciativas e asociacións de apoio ó cultivo das froitas autóctonas, a presenza destes produtos nos mercados de proximidade e a elaboración dun plan de medidas encamiñadas a implementar e apoiar decididamente a recuperación de variedades de froita autóctona, nomeadamente mazás, coma alternativa de cultivo e de actividade económica no medio rural?

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Luis Bará Torres
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-p7rOJNEE9-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 11:05:16
Nº Rexistro: 41696
Data envio: 13/12/2018 11:05:16.750

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/12/2018 11:03:26

María Montserrat Prado Cores na data 13/12/2018 11:03:31

Ana Pontón Mondelo na data 13/12/2018 11:03:32

Olalla Rodil Fernández na data 13/12/2018 11:03:34

Noa Presas Bergantiños na data 13/12/2018 11:03:35

Xosé Luis Bará Torres na data 13/12/2018 11:03:36

CSV: REXISTRO-p7rOJNEE9-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:41:06
Nº Rexistro: 41708
Data envio: 13/12/2018 13:41:06.215

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e **Paula Quinteiro Araujo,** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Dende o ano 2012, a relación de postos de traballo (RPT) da Consellería do Medio Rural, recolle unha serie de prazas cunha temporalidade na prestación de servizos de ata tres meses, prazas adscritas ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

As citadas prazas de nova creación foron recollidas no DOGA nº 130, do luns 9 de xullo de 2012, onde se recolle que segundo a Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais, atribúe ao órgano competente en materia forestal o deseño do operativo de extinción de incendios forestais a través do plan de defensa contra incendios forestais (PLADIGA).

A Xunta de Galicia argumentaba polo ano 2012 que a citada modificación da RPT de Medio Rural tiña por finalidade dimensionar a estrutura orgánica do persoal e adecuala ás necesidades do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais en época estival que, de forma permanente, é declarada como época de alto risco, dando apoio nas tarefas de extinción de incendios forestais.

Nesta modificación da RPT aprobouse a creación de 436 prazas, cunha prestación de servizos de ata tres meses para persoal do SPDCIF, de cara ao reforzo de alto risco de incendios, tal e como relata no DOGA anteriormente exposto.

A normativa pola que se rexen as relacións xurídico-laborais entre a Xunta de Galicia e o persoal que presta os seus servizos baixo a súa dependencia, entre

CSV: REXISTRO-onvTQ6M6I-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:41:06
Nº Rexistro: 41708
Data envio: 13/12/2018 13:41:06.215

eles o persoal laboral do SPDCIF, recolle unicamente períodos de actividade laboral de doce e nove meses.

Nos 436 contratos de traballo que os traballadores e traballadoras asinan coa Xunta de Galicia-Consellería de Medio Rural, na cláusula primeira vincula ao traballador co SPDCIF. Nas cláusulas terceira e cuarta tamén existe vinculación do traballador co propio V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, como tamén na cláusula adicional décimo terceira.

Dentro dun plano máis técnico, no que a incendios forestais se refire, atopámonos nos últimos anos con novos tipos de lumes de elevados riscos, tanto para bens materiais como perigoso para as vidas humanas, tal e como son os lumes de interface, con ameaza para persoas e bens, así como os lumes de quinta xeración, que superan a capacidade e extinción producindo simultaneidade de lumes de interface.

No que á parte económica se refire, tal e como recolle a propia memoria de xustificación funcional e económica da Consellería do Medio Rural, elaborada para a modificación da RPT da consellería de cara á creación dos postos de reforzo no verán do SPDCIF, o incremento de gasto anual para poder contratar durante nove meses ós traballadores e traballadoras é de 6.685.352€, un gasto, que debe considerarse asumíbel.

Diante do argumento da falta de fondos para ampliar a contratación, podemos demostrar como a Xunta de Galicia tenta ampliar a data de hoxe as contratación en temo e número de brigadas helitransportadas por un montante superior ás cifras que vimos de expoñer, aumentando o tempo de traballo só ás brigadas helitransportadas privadas para facer prevención mentres manda o persoal do SPDCIF fixo descontinuo ao paro.

CSV: REXISTRO-onwTQ6M6I-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:41:06
Nº Rexistro: 41708
Data envio: 13/12/2018 13:41:06.215

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A precariedade laboral á que están sometidos os traballadores e traballadoras contratados, cos tempos e modalidades existentes neste momento, aumenta co simple paso do tempo. É escandaloso que a propia Administración pública fomente estes contratos, non garantindo o básico para poder manter unhas condicións de vida digna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas ten levado a cabo a Xunta de Galicia ata o día de hoxe para proceder á modificación da actual Relación de Postos de Traballo da Consellería de Medio Rural, no senso de que a duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) se incremente sobre os 3 meses actuais, sendo equiparados cos traballadores e traballadoras, persoal laboral fixo descontinuo, ampliando a súa relación contractual a un total de nove meses?

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araujo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/12/2018 13:34:47

CSV: REXISTRO-onvTQ6M6I-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2018 13:41:06
Nº Rexistro: 41708
Data envio: 13/12/2018 13:41:06.215

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Antón Sánchez García na data 13/12/2018 13:34:56

Paula Quinteiro Araújo na data 13/12/2018 13:35:04

CSV: REXISTRO-onwTQ6M6I-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727